



SEGREDOS

Fallas no sistema público de saúde mental.
Un achegamento crítico cualitativo

Paula Tomé Espiñeira

Realidade trans infanto-xuvenil. Coñecer para acompañar
Cristina Palacios Castro

Dó xestacional e perinatal, unha realidade silenciada
Eirene García Caro

Conspiración (ou pacto) do silencio en psicooncoloxía:
Un segredo a voces?

Rocío Basanta Matos

O segredo necesario: función do segredo na adolescencia
Marta González Rodríguez

A importancia da confidencialidade en psicoloxía aplicada
José Luis Rodríguez-Arias Palomo

FERRAMENTAS

Elementos dunha intervención narrativa no trauma relacional
F. Javier Aznar Alarcón / Nuria Varela Feal

ANUARIO ABERTO

• CASO CLÍNICO:

De vítima a sobrevivente. Un caso de intervención en
violencia de xénero

Inmaculada Sangiao Novio / Cristina González Freire

• TRABALLOS PREMIADOS NAS XXIII XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG:

- O estrés psicosocial e a súa influencia na sintomatoloxía
ansioso - depresiva en pacientes atendidos nunha unidade
de saúde mental.

Carlos Álvarez García / Cristina González Freire

- Unha experiencia práctica: terapia de grupo de
adolescentes, unha intervención integradora

*Paula Marcos Carregal / Esther López Morcillo /
Emma López Cerdido / Eduardo Martínez Lamosa*





SEGREDOS

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo seu autor/a, coa posterior tradución e revisión do COPG.

Nº12 Revista Oficial da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

Consello Editorial

José Eduardo Rodríguez Otero, Presidente
Alicia Carballal Fernández, Vicepresidenta
Carlos José Losada López, Secretario
Mercedes Fernández Cabana, Tesoureira
María Blanco Suárez, Vogal
Alba Fernández Revaldería, Vogal
Eduardo Martínez Lamosa, Vogal
Almudena Campos González, Vogal

Consello de Redacción

M^a Gabriela Domínguez Martínez
(Directora)
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN
PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. USMC VALTERRA I- ÁREA DE
SAÚDE DE LANZAROTE. SERVIZO CANARIO DE SAÚDE

Ricardo Vázquez Gómez
PSICÓLOGO CLÍNICO. PRÁCTICA PRIVADA VIGO E
PONTEVEDRA

Isabel Figueroa Matallín
PSICÓLOGA CLÍNICA

Almudena Campos González
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN OURENSE

Laura Montero Castro
PSICÓLOGA CLÍNICA. HOSPITAL DE DÍA DE SAÚDE
MENTAL. EOXI PONTEVEDRA-O SALNÉS

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN VIGO E
PONTEVEDRA

anuario@copgalicia.gal

Edita

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Españeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534049 Fax: 981 534983
www.copgalicia.es copgalicia@copgalicia.gal

Deseño e maquetación

ekinocio comunicación

Imaxe de portada

@tinafleur - Unsplash

ISSN: 2444-6653.

Novembro, 2019

Depósito Legal: C 1615-2019

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados. As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello Editorial.

<https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

VERSIÓN EN GALEGO

- 7 Presentación
 - 9 Fallas no sistema público de saúde mental.
Un achegamento crítico cualitativo
PAULA TOMÉ ESPIÑEIRA
 - 21 Realidade trans infanto-xuvenil. Coñecer para acompañar
CRISTINA PALACIOS CASTRO
 - 33 Dó xestacional e perinatal, unha realidade silenciada
EIRENE GARCÍA CARO
 - 45 Conspiración (ou pacto) do silencio en psicooncoloxía: Un
segredo a voces?
ROCÍO BASANTA MATOS
 - 57 O segredo necesario: función do segredo na adolescencia
MARTA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
 - 67 A importancia da confidencialidade en psicoloxía aplicada
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ-ARIAS PALOMO
-
- FERRAMENTAS**
- 80 Elementos dunha intervención narrativa no trauma relacional
F. JAVIER AZNAR ALARCÓN / NURIA VARELA FEAL

ANUARIO ABERTO

- **CASO CLÍNICO:**
 - 91 De vítima a sobrevivente. Un caso de intervención en
violencia de xénero
INMACULADA SANGIAO NOVIO / CRISTINA GONZÁLEZ FREIRE
 - **TRABALLOS PREMIADOS NAS XXIII XORNADAS DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG:**
 - COMUNICACIÓN ORAL:**
 - 95 O estrés psicosocial e a súa influencia na sintomatoloxía
ansioso - depresiva en pacientes atendidos nunha unidade
de saúde mental.
CARLOS ÁLVAREZ GARCÍA / CRISTINA GONZÁLEZ FREIRE
 - COMUNICACIÓN ESCRITA-PÓSTER:**
 - 98 Unha experiencia práctica: terapia de grupo de adolescentes,
unha intervención integradora
PAULA MARCOS CARREGAL / ESTHER LÓPEZ MORCILLO /
EMMA LÓPEZ CERDIDO/ EDUARDO MARTÍNEZ LAMOSA
-
- 102 **NORMAS DE PUBLICACIÓN**

**A VERSIÓN
EN ESPAÑOL
COMEZA NA
PÁXINA 103**



M^a Gabriela Domínguez MartínezPSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN
PONTEVEDRA✉ gabriela.dominguezmartinez@gmail.com*“Que como gardei este segredo durante
tanto tempo?...Boa pregunta”**(Conto ¿Puedo contarte un secreto?)*

Este ano o título do anuario, “Segredos”, foi elixido ó final da reunión do equipo, xusto despois de decidir os temas sobre os que escribir. O caso foi que cando cada un de nós expresamos as ideas pensadas para o anuario deste ano, démonos conta de que todas tiñan algo en común, a idea de falar daquelo do que non se soe falar, de darlle voz (letra) a temas que non sempre a teñen, ben porque non se pode falar de certas cousas, ben porque non é correcto, porque é incómodo ou porque resulta doloroso. Pero os segredos non sempre teñen que ser descubertos, e tamén é importante ter en conta o positivo do segredo non revelado. Xurdiron moitas ideas nas reunións (tan enriquecedoras) e non foi sinxelo escoller e rexeitar temas, ben polo número de propostas, ben polo enfoque nas mesmas, para dar forma finalmente a este monográfico; pero esta é a nosa proposta, que esperamos que vos resulte interesante e que invite a reflexionar.

O primeiro artigo ven da man de Paula Tomé, que en calidade de activista en primeira persoa polos dereitos das persoas con diagnósticos psiquiátricos, da voz ós aspectos máis negativos da asistencia á saúde mental en Galicia a través das respostas obtidas por persoas usuarias e profesionais a un cuestionario elaborado por ela. O obxectivo da autora é facer reflexión dende a crítica e autocrítica, sen negar ou minimizar as boas prácticas asistenciais.

O segundo artigo versa sobre un tema non sempre ben coñecido ou comprendido como é a transexualidade, neste caso a infante xuvenil. A proposta de Cristina Palacios, presidenta de Arelas (Asociación de familias de menores trans de Galicia) é a de achegar a realidade que viven as familias e os menores trans tanto no seu día a día (co positivo e o negativo) como no proceso de acompañamento profesional, ofrecendo propostas interesantes a considerar polos profesionais.

E seguimos na liña de revelar segredos, neste caso a través dun artigo que fala dun tema doloroso e silenciado (por sorte do que cada vez se fala máis): o dó xestacional e perinatal. Eirene García, en calidade de testemuña en primeira persoa e como profesional, aborda este tema compartindo relatos de familias, e facendo propostas asistenciais sobre as que reflexionar.

No seguinte artigo, Rocío Basanta, psicóloga clínica de interconsulta e enlace, expón as súas reflexións sobre a enfermidade, a morte e a comunicación entre familias e profesionais ante estas situacións, facendo fincapé na conspiración ou pacto de silencio a través dun percorrido histórico sobre o tema, a súa propia experiencia profesional e a abordaxe terapéutica da mesma.

Pero manter segredos e non revelar certas cousas é moitas veces positivo. Nunha sociedade na que todo se expón, a seguinte proposta versa sobre o beneficio dos segredos e o mantemento da privacidade ante os demais. Nesta liña, Marta González, psicóloga clínica nun centro terapéutico de menores, fala da función significativa do segredo no proceso de individuación e de autonomía emocional na adolescencia.

Seguindo na liña de manter (ou non) segredos, José Luis Rodríguez-Arias, psicólogo clínico con experiencia en ética e deontoloxía profesional, aborda no seguinte artigo o tema da confidencialidade no exercicio profesional da psicoloxía a través de tres supostos frecuentes na práctica clínica, un tema no que non existe unha solución definitiva pero no que se nos invita a reflexionar para atopar alternativas ante os dilemas éticos cos que nos podemos atopar.

F. Javier Aznar, psicólogo clínico e Nuria Varela, ambos con experiencia no traballo con menores en situación de risco, son os encargados de finalizar o monográfico co apartado de Ferramentas. Neste artigo, abórdase a proposta de intervención narrativa no trauma relacional, enumerando, expoñendo e exemplificando os elementos da intervención a través dun caso clínico.

O anuario aberto contén a proposta achegada por Inmaculada Sangiao e Cristina González. Trátase dun caso clínico de intervención en violencia de xénero.

E, para rematar, inclúense os traballos premiados nas XXIII Xornadas de Psicoloxía e Saúde: “Unha experiencia práctica: terapia de grupo con adolescentes, unha intervención integradora” (comunicación escrita-póster) e “O estrés psicosocial e a súa influencia na sintomatoloxía ansioso-depresiva en pacientes atendidos nunha Unidade de Saúde Mental” (comunicación oral)

Novamente agradecer e darlle os parabéns ós meus compañeiros de equipo pola súa implicación, traballo e compromiso. Así como aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron; e ós compañeiros de COPG.

Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

M^a Gabriela Domínguez Martínez
DIRECTORA DO CONSELLO DE REDACCIÓN

FALLAS NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE MENTAL. UN ACHEGAMENTO CRÍTICO CUALITATIVO

Paula Tomé Espiñeira

ACTIVISTA EN PRIMEIRA PERSOA POLOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DIAGNÓSTICOS PSIQUIÁTRICOS

✉ jazzbolitas@gmail.com

RESUMO: Preséntase un pequeno estudo cualitativo das fallas do sistema público de saúde mental. Falan as súas protagonistas, testemuñas directas do día a día, ben como usuarias, ben como profesionais. Abórdanse asuntos como o trato, a vulneración de dereitos e as sensibilidades, as carencias asistenciais, o bioloxicismo, a burocratización, a privación de liberdade e outras prácticas institucionais que agravan o sufrimento psíquico. Problematízase a medicación ou sobremedicación, os espazos, os tempos, as condicións reais do desenvolvemento da asistencia. A información parte de dous cuestionarios de deseño libre, que inclúen propostas de mellora. Sirva como punto de partida para unha mellora da calidade (humana e profesional) que queremos ver nuns servizos que só teñen sentido se poñemos no centro os coidados e as necesidades das persoas.

PALABRAS CLAVE: usuarias servizos saúde mental, dereitos, vulnerabilidade.

ABSTRACT: A small qualitative study of the shortcomings of the public mental health system is presented. Speakits protagonists, direct witnesses of the day to day, either as users, or as professionals. Issues such as treatment, violation of rights and sensitivities, carelessness, biologism, bureaucratization, deprivation of liberty and other institutional practices that aggravate psychic suffering are addressed. It problematizes the medication or over-medication, the spaces, the times, the real conditions of the assistance development. The information is based on two free design questionnaires that include proposals for improvement. Serve as a starting point for an improvement of the quality (human and professional) that we want to see in services that only make sense if we put in the center the care and needs of professionals.

KEY WORDS: users mental health services, rights, vulnerability.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Cuestionario dirixido ás persoas usuarias.
- 3 Cuestionario dirixido ás persoas profesionais.
- 4 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- BARTON, L. (comp.) (2008). *Superar las barreras de la discapacidad*, Madrid: Morata.
- CIPRIANO, P. (2017). *El manicomio químico*. Madrid. Enclave de libros.
- ERRO, J. (2016). *Saldremos de esta. Guía de Salud Mental para el entorno de la persona en crisis*. Madrid. Biblioteca Social Hermanos Quero.
- GONZÁLEZ, R. (2014). "Trastorno límite de personalidad y violencia de género", *Mujeres y salud*, v. 36, p. 43-44.
- LEWONTIN, R.C. (2000). *A doutrina do ADN. A bioloxía como ideoloxía*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- LEJARRAGA, A. (2004). "La construcción social de la enfermedad", *Archivo Argentino de Pediatría*, v. 102, Buenos Aires, jul/ago. 2004, p. 271-276.
- NICKI, A. (2001). "The Abused Mind: Feminist Theory, Psychiatric Disability, and Trauma", *Hypatia*, vol. 16, no. 4 (Fall 2001).
- MILLET, K. (2019). *Viaje al manicomio*. Barcelona, Seix Barral.
- MONCRIEFF, J. (2013). *Hablando claro*. Barcelona, Herder.
- READ, J. MOSHER L.R. e BENTALL (2004). *Modelos de locura*, Barcelona, Herder.

REFERENCIAS LEXISLACIÓN:

Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, (2006, 13 de Diciembre), Organización Naciones Unidas, New York.

REFERENCIAS WEB:

Primera vocal: <https://primeravocal.org/>

1 | Introducción

Estimadas lectoras e lectores:

Escollo á conciencia darlle a este escrito formato epistolar, por parecerme un xeito próximo de presentar publicamente o proceso e os resultados do traballo que comeza con estas liñas. Esta carta está dirixida ás persoas que me van ler no Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. O obxectivo deste artigo é sacar á luz información cualitativa sobre os aspectos máis negativos da asistencia á saúde mental na Galiza, no sistema público. Para compilar e estruturar dita información, o primeiro que me propuxen foi redactar un pequeno cuestionario para axudar a organizar as ideas das persoas que xenerosamente me quixeron facer chegar as súas experiencias e opinións sobre o tema proposto. Así, divido o cuestionario en dous: un dirixido a persoas usuarias, e outro dirixido a persoas profesionais. Os agradecementos ás persoas participantes nunca serán suficientes.

O deseño dos cuestionarios parte de lecturas inspiradoras (que se atopan recollidas na bibliografía) pero tamén, e sobre todo, de reflexións persoais, charlas, conversas e da miña propia experiencia como usuaria dos servizos de saúde mental e como activista polos dereitos das persoas con diagnósticos psiquiátricos.

Antes de continuar, quereda aclarar unha cuestión: o feito de que aquí se compilen relatos dos aspectos negativos non nega o feito de que existan tamén acertos e boas prácticas. Con todo, esas boas prácticas non serán obxecto deste artigo. Penso que partir dunha crítica e autocritica honesta é necesario para sinalar a queixa, a reivindicación, o inaceptable en termos de vulneración de dereitos e sensibilidades. Só a partir de aí poderíamos xa dar espazo ao que si se está a facer ben, non descartando tampouco que a reflexión xerada por esta crítica inicial puidese servir, ela mesma, para avanzar na dirección necesaria das boas prácticas e cambios que queremos ver no sistema público de saúde mental.

En relación aos relatos dos que se dará conta neste artigo, gardarase o anonimato das persoas participantes, indicando soamente nalgúns casos o tipo de centro (todos urbanos, distinguindo entre urxencias e unidades de agudos), ocasionalmente o diagnóstico (só se a persoa o quere facilitar) e no caso dos relatos de traballadoras/es a categoría profesional (enfermeira, psicóloga/o, psiquiatra, etc.). En total foron dez os relatos de persoas usuarias e seis pola parte profesional.

A partir destes cuestionarios, a miña proposta de redacción consistirá en recoller os resultados e organizar as respostas, evitando redundancias, coa intención de presentar unha panorámica dos aspectos máis negativos do sistema público de atención á saúde mental na Galiza. Tendo en conta que aínda que metodoloxicamente non reúne os requisitos dunha investigación científica, si quereda chamar a atención sobre a necesidade ou o interese que puidese derivarse da realización de estudos máis amplos e con maior calidade metodolóxica que poidan afondar na reflexión crítica destas cuestións por parte de persoas usuarias e profesionais dos servizos de saúde mental da Galiza.

A parte de texto que figura en letra cursiva son citas textuais das persoas participantes. Moitas grazas de antemán a todas elas, sei por experiencia da dificultade de expresar experiencias difíciles, moitas veces traumáticas, que sucederon no momento que máis axuda se precisaba. Este artigo vai dedicado a todas e cada unha delas.

©sharonmaccutcheon

2 Cuestionario dirixido ás persoas usuarias:

1- Nalgún momento/s, do teu paso polos servizos de saúde mental, sentiches que non se estaba tendo en conta a túa vontade á hora de elixir tratamento?

En xeral, as usuarias quíxanse dos efectos secundarios do tratamento (*expúxenlle que a medicación me tiña totalmente anulada e con moito malestar (e non só polos efectos secundarios como o proído e a inqueda que este tamén me producía, as caídas e golpes constantes ao tropezare con todo na mínima actividade que na limitación da miña autonomía -pola medicación- me podía permitir); a miña psiquiatra cuestionou a gravidade da miña depresión cando lle dixen que deixara o Escitalopram porque me deixaba sen vida sexual*). Dóense tamén da falta de información sobre o tipo de substancias administradas (*nos meus once ingresos endexamais se me explicou que substancias se me estaban administrando*), ou das respostas airadas dos profesionais ante as queixas (*este díxome que sen problema, que anulabamos o tratamento e que me daba a alta que “a ver cuántas horas tardas en arrastrarte hasta esta puerta pidiéndomelas”; ou cando tentei falar sobre medicacións e ao suxerirille algunha díxome con anoxo e desafiante “isto que é, un supermercado?”*). Un usuario relata tamén a imposibilidade destas queixas: *o que estaba alí facendo prácticas encerellouse nunha discusión comigo dicindo que eu tiña que tomar o que me dese a doutora “sen cuestionalo”, e só dúas persoas afirman que as tiveron en conta (sentínme ben, unha vez atopado o tratamento adecuado)*.

2- Nalgún momento/s do teu paso polos servizos de saúde mental, sentiches que non se estaba tendo en conta a túa versión sobre os motivos polos que tiñas sufrimento psíquico? Sentiches que o tempo que se che adiou era insuficiente, tanto na duración das sesións como na cantidade das mesmas?

Unha usuaria, que acode a consulta por un tema de acoso moral no traballo, ilustra esta sensación de que non fose tida en conta a súa versión con frases textuais que escoitou por parte dxs profesionais: *“todos percibimos as cousas un pouco como non son... tendemos a confundirnos... a exaxerar... un tamén ten que saber que é o que está facendo mal para que isto lle ocorra... que por moito que non comungues, no traballo hai que aceptar as inxustizas de quen che manda, e o mellor sempre é calar e obedecer para non rematar tendo estes problemas”; “vostede non ten nada, o que ten é capricho e moita rabia” etc.* Quíxase esta mesma usuaria do *ton máis coloquial e gaioleiro, cando querían a túa aceptación, e no peor dos tons – elevando a voz, rindo, caras de desprezo, autoritarismo, ameaza – cando non lles dabas o beneplácito de tanta sabedoría de oráculo*. Relata do mesmo xeito como empeorou a situación a partir da pericial forense: *“bueno, parece que a situación no traballo non vai facilitar a túa reincorporación cando mellores... é moi difícil que xudicializando todo arranxes nada... cando volvas vai ser peor... é mellor*

que abandones ese traballo e procures traballo noutro lugar... non querendo considerar deixar ese traballo estás dando claras evidencias dunha grande actitude belixerante pola túa parte, e igual iso foi o que te trouxo ata aquí... se non deixas ese traballo eu vou indicar á inspección que te reincorporen canto antes”; “se non é entón o que eu digo, será unha maneira de querer enganarnos para conseguir unha xubilación”. Por último, quíxase do pouco rigor profesional (esta usuaria en concreto é ademais psicóloga), deste xeito: *entrar a enfermeira constantemente requirindo a atención da profesional, constantes interrupcións nas consultas para atender chamadas, saír do despacho sen a menor explicación deixándote á espera, entrar con persoas alleas para tratarlles algún trámite mentres permanecías á espera e te vías exposta a que nin che presentasen nin che pedisen consentimento de entrar na cita concertada para ti, terte máis dunha hora á espera cando as citas eran concertadas pasando por diante de ti e non facendo xamais referencia a que estiveras esperando, nin durante nin despois*.

Outra usuaria expón que *nas miñas incursións nos servizos de urxencia nunca se me escoitou sobre o meu sufrimento psíquico, simplemente se me proporcionaba un diagnóstico tempo despois, nas altas*.

Os tipos de queixas refírense tamén a tratar as dificultades que ocasiona o sufrimento psíquico como unha mera cuestión de falla de vontade (*a miña psiquiatra tratou o meu problema co TOC no tema de non ser capaz de saír de casa coma un capricho meu, dicindo que “iso é tomar a decisión e saír”, cando precisamente eu teño un problema de dúbida obsesiva que me impide tomar decisións*), e unha usuaria atribúe a falta de credibilidade a que se *ca-dra porque estaba máis consciente que outros enfermos. Cheguei a ingresar voluntariamente e mandáronme para casa ao par de días*.

En relación ao tempo, unha usuaria afirma que *o tempo sempre é insuficiente e centrado en medicamentos, nada máis. A frecuencia das citas é ridícula. Que un paciente non poida ver a súa psiquiatra en 6 meses e non poida cambiar a medicación se lle vai mal a que lle deu é aberrante. Isto leva a que deixes a medicación e non a substitúas por outra*.

3- Sentiches nalgún momento/s que o clima ou trato das intervencións/consultas non eran adecuados ás túas necesidades?

Coa excepción de dúas usuarias, todas as demais refíren esta sensación de inadecuación, por diferentes motivos. Un deles é o propio ambiente hospitalario (*hai moita xente, persoal, acompañantes e doentes nos corredores, de pé, en camas, sentados etc. O nivel de ruído e de movemento é estresante; non é un lugar idóneo e moito menos para unha persoa cun perfil como o meu nese momento; cando vou a pasar a unha sala de observación ata que me asignen cama, irrompen de forma violenta unha enfermeira cun home berrando que*

directamente ameaza á psiquiatra de que non vai tomar o tratamento porque o que queren é adormecelo para poder trasladalo ao Hospital Psiquiátrico). Dentro deste ambiente, unha usuaria menciona que pasou a noite nun corredor.

Outra das usuarias, que ingresa voluntariamente por ideacións suicidas, sinala, que *EN NINGÚN MOMENTO, REVISARON AS MIÑAS PERTENZAS para valorar a necesidade de quitarme aqueles obxectos persoais que eran potencialmente perigosos*” (maiúsculas no orixinal). Esta mesma usuaria, de feito, menciona que unha persoa, cun cadro similar ao seu, suicidárase en Urxencias do mesmo hospital urbano (esta información foille facilitada pola súa psiquiatra). Móstrase reiteradamente preocupada por este feito de non ser suficientemente supervisada perante as ideas suicidas (*pola mañá, almorzo, dúchome soa, só teño que avisalas cando queira ir ó baño pero alí dentro non teño SUPERVISIÓN; levaba unhas zapatillas de deportes e ninguén lle quitou os cordóns etc.*). Esta mesma usuaria queixase tamén da falta de coordinación entre servizos públicos e privados, cos que ela tiña seguro, que motivou un retraso considerable, de varias horas, e incluso días, na adxudicación de medicación e de traslado desde a planta de urxencias (*botaba o día soa, rodeada de xente e barullo, pero soa e desatendida. Pasan as horas, chega a hora da cea, eu choro e estou desesperada, aquilo tiña todas as trazas de que tería que pasar outra noite alí*). En relación á medicación, comenta o feito preocupante de que finalmente trouxéronlla os seus familiares, chegando a tela da súa man, co risco que iso entrañaba, de novo, para as súas ideas suicidas.

Outra usuaria queixase da mala calidade da comunicación: *Toda resposta requiríancha con celeridade, non había tempo para elaborar a resposta, se tardabas increpábanche ou pasaban á seguinte (amosaban impaciencia, miraban o reloxo, comezaban a facer outra cousa), se a resposta se estendía cortábancha, en case todas as citas che recordaban que non había tempo, pero facíanlo como se fose unha desconsideración pola túa parte por non ir como o gando a recibir o penso sen saír nin un milímetro do cubil onde cho botan; constituía todo unha práctica de todos os xeitos que eu coñezo de impedir a comunicación real. Non é a única, a seguinte cita, na mesma liña, corresponde a outro usuario: Tonos superbordes e despectivos, presenza de persoas facendo prácticas sen me preguntar se me topaba cómodo con elas aí, actitude desafiante (e infantil), tratar os meus problemas como un problema de actitude, malas reaccións cando lle fago ver que se trabuca nalgo...*

Dan conta tamén da inutilidade, para elas, dalgunhas terapias ou ocupacións durante os ingresos: *pretendíase facer unha terapia de grupo que resultaba ridícula, nalguns só se nos preguntaba que tal estabamos e tiñamos que responder “ben”. Noutras terapias de grupo recortabamos unha noticia do xornal e comentabámolos. O clima das urxencias era de desamparo.*

Só dúas das dez usuarias responden negativamente esta segunda cuestión.

4- Sentiches que as citas ou revisións respondían máis a un trámite burocrático que a un tratamento personalizado e ben programado?

Cinco usuarias responden afirmativamente a esta pregunta, se ben non achen máis relato. Unha delas pon como excepción o hospital de día, e unha sexta usuaria relata que *as consultas eran en todo momento personalizadas, non sentín que responderan a un trámite burocrático.*

Outra das usuarias (anteriormente mencionada, que ingresara con ideación suicida) remíteme un relato extenso e pormenorizado das consecuencias, moi negativas para ela, dos atrancos burocráticos que se deron no seu caso concreto, debido á falta de coordinación entre seguro privado e servizo público de saúde. Entre estas consecuencias negativas inclúense a cantidade de horas de espera nun ambiente que non lle fai ben, o paso por diferentes consultas e despachos (coa conseguinte variedade de profesionais cos que ten que falar), a falta de resposta cando pregunta se se sabe algo, e a indignación cando lle din que no seguro privado non teñen constancia da orde de traslado nin de ingreso (*estou indignada, alí, no medio de toda aquela xente, perdendo de ter a asistencia e os cuidados que preciso*). Finalmente asumen (e explícanlle) que se tratara dun erro, consecuencia do cal estivo tres días en urxencias ata que se resolveu o traslado, nos que a súa angustia ía crescendo, engadindo o feito de que a medicación tamén se fixo esperar, debido ao mesmo erro burocrático. Relata esta usuaria que *as enfermeiras baixan a cabeza, son conscientes do mal que se estaba xestionando todo aquilo e sen ningún tipo de empatía, dinme que me deite. Unha delas asinte cando eu digo en voz alta que é unha vergoña que nos teñan así.*

En relación á burocratización, outra usuaria di textualmente: *Nin vías nin che explicaban a temporalidade das citas, non había directrices terapéuticas. Case sempre que tiñas unha cita nomeaban a Inspección e a baixa; polo que finalmente entendes que o único ao que vas é a control/fichar (facíanche as mesmas preguntas de sempre, daba igual o que contestases, sempre que te querías saír do que che preguntaban para chegar o que che preocupaba recorrían á falta de tempo e a que igual na seguinte consulta se falaba diso).*

5- No caso de escoitar voces ou ter pensamentos delirantes ou intrusivos, sentiches que non se estaba atendendo á orixe, ao contido e/ou ao significado das mesmas?

Só dúas usuarias relatan escoitar voces. Unha delas explica que as escoitou en casos de obsesión ou paranoia, e outra que *no meu caso cando oín voces non se lle prestou demasiada atención á súa orixe ou ao seu contido*. Outra usuaria refire que *o feito de dicir que o que me pasaba era unha enfermidade dos neurotransmisores insultaba a miña intelixencia, eu sabía que había desencadeantes biográficos, pero nunca se falou deles.*

“En agudos sentíame só e bastante mal, mirábame ó espello continuamente. Agora sei que a monstruosidade está aí e asúmoa”.

6- Nalgún momento/s te sentiches coaccionada para ingresar no hospital ou tomar unha determinada medicación en lugar de outra? (Por exemplo tomar a medicación inxectable en lugar da medicación oral)

Unha usuaria quíxase de que no seu ingreso *pretendían sen consensuar comigo derivar de cara á miña familia certas competencias*, outra relata que lle cambiaron a unha medicación *que non existen en xenérico, obrigándome a comprar de marca pagando máis*, e outra que *non, porque directamente non me explican para que é cada medicación*.

A resposta máis contundente, en relación á sensación de coacción, vén doutro usuario: *desde que os internamentos non eran voluntarios podo dicir que si, que me sentín coaccionado, e a medicación había que tomala, senón tiña a consecuencia dun castigo como atarte á cama*. Outra usuaria refire que foi *reducida entre catro persoas, como se fose parte do mobiliario, para conseguir un traslado de hospital ao que me opoñía, por auténtico pánico motivado polo argumento da psicose*.

Só dúas usuarias responden negativamente, unha das cales explica: *en absoluto, de feito fun eu quen pedín o ingreso voluntario*.

7- Nalgún momento/s te sentiches máis xulgada que verdadeiramente acompañada?

Só un usuario responde negativamente a esta cuestión. Porén, si se xulga a si mesmo, coas seguintes palabras: *Non, pero por exemplo en agudos sentíame só e bastante mal, mirábame ao espello continuamente. Agora sei que a monstruosidade está aí e asúmoa*. Non podo evitar reflexionar, a partir desta testemuña íntima e sobrecolledora, sobre o sufrimento que implica interiorizar o estigma social sobre as persoas con diagnósticos psiquiátricos.

Outras usuarias relatan sentirse xulgadas pola psiquiatra (*sempre*), polo psicólogo (*que ademais recorreu ao meu diagnóstico/estigma de paranoico para se zafar dunha cuestión que non tiña por que ser necesariamente nada relacionado coa paranoia. Non me parece nada profesional reforzar o estigma do paciente para quitar do medio un problema*), ou polas enfermeiras (*no cambio de quendas de traballo, as enfermeiras infórmanse unhas as outras da situación de cada unha de nós. Cando falaban de min, facíano en voz baixa, o cal me fixo sentir coma unha “tola”*). Unha usuaria refire como a sensación de sentirse xulgada é xeral, dicindo textualmente: *En moitísimas máis das que pensei que se podía ser xulgada nun transo semellante. Case que o acompañamento maior e máis normalizado era paradoxalmente o recibido polo persoal administrativo que che tramitaba as citas de saúde mental*.

En resposta á pregunta polo acompañamento, unha usuaria menciona que, ademais de non sentirse para nada acompañada, *se te acercabas ao control das enfermeiras rapidamente botábante de alí... ademais de to-malo como algo negativo na túa evolución*. Outra usuaria afirma que *todo sería máis sinxelo se a miña familia puidese ter estado comigo, xa que eran as únicas persoas da miña confianza no medio do terror da psicose*.

8- Sufriches algunha contención mecánica? Como a viviches?

Sufrín contención mecánica en dúas ocasións en diferentes ingresos... atáronme á cama durante un día, eu vivino con moita angustia polo feito de que non podía ouriñar, non quería facelo na cama... e despois de berrar varias veces viñeron cando lles petou”. Outra usuaria relata: *Suxeitáronme catro persoas, dúas os brazos e dúas as pernas. Unha delas fíxome dano nun nocello, como unha luxación. Berrei de dano e terror. Sentía que*

estaba nas súas mans, que podían facer comigo o que quixesen, que eu xa non contaba como ser humano, neses momentos.

Unha usuaria explica que, pese a non ter sufrido contención mecánica, si experimentou como un xeito de contención o feito de que o tribunal médico decidiu darme a alta médica, xa que, segue dicindo o feito alcanza certo cariz de contención; porque malia que recorres xudicialmente a devandita resolución, mentres a burocracia non obra (menos en dous días de prazo) ti tes que incorporararte ao traballo se non queres perdelo.

O resto de usuarias non sufriron contención, dúas delas por non estar nunca ingresadas.

9- Sentiches nalgún momento que non se respectaba a túa intimidade? Como o viviches?

En relación a esta cuestión, só dúas usuarias afirman non ter sentido intromisión na súa intimidade. As outras usuarias si sentiron falta de respecto, dúas refírense en concreto ao momento de ducharse, outra á revisión de caixóns e obxectos persoais, así como cacheos. *Moitas veces, directa ou indirectamente*, afirma outra.

Tamén mencionan a intromisión sobre as relacións familiares, no caso dunha usuaria concreta: *a enfermeira do PII nunha ocasión díxome "di a psicóloga que tes familia e que dis que tes boa relación con ela; pero eu vexo que sempre vés aquí sola"... ante o meu silencio reprobador insistiu: "¿entón á túa familia impórtaslle, ou non?". Tras indicarlle que por que se atrevía a facerme ditas preguntas, dixo que era porque a psicóloga quería citar os meus proxenitores. Explíqueille que tiñan total dispoñibilidade para asistir, que das circunstancias que facían que non me acompañasen non lle tiña que dar conta, que se a psicóloga quería convocalos non o tiña falado comigo na sesión, e que endexamais se atrevese a dicirme a min, nin a ningún outro/a doente algo semellante da familia, e que se coidaba que estaba a actuar dentro do que as súas competencias lle conferían.*

Por último, un usuario explica que *non estiven ingresado, pero nas consultas a psiquiatra púxose a falar da miña vida persoal a un mozo en prácticas que non coñezo de nada e sen me pedir permiso.*

10- Sentícheste vulgada ou desprezada en relación á túa sexualidade? Como foi? Como o viviches?

Ante esta pregunta, catro usuarixs responden que non. Entre as que responden que si, un usuario refire que *manter relacións sexuais é o peor que podes facer, inda así eu fun atrevido e fixen sexo en dous internamentos.* Outro usuario relata o seguinte: *Si. A psiquiatra burlouse de min e frivlizou sobre*

a miña depresión dicindo que tan mal non estaría se non quería tomar unha medicación porque me convertía nun ser sen vida sexual. Pareceume humillante. Tamén diante dunha persoa facendo prácticas sen me preguntar se eu estaba cómodo con ela alí. Por último, un usuario opina que *o feito de non poder ter relacións sexuais en meses ou anos, para quen están ingresados, é unha aberración. O sexo axuda anímica e mentalmente.*

11- Sentiches que non se tiñan en conta as túas queixas sobre os efectos secundarios da medicación?

Na primeira pregunta do cuestionario, algunhas usuarias mencionaban aspectos relacionados coa medicación, de xeito que esta pregunta complementa a aquela. Engado aquí, por tanto, só a información nova. Quéixase unha usuaria da dificultade de cuestionar este aspecto (*pola miña experiencia é mellor non levarlle a contraria a un psiquiatra polo que non me queixo da medicación e sígoa como un burro con orelleiras*), e outra da irascibilidade que lle provocaba, a pesar do cal *a psiquiatra non a quixo cambiar. E iso sabendo que estou axudando a coidar un neno pequeno que quedou sen pai*".

Unha usuaria relata, en cambio, unha experiencia positiva neste aspecto: *Sempre que algunha medicación me ten sentado mal, fíxose algún cambio para mellorar, polo tanto notei que por suposto se me tiña en conta.*

12- Tiveches problemas para conseguir axuda profesional para reducir ou abandonar progresivamente algún psicofármaco en concreto, ou todos en xeral?

Unha das usuarias, que si tivo problemas aínda que finalmente deu con outra profesional máis favorable ás súas demandas, di textualmente: *non sei que tería sido de min se me tivese sometido a aquel (se se me permite) "camelo con título para receitar", ou se os/as demais profesionais insistisen no mesmo que el en non ter a miña decisión en conta.* Como fose que esta usuaria acudiu a unha consulta privada, paralelamente, termina dicindo que, en resumo, *enfróntante ao dilema moral de pagar privadamente a atención que precisas mentres tes que adoptar o rol de seguir indo e mentindo acerca de que estás a recibir tratamento privado. Nas condicións mentais nas que está unha nese momento, abordar tal xogo, e formar parte del, prodúceche tal sufrimento que desistes de ter que andar mentindo e disimulando para poder curarte; ata que xa cando o único que fas é empeorar cada vez máis (seis meses máis tarde do que pensaras) tes que facer ese sobre esforzo e entrar nesa roda de nadar sen mollar a roupa.*

Outra usuaria, pola contra, quéixase da baixada brusca de medicación: *de feito unha redución drástica de dose como se me fixo co Lorazepam pode ter consecuencias serias na saúde. Tampouco se me advertiu cando se me comezaron a receitar benzodiazepinas de que causan moitísima dependencia*

e que a síndrome de abstinencia pode ser ata mortal. Tampouco me advertiron de que o risco de padecer Alzheimer aumenta entre un 50% e un 70%. Nin que pode causar estrinximento crónico.

Outras respostas teñen que ver co propio medo a deixar os fármacos (*de momento non me sinto capaz de deixar a medicación, teño medo dun brote, ou de poñerme triste*), ou co medo que lle infundiou unha psiquiatra se abandonaba a medicación (*se deixas a medicación vas ter recaídas, cada vez serán máis fortes e o deterioro maior*). E por último, unha usuaria responde a esta pregunta deste xeito tan irónico: *Baixar a medicación... Ha!*

13- Nalgún momento sentiches que o paso polos servizos de saúde mental agravaba o teu sufrimento psíquico en lugar de alivialo? Poderías poñer algún exemplo?

Nos meus ingresos podíase dicir que sufría síndrome de Estocolmo, ás veces desexaba ingresar para aliviar o meu sufrimento psíquico. Con esta complexidade psicolóxica responde unha usuaria a esta pregunta sobre a posibilidade de que os servizos de saúde mental agraven o sufrimento psíquico, neste caso referíndose en concreto aos ingresos. Tamén dan conta outras persoas de aspectos relacionados coas citas periódicas (*expreselle o sufrimento que antes, durante e despois me supuña asistir ao programa e o atrapada que me vía nel burocráticamente. Tras esa queixa comecei a ser atendida con educación, pero sen interese*), sinalando tales citas como estresantes en si mesmas (*para min una cita coa psiquiatra implica semanas de preocupación porque é una situación moi incómoda -con case todos os psiquiatras foi así. Teño retrasado citas porque non me vía animicamente capaz de soportar una situación así nesa época*).

Un usuario relata a súa percepción do sufrimento nos ingresos por empatía coas persoas que viu alí ingresadas, aínda que el mesmo nunca tivera un ingreso: *Pacientes pasándoo fatal, chorando, berrando, falándoches de cousas que non entendes, sensación de estar sendo castigado por ter feito algo, escasa ou nula atención personalizada...* Menciónase tamén a *falta de credibilidade ou seriedade*, e outro usuario refire que sufriu moito, *en agudos desde os 21-23 anos*. Unha usuaria explica: *sentíame privada de liberdade, nerviosa, camiñaba polos corredores, ida e volta, seguido, para aliviarme esa sensación e facer algún exercicio físico*.

14- Sentícheste mal nalgún momento polo trato que se lle estaba dando a compañeiras/os durante un ingreso? Que sucedeu?

Inclúo neste apartado só as respostas de persoas que estiveron ingresadas, unha das cales relata o seguinte: *Vin como a unha señora que tiña unha esquizofrenia e estaba atada con ataques delirantes, a trataban sen asertividade nin coidado. Era moi desagradable ver o trato que lle daban, a saturación de doentes e a falta de persoal facía que non estivésemos coidados convenientemente, todo o contrario (persoas maiores que non podían comer soas e botaban moito tempo agardando que as viñesen axudar, outras agardando a que lles puxesen/quitasen a cuña despois de pedilo en innumerables ocasións etc.*". Outra usuaria conta que se sentiu mal *"cando a un home de idade lle deron unhas zapatillas do hospital e a outra muller máis vella lle deixaban os pes con escafpíns... montei un cirio pascual e ao final a muller conseguiu unhas zapatillas*.

Un usuario achégame unha testemuña longa e valiosa sobre diferentes ocasións nas que foi visitar a un amigo ingresado, ao longo de varios meses e en varios hospitais, todos públicos en áreas metropolitanas: *No hospital X drogábano tantísimo que non podía nin falar sequera. Cando un día lles preguntei se era preciso telo tan zumbao aseguraron que era porque estaba "moi arriba". Pero a partir dese día baixáronlle*



©rawpixel.com

a medicación moito e puiden volver falar con el (así que tan esencial non era. Só reaccionaron cando alguén lles chamou a atención). Algunha vez atárono á cama e non respondían ás súas chamadas e mexou por riba. Despois non lle quitaron da cama as bridas de plástico duro e fixérono durmir sobre elas durante semanas. Non tiñan acceso a aire fresco ou luz directa do sol (sen cristais polo medio). Non podían comer nada que non lle deran alí, non me deixaban levarlle nada. Tiñanos todo o tempo en pixama, o cal reforza o auto-estigma de "enfermo". Non lles deixaban acceso ás súas roupas ou pertenzas. Burlábanse do meu amigo cando non podía camiñar polas doses tan altas de medicación que lle daban. Unha vez unha enfermeira díxolle "¿qué? icómo vienes, que no puedes ni levantar las piernas, eh?!". O meu amigo sofre de paranoia e estaba nunha habitación cunha cámara que o gravaba en todo momento (pensei que era unha raiada súa pero non, despois vino nun monitor). Non o vía nunca un psicólogo. Estaba ben xa en menos de dous meses pero o psiquiatra decidiu retelo 6 meses (sen senso algún, el estaba perfectamente).

No hospital Y (outro diferente), o usuario anterior céntrase en aspectos diferentes: era difícil conseguir permiso para visitar o meu amigo. Eu tiven que facerme pasar pola súa parella e ser entrevistado por un psiquiatra. O lugar non ten acceso por transporte público, o cal fai máis difícil que alguén decida ir visitar. Eu tiña que ir andando 45 minutos (e outros de volta) por estradas sen beiravía e sitios ben perigosos. Tiñan prohibido escoitar música (nos seus propios auriculares e reprodutores de mp3) excepto entre as 12 e as 13 e entre as 17 e as 18. Suñoño que porque iso de escoitar música é algo que nos fai sentir fatal, claro... Aquilo era unha mera medida de castigo por estar mal, unha ruindade escandalosa. Pola contra, tiñan unha tele para todos e podían ver na TV calquera cousa que quixesen, incluídas pelis de violencia e brutalidade, por exemplo, cando iso si pode afectar ao estado anímico ou mental do paciente. Tanto neste lugar como no outro non tiñan acceso a internet e atopábanse totalmente illados da sociedade. Non podían ter relacións sexuais e os castigaban con máis tempo de ingreso se os descubrían ténndoas.

Para mellorar precisas estar nun sitio tranquilo, sen percibir tensión, berros, agresividade... ser tratado con afecto e respecto, e non sentir que estás aí por facer algo malo, que é o que conseguen.

Unha usuaria responde á cuestión deste xeito tan gráfico e sintético: *Sí, como se non fósemos persoas senón parasitos da sociedade, sen valía, nin merecedores de respecto.*

15- Hai algún outro aspecto, que non estea reflectido no cuestionario, que te fixo sentir mal e que queiras compartir?

Entre as respostas recibidas, unha usuaria relata que lle molesta a *actitude xeneralizada de tratar o paciente como un enfermo mental, non unha per-*

soa cun problema como o que pode ter outra persoa. Paternalismo, desdén, burlas, cinismo, desprezo, falta de atención, medicación excesiva co fin de aparvar, falta de afecto e de comprensión, trato de pacientes como cousas..., e outro escribe o seguinte: *En agudos, a soidade, a tristeza e a miña obsesión de mirarme aos espellos continuamente e ver un monstro.*

Unha usuaria, en tratamento por unha baixa médica, quixo expresar que é cando menos de moi pouco *respecto e indignante, e ata diría anticonstitucional que cando un tribunal che da a alta médica, aínda que o mesmo día de incorporación volvas a causar de novo baixa, fan a maña administrativa de declararche unha nova baixa cuxos motivos os desligan dos da anterior; someténdote aínda por riba a tal suplicio de neurose administrativa, volvéndote someter a unha situación de revitimización, na que estás a vivir un déjà vu porque che poñen nov@s profesionais que non te coñecen de nada.*

É como se che puxesen sempre o peso de todo nas túas costas, responde outra usuaria.

16- Que melloras proporías, para os servizos de saúde mental, a partir da túa experiencia?

A usuaria que ingresara por ideación suicida, cuxa máxima preocupación fora a ausencia de supervisión, propón a partir da súa experiencia que *o bo sería que houbese unha sala* (refírese ao servizo de Urxencias), *un espazo para doentes que coma min, estivésemos illados e controlados permanentemente, sen acceso a obxectos cos que causar dano a nós mesmos e aos alleos. Afortunadamente eu non tiven condutas violentas nin cara a min nin cara a outras, pero tranquilamente podía terse dado o caso.* Do mesmo xeito, expresa a súa necesidade de que a familia puidese estar presente.

Coa fin de evitar redundancias nas respostas, que foron moitas, vou intentar sintetizar a gran variedade delas:

En relación ás profesionais, as demandas neste senso apuntan á necesidade de investimento económico *importante* para contratar máis persoal, pero tamén aspectos cualitativos relacionados co desempeño da actividade profesional (*non hai humanización na maioría do persoal, nin empatía*). Entre estes aspectos cualitativos, demándase en xeral unha atención máis personalizada, información sobre medicación e diagnósticos, que centren as súas actuacións no aspecto clínico (*nunca no burocrático*), *que fagan uso da ética profesional que requiren súas competencias, e que dispoñan do tempo que cada caso require.* Sinalan as usuarias a necesidade de escoitar (*as súas necesidades, preferencias, opinións...*), non estigmatizar (*nin permitir que o paciente se estigmatice*), así como de *recoñecer e respectar todos os seus dereitos de consideración e asistencia.*

No referente á estigmatización, un usuario fai alusión ao trato recibido noutras áreas da saúde: polo feito de ser paciente psiquiátrico encóntrase con situacións nas que é tratado *con condescendencia, paternalismo e cachondeo, asumindo que non me pasa nada e que son un hipocondríaco. Isto é algo tan constante que sempre que vou a médicos e especialistas teño que ir coa miña nai ou pai (e eu teño 40 anos) para ter testemuñas de como me tratan. Así córtanse bastante máis.* Por isto, demanda máis formación, por parte destes profesionais, do que son as doenzas psiquiátricas.

Demandan varias usuarias a necesidade de non basear os tratamentos só en recursos farmacolóxicos, co que supón de *clara desasistencia por limitar tratamentos metodolóxicos de probada evidencia científica* (en relación ás terapias psicolóxicas), ao respecto do cal unha usuaria exprésase deste xeito: *Hai que rematar coa idea de que a única cousa que pode axudar a un paciente é medicarse ata quedar lelo.*

Tamén no referente ao exercicio profesional propónse como mellora a existencia da figura profesional do/ coordinador/a *de todas aquelas actuacións que se están levando a cabo e que atenda a/o doente para explicarlle a natureza e competencias do persoal e servizos intervinientes, así como para recoller a eficiencia e eficacia percibida pola persoa á que están dirixidas, co fin de trazar estratexias que contemplan a totalidade da intervención.* En relación con esta coordinación, fálase tamén da necesidade de que sexa un equipo, e non un só profesional, o que tome decisións sobre os ingresos ou *postas en liberdade.* Unha usuaria refírese tamén á necesidade de control das profesionais en prácticas, *porque están desamparados ás veces ante persoas sen escrúpulos nin preparación.*

Un último aspecto no que as usuarias propoñen melloras é no clima e trato hospitalario, é dicir, unha vez que están ingresadas en unidades de agudos ou similares. Así, propoñen a existencia dun parque ou xardín onde poder pasear (e tamén a posibilidade de saír máis á rúa), que as unidades non sexan tan claustrofóbicas, que os ingresos sexan o máis breves posible, e mesmo que se evite *unha situación de exclusión social, como se fai agora illando os pacientes e incluso impedindo que usen internet.* Neste contexto, outra usuaria expón que *hai que buscar o xeito de que o paciente estea BEN, non meramente CONTROLADO.*

Unha usuaria propón como mellora xeral *que se adapten dunha vez ás leis vixentes a Convención para os Dereitos das Persoas con Discapacidade, como así o recomenda o Comité Observador do cumprimento desta Convención por parte dos Estados Membros.*

A modo de conclusión para este cuestionario dirixido a persoas diagnosticadas e usuarias dos servizos de saúde mental, quixera incluír esta reflexión dunha usuaria: *Que se entenda dunha vez que TODAS temos problemas mentais, non só quen ten un diagnóstico. Ter un problema mental non te converte nunha enferma mental. Hai que deixar de considerar que un problema mental deixa de selo se o padecen moitas persoas. Os celos, o consumismo, a credulidade e a falta de espírito crítico, a necesidade de aceptación social etc., son tamén problemas mentais que causan moito sufrimento. Pero ninguén te chama enfermo mental por ser celoso. Nin te ten estigmatizado por selo e en cambio es temido como a un esquizofrénico, cando moita máis xente asasina e fai dano por mor dos celos que da esquizofrenia.*

Imos entón, agora, co cuestionario dirixido ás profesionais.

“Que se entenda dunha vez que TODAS temos problemas mentais, non só quen ten un diagnóstico. Ter un problema mental non te converte nunha enferma mental”.

3 | Cuestionario dirixido ás persoas profesionais:

1- Cal foi a peor experiencia que tiveches como profesional dos servizos de saúde mental?

Unha psicóloga clínica relata como peor experiencia, *polo medo e impotencia que sentín, dúas situacións nas que fun agredida levemente por usuarias hospitalizadas. Paréceme importante sinalar que nos dous casos penso que a responsabilidade foi máis nosa que das pacientes, por non valorar ben a idoneidade destas intervencións, que non resultaron axustadas ao seu estado.* Outra psicóloga, a partir do suicidio dunha persoa ao saír da súa consulta: *Sempre pensei que tal vez fixen ou dixen algo que influíu en que a persoa tomase esa decisión nese momento.*

As psicólogas residentes apuntan como peores experiencias a falta de supervisión directa de psicólogo clínico atendendo a unha paciente con trastorno mental grave á que non podía ofrecerlle un tratamento acorde coas súas necesidades, ou o feito de verse implicada en conflitos de poder entre facultativos de distintas especialidades á hora de decidir “de quen é o caso” en vez de destinar os esforzos clínicos en atender ás necesidades e sufrimentos do doente. Unha delas refire tamén como experiencia desagradable *presenciar a realización dalgunha contención física e os posteriores comentarios entre o persoal que a realizou deshumanizando á persoa contida, ou que, a diario, se me esixa o cumprimento duns obxectivos que nada teñen que ver coa axuda ao outro, senón máis ben coa propia perversión do sistema do que eu formo parte.* Outra psicóloga relata, como experiencia desagradable e xeneralizada, a situación *de que a pesar de ter competencias para realizar un determinado tratamento cun usuario, a este non se lle facilitou ter acceso a dito tratamento en función do diagnóstico por exemplo e non atendendo as súas preferencias ou a se o tratamento era eficaz para esa problemática que presentaba.*

A única psiquiatra que respondeu ao cuestionario relata que as súas peores experiencias foron *no servizo de urxencias con moita presión asistencial e escaso número de persoal.*

2- Sentiches algunha vez que os recursos (tempo, formación etc.) eran insuficientes para axudar adecuadamente ás persoas usuarias baixo a túa responsabilidade? Poderías poñer algún exemplo?

As psicólogas clínicas sinalan a falta de tempo como unha constante. *Precisamos tempo non só para traballar directamente cos usuarios senón tamén para outros labores relacionados: facer anotacións na historia clínica, informes, coordinarnos con outros profesionais, ampliar coñecementos etc.* Unha delas explica que cando a xornada laboral é insuficiente, emprégase tempo extra, o que *pode producir unha sensación de esgotamento e “saturación”,*

que repercute negativamente na calidade da atención prestada aos usuarios. A outra denuncia as condicións de precariedade absoluta, con moitas persoas que atender e pouco tempo, e cos tempos de seguimento moi longos, o que imposibilita un traballo/atención axeitados, especialmente nas unidades de saúde mental. Non é a excepción, é a regra.

Entre as psicólogas residentes, as respostas a esta cuestión teñen que ver coa falta de supervisión, co sentimento de formación insuficiente, *posto que se facía fincapé en aspectos moi teóricos e moitas veces distorsionados por unha perspectiva bioloxicista que infravaloraba o resto de circunstancias e factores que inflúen na saúde mental das persoas, coa saturación das axendas... Unha delas sinala tamén como un obstáculo a escaseza de lugares e momentos de encontro nos que poder coordinar as nosas actuacións, xa que fai que en vez de que as nosas actuacións se vexan potenciadas pola intervención de varios profesionais, unhas podan interferir negativamente nos efectos das outras.*

Outra das psicólogas residentes sinala tamén a carencia de recursos sociais: *faltan tamén moitísimos recursos que puideran favorecer unha atención máis integral e a longo prazo dos doentes que poidan precisar deste tipo de axudas e soportes.*

Pola súa banda, a psiquiatra explica que *en numerosas ocasións tanto nunha planta de hospitalización como no servizo de urxencias con escasísimo persoal, ademais de non formado en saúde mental, obriga a unha asistencia deficiente.*

3- Sentícheste algunha vez cuestionada, ou coaccionada para tomar decisións contrarias á túa ética profesional? Poderías poñer algún exemplo?

As psicólogas clínicas responden negativamente a esta cuestión.

Das psicólogas residentes, só unha responde negativamente. Outra das psicólogas si refire situacións de coacción: *ter que decidir atender máis tarde do que considero axeitado a un paciente por cuestións de axenda, poñer diagnóstico tras unha primeira consulta, deixar de atender unha paciente ingresada no hospital e a súa familia porque a miña actuación podería ir “en contra” dalgún compañeiro (psiquiatra) na súa loita de poder con outra especialidade médica, dicirlle a uns pais que levaran o seu fillo (cun autismo) á privada porque desde a pública eu non os ía poder axudar como necesitaban, ... Poñer algún diagnóstico non moi axustado á realidade (explicándollo e pactándoo previamente co paciente) cando valoro que é a única forma de que a persoa consiga o acceso a algunha axuda, recurso etc.* Unha terceira psicóloga reflexiona sobre como a propia supervisión do período de formación implica certo cuestionamento, pero a maiores diso, explica que, por exemplo: *lembro nunha consulta onde se daban moitas situación de non respectar a confidencialidade*

e a autonomía dos pacientes e que eu por inseguridade ou por “comodidade” quizais non confrontei. Si que é certo que cando dependeu de min algunha decisión sempre intentei facelo ben respectando os pacientes, pero non me gustaba ser testemuña e non facer nada cando o facía o/a supervisor/a”.

A psiquiatra responde: afirmativamente, e explica: *Sempre pola escaseza de recursos sociais ou sanitarios ate o punto de ter ingresado a unha persoa máis tempo do debido por non dispoñer de recursos socio-sanitarios para poder continuar o proceso de tratamento.*

4- Sentiches algunha vez que a atención que podías prestar estaba máis rexida por criterios burocráticos estandarizados que por programas personalizados e ben programados?

Mentres que unha das psicólogas clínicas afirma non terse sentido así nos dispositivos nos que traballou, a outra afirma que si, xa que *moitos dos centros das USM responden a criterios burocráticos/estatísticos e responden a criterios económicos e de xestión (porcentaxes de altas, estancias medias nas unidades de hospitalización etc.)*

Entre as psicólogas residentes, hai variación. Unha delas explica que sentiu *a presión burocrática en tarefas de avaliación pero non de tratamento*, e outra expresa esa presión coa metáfora *o bosque non permite ver as árbores*, referíndose a que os protocolos e outras burocracias *deseñadas desde un modelo de xestión económica esquecen por completo a persoa e a súa singularidade, o un a un...* Outra das psicólogas residentes especifica que sentiu esta burocratización *sobre todo á hora de tratar o “Trastorno Mental Grave” (diferentes tipos de psicoses e TB, TP...).* *Por exemplo, restrínxese a atención psicolóxica a este tipo de problemáticas porque se lles supón base orgánica. Tamén prevalecen ás veces normas da institución que soen estar anticuadas e non adaptadas ás verdadeiras necesidades dxs usuarixs.*

A psiquiatra, pola súa banda, afirma ter sentido tamén esta burocratización.

5- Consideras que o modelo de atención pode ser revitimizante para as persoas usuarias que teñan sufrido algún trauma (violencia psíquica, física, sexual etc.)? Poderías poñer algún exemplo?

Entre as psicólogas clínicas que responden afirmativamente, apúntanse varias cuestións:

Pode ser revitimizante dar por feito que os usuarios teñen que falar da situación traumática con cada profesional que os vai atendendo. Tamén cando non se respecta o ritmo do paciente ou se lle anima a afondar en detalles innecesarios. Paréceme importante valorar e decidir conxuntamente de que maneira se vai abordar o tema, para evitar facer máis dano.

Si, especialmente en casos de abusos, violencia de xénero e aspectos relacionados co xénero e/ou ser muller.

As psicólogas residentes apuntan, como foco desta revitimización a etiquetación e ao modelo paternalista (*como sucede nos casos de violencia de xénero, que redundan en contra do empoderamento, da autoimaxe e da autoestima e da toma de decisións*), ou a consideración de *persoas enfermas con escasas posibilidades de cambio e pouca capacidade de actuación*. Unha das psicólogas sinala que, en casos de violencia de xénero, *pódese producir cuestionar a vítima en vez do culpable, igual que en situacións traumáticas o por o énfase da intervención na persoa vítima e non atribución a factores alleos á persoa (sociais, culturais...)*. Outra psicóloga refire como determinadas atribucións persoais en base a certos diagnósticos *xeran a repetición do patrón relacional previo que xera repetición/ revitimización*. Refírese en concreto á atribución de trazos *“manipuladores”* ás persoas con diagnóstico de Trastorno Límite.

A psiquiatra considera que se produce revitimización cando se utilizan *técnicas de contención como a suxeición mecánica ou o peche durante meses en plantas pechadas*.

6- Consideras que o modelo de atención, de base maioritariamente bioloxicista, non atende ao relato biográfico das persoas usuarias á hora de considerar globalmente as causas do seu sufrimento psíquico, e polo tanto non ofrece os apoios necesarios máis aló do tratamento farmacolóxico?

As psicólogas clínicas responden afirmativamente a esta cuestión. Unha delas explica que *o modelo biomédico hexemónico e o poder das farmacéuticas fai estragos, individualizando e medicalizando o malestar, que ten múltiples orixes (sociais, laborais etc.)*, mentres que a outra pensa que o problema pode ser debido *máis a unha escaseza de recursos (fóra dos fármacos) que a unha adhesión rixida ao modelo bioloxicista por parte dos médicos e psiquiatras*. *Por exemplo, unha sobremedicación en primaria pode ter que ver coa dificultade do médico para tolerar o sufrimento e a dificultade para derivar á outros dispositivos ou programas. Penso que o mesmo ocorre na especializada.*

Tanto a psiquiatra como as psicólogas residentes tamén responden afirmativamente. Unha delas sinala que esta limitación do modelo bioloxicista dáse tanto á hora da explicación das causas posibles como á hora da intervención, unicamente baseada no tratamento farmacolóxico, engadindo que, ademais, *calquera deterioro ou empeoramento se atribúe á propia “enfermidade” ou á non correcta toma de medicación, e non a outros factores como sucesos vitais estresantes, perdas, maltrato, sufrimento psíquico de anos de evolución...*

7- Cal cres que son, na túa opinión, as fallas máis evidentes do sistema de atención á saúde mental?

As psicólogas clínicas entrevistadas e mais a psiquiatra apuntan como falla máis evidente a escaseza de recursos humanos. As psicólogas refírense tamén aos modelos biomédicos imperantes (“reducionistas”), e aos criterios economicistas que organizan os servizos públicos de saúde.

As psicólogas residentes coinciden tamén nas fallas anteriormente mencionadas polas súas compañeiras. A maiores, nas súas respostas especifican outros aspectos como *as listaxes de espera*, a escasa formación dos recursos profesionais (*recursos asistenciais moi limitados e mal deseñados*) ou o *mal traballo multidisciplinar*. Relacionado coa visión crítica da multidisciplinariedade, unha delas sinala como problema *a pouca comunicación e disposición dos profesionais (todos) para reunirse e tratar de facer unha abordaxe coherente coas necesidades da persoa*.

Unha das psicólogas residentes sinala tamén como falla o “*sistema deshumanizante*”, que repercute de diferentes maneiras nas persoas usuarias, como a *posición de poder dos profesionais sen ter en consideración o desexo e necesidades do paciente*, a *tendencia á cronificación e patoloxización do sufrimento do outro*, o feito de *non respectar a liberdade dos doentes*, ou non consideralas como *persoas responsables e, polo tanto, con capacidade de decisión...* Outra das psicólogas sinala tamén como fallas *certas prácticas de control e castigo como pode ser a contención física ou a retirada de dereitos (non privilexios, como saídas a fumar...)*.

8- Que melloras proporías para os servizos de saúde mental, a partir da túa experiencia?

Entre as respostas contribuídas polas psicólogas clínicas, propónse por unha banda a presenza de psicólogos clínicos na atención primaria, que *podería reducir o número de derivacións á Especializada aliviando as listas de espera e repercutindo nunha mellor atención en ambos niveis*. A outra psicóloga propón como melloras *sen dúbida a perspectiva dxs afectadxs en 1ª persoa, que está enriquecendo e achegando unha perspectiva do sufrimento e unha crítica aos servizos de saúde mental necesaria e imprescindible*, apuntando ademais que *serían necesarios máis profesionais e recursos con outro tipo de mirada fronte ao sufrimento, así como o desenvolvemento de recursos e programas que teñan en conta esa mirada ampla do sufrimento*.

As psicólogas residentes coinciden tamén na necesidade dun maior número de psicólogos clínicos, con máis prazas *PIR cunha axeitada supervisión e formación para a mellora de competencias*, servizos propios para a psicología clínica *que redunden nun mellor traballo interdisciplinar sen presión externa*, e traballo en equipo. Unha delas propón como mellora o *autocuestionamento do sistema*, así como unha *maior consideración do doente, educar/promover unha maior participación dos doentes no seu proceso clínico*. Refírese esta psicóloga á necesidade de *contar con obxectivos humanizados e non económicos, menor defensividade e maior comunidade* e tamén á existencia de *espazos de encontro, entre persoas...* Outra das psicólogas comenta que está a favor do tratamento farmacolóxico *sempre e cando se prescriba con moderación e baseado na resposta e na mellora clínica percibida polo paciente e/ou os familiares xunto cunha intervención holística da persoa (psicolóxica, ocupacional, familiar, social...)*.

A psiquiatra entrevistada sintetiza as melloras necesarias en “*augmentar os recursos esixindo o proposto nas leis actuais*”.

4

Conclusións:

Da lectura das testemuñas de usuarias e profesionais dos servizos de Saúde Mental en Galiza despréndese por si soa a necesidade de repensar outro modelo de atención á saúde mental. A exhaustiva e necesaria crítica construtiva que aportan as persoas entrevistadas apunta sen dúbida a esta necesidade dun modelo novo, máis centrado nas persoas e as súas necesidades que no modelo bioloxicista e a excesiva burocratización que parecen dominar actualmente a atención á saúde mental no servizo público.

REALIDADE TRANS INFANTO-XUVENIL. COÑECER PARA ACOMPAÑAR

Cristina Palacios Castro

TRABALLADORA SOCIAL E DOCENTE DE CURSOS SOCIO-SANITARIOS. PRESIDENTA DE ARELAS, ASOC. FAMILIAS DE MENORES TRANS DE GALICIA.

✉ arelasasociacion@gmail.com

RESUMO: Neste artigo, baseado na experiencia, achegamos a realidade trans infanto-xuvenil, unha realidade descoñecida por moitxs profesionais cos que terán que convivir xs nenxs trans. O noso obxectivo é que menores e familias reciban o apoio, o asesoramento e o acompañamento necesario e evitar que vivan situacións de rexeitamento, discriminación, estigmatización e violencia. Evitar que sufran transfobia. Unha das formas máis poderosas de exercer a transfobia é a patoloxización das identidades trans desde o ámbito da medicina, o que na práctica supón que un/unha menor trans debe ser diagnosticadx obrigatoriamente como unha persoa que sofre disforia de xénero, téña ou non, para ser recoñecidx legalmente e poder acceder a posibles tratamentos médicos. Propomos por tanto, unha mirada transpositiva que permita a cada persoa expresar e comportarse desde a liberdade para exercer o seu dereito a ser.

PALABRAS CLAVE: Trans, acompañamento, empoderamento, autonomía, despatoloxización.

ABSTRACT: In this article, based on experience, we inform professionals about the reality of non-adult transsexual people a reality unknown by many professionals who have to live with transgender children. Our goal is to that children and families receive the necessary support, advice and accompaniment and avoid having to live in situations of rejection, discrimination, stigmatization and violence. To avoid transphobia. One of the most powerful ways of exerting transphobia is the pathologization of transsexual identities which implies that transsexual people must undergo a diagnose for gender dysphoria, whether it occurs or not, to be legally recognized and able to access medical treatments. We bring a transpositive look that allows each person to freely express and exert their right to be.

KEY WORDS: Trans, accompaniment, empowerment, autonomy, depathologization.

SUMARIO:

- 1 Aclarando termos.
- 2 Vivencias iniciais.
- 3 E as familias?
- 4 Paradigma actual no tratamento da transexualidad infanto-xuvenil
- 5 O eterno debate da patoloxización das identidades trans
- 6 Conclusións.
- 7 Glosario de termos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Ann Horton, M. (2008). *The Incidence and Prevalence of SRS Among US Residents*.

Barqui N., Genise G. e Tolosa O. D (2018). *Manual integrador hacia la despatologización de las identidades trans. Recursos teóricos y clínicos para profesionales de la salud y educación*. Editorial Akadia.

Dean S. (2015). *Una vida normal: violencia administrativa. Políticas trans críticas y los límites del derecho*. Editorial Bellaterra.

Gallofré, G., Generelo, J. e Pichardo J.I. (2007). *Adolescencia y sexualidades minoritarias: voces desde la exclusión*. Ed. Alcalá.

Gavilán, J. (2016). *Infancia y transexualidad*. Editorial La catarata.

Mayor, A. e Monteagudo, S. (2016). *Niñas y niños: cada una, cada uno, diferente*. Editorial Litera Libros.

Owl and Fox, F. (2019). *Guía de supervivencia para adolescentes trans*. Editorial Bellaterra.

Platero Méndez, Lucas R. (2014). *TRANS*EXUALIDADES: Acompañamiento, factores de salud y recursos educativos*. Editorial Bellaterra.

1 Aclarando termos

Os xenitais non determinan a identidade dunha persoa, de tal maneira que existen nenos-homes con vulva e nenas-mulleres con pene. Isto forma parte da diversidade humana.

Na actualidade, unha inmensa maioría da cidadanía entende e asume este feito como algo natural que difire do binarismo imposto socialmente de home con pene e mulleres con vulva con determinados roles e expresións de xénero. As persoas trans e as súas vivencias desafían esa orde social binaria que xera moito sufrimento e coarta a vida de moitas persoas desde que son menores de idade.

A diversidade sexual e de xénero é unha característica enriquecedora que forma parte das diferentes sociedades, un trazo que nutre a convivencia de diferentes matices, formas de ver e vivir a vida, modelos de familia e realidades humanas. Cando falamos de diversidade sexual e de xénero facemos referencia basicamente a catro elementos: sexo asignado, identidade sexual ou de xénero, orientación sexual e expresión de xénero.

Entendemos por sexo asignado (tamén coñecido como sexo biolóxico) aquel que se nos impón atendendo á xenitalidade coa que nacemos: se naces cun pene asígnaseche sexo masculino, se naces cunha vulva, sexo feminino. É, por tanto, o que nos diferencia anatomicamente desde un punto de vista binario home-muller. Cuestión moi discutible tendo en conta a existencia de persoas intersexuais que non responden a esta regra, xa que a súa xenitalidade ambigua, a súa combinación de xenitais e gónadas de “ambos os sexos” e mesmo os seus cromosomas diferentes a XX e XY, demóstrannos que o corpo co que nacemos non sempre vai determinar a túa identidade. O 30%¹ das persoas intersexuais ás que se lles impón unha identidade (mesmo unha xenitalidade e corporalidade a través de cirurxías e tratamentos hormonais) crecen sendo trans e/ou non binarios.

O sexo asignado é moi importante porque determina a identidade sexual e de xénero e o nome rexistral do bebé.

A identidade sexual e de xénero responde ao sexo sentido, a quen somos realmente independentemente do corpo co que nacemos. É a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa sente e autodetermina, podendo

non corresponder co sexo asignado no momento do nacemento, caso das persoas transexuais.

A identidade dunha persoa é un proceso que se constrúe no tempo e non é un feito illado que aparece a certa idade motivado por ningunha cuestión ou suceso en concreto. A identidade sexual e de xénero vai máis alá do binarismo imposto socialmente de home/muller, existindo identidades que van desde muller/home transexual, muller/home cissexual, xénero fluído, axénero, persoas non binarias²...

A orientación sexual ten que ver co feito de sentir desexo, afecto e/ou atracción física por unha persoa. A identidade sexual e de xénero e a orientación sexual non son o mesmo, a primeira responde a quen son, a segunda a quen amo ou desexo, de tal maneira que unha persoa trans pode ser heterosexual, lesbiana, gai, bisexual ou asexual, do mesmo xeito que poden selo quen non son trans. Así, un home trans (home que naceu con vulva) que sente atracción por outro home considérase gai.

Falamos de expresión de xénero para referirnos á manifestación social de cada persoa da súa identidade a través do aspecto físico, aparencia, formas de expresarse, roles, linguaxe... Esta expresión establécese socialmente como feminina, masculina e/ou neutra. A expresión de xénero nada ten que ver coa identidade sentida, de tal maneira que unha muller trans³ ou cis pode ter unha expresión de xénero masculina ou neutra, e non por iso, ser menos muller.

É necesario comprender que en toda esta diversidade de vivencias e realidades non hai ningunha anormalidade e/ou enfermidade. As identidades e orientacións sexuais non se prefiren, por tanto non se elixen, non se contaxian nin imitan, non se aprenden, simplemente séntense, vívense.

A transexualidade é unha mostra máis da diversidade, nunca un trastorno nin unha desorde mental que leva a unha persoa a sentirse sempre atrapada nun corpo errado. Considerala como tal responde a un descoñecemento da realidade e a unha actitude absolutista e reduccionista coa que perpetuar a hexemonía social do binarismo dos homes e mulleres cisonormativos⁴ de “corpos correctos”.

Podemos entender a transexualidade como unha situación en que se asigna ou etiqueta erroneamente a un bebé atendendo unicamente á súa xenitalidade,

¹ Datos de Brújula Intersexual.

² Ver glosario de termos ao final do artigo.

³ Persoa que non se identifica nin sente como propio o sexo e xénero asignado no momento de nacer en base á súa xenitalidade. Persoa que si se identifica e sente como propio o sexo e xénero asignado no momento de nacer en base á súa xenitalidade.

⁴ Persoas cissexuais que responden ás normas de xénero impostas socialmente.

non permitiéndolle expresar a súa verdadeira identidade. Se admitimos que o sexo asignado non sempre nos serve para identificarnos como neno ou nena (as persoas intersexuais-trans son un exemplo diso), unha muller trans non pode ser considerada unha “muller biolóxica” desde o nacemento? O mesmo para os homes trans, persoas que naceron sendo homes con vulva, pero homes en definitiva. A percepción de xénero, o xénero sentido, está producida polo cerebro que é parte da nosa bioloxía da mesma maneira que os cromosomas, as gónadas ou os xenitais.

2 Vivencias iniciais

Os informes “oficiais” falan dunha prevalencia de 1 de cada 10.000, aínda que os resultados de estudos máis recentes ofrecen unha cifra de 1 de cada 1.000 (Horton, 2008). Ao principio, non hai “disforia de xénero”, non hai rexeitamentos ou incongruencias, falamos de nenxs que presentan unha desconformidade interna co sexo asignado e que desexan ser recoñecidxs⁵ cunha identidade diferente. Só máis tarde comezan a darse de conta de que non están a responder ás expectativas que de eles teñen xs demais. Esta identidade en formación dxs nenxs trans adoita transgredir as normas de xénero socialmente dominantes, co que estas actitudes estrañas aos ollos dxs adultxs poden ser visíbeis de maneira moi precoz, cuestión na que poñen o foco algunhas familias e profesorado, sobre todo se falamos de persoas percibidas como nenos con comportamentos de xénero “femininos”. Estes comportamentos de xénero non normativos que de maneira moi natural mostran estxs nenxs a miúdo van acompañados de resistencias e reaccións negativas da contorna. O que inevitablemente pode levarxs a un axuste dos seus comportamentos para tratar de encaixar.

As persoas trans experimentan a súa identidade de diversas maneiras e poden chegar a tomar conciencia de que a súa identidade non coincide coa asignada ao nacer, a calquera idade. Algunhas persoas son conscientes dos seus sentimentos desde que teñen memoria, aínda que outra cousa é cando son quen de expresalo. Nenxs trans comunican o que senten da forma na que saben con 3-4 anos (“*mamá non son un neno, son unha nena*”, “*cando me sairá unha coliña?*”, “*por que me chamas Xan se eu quero chamarme Lola?* ...). Non só o comunican con palabras, tamén poden facelo a través das súas expresións e roles de xénero (travístense, xogan habitualmente con xoguetes que socialmente corresponden co “outro sexo”, xogan e relaciónanse sobre todo con persoas da seu mesmo sexo sentido) posto que é a forma en que lles resulta máis fácil ser cridxs ou percibidos polo seu sexo sentido e non polo sexo asignado. Outrxs, en cambio, loitan contra sentimentos de vergoña, confusión, medo e esconden o que senten.

Serán as diferentes respostas da súa familia e contorna o que determine se seguirán mostrándose tal e como son, ou non, reprimindo e escondendo a súa verdadeira identidade, ás veces, durante anos.

A Academia Americana de Pediatría (APA) dinos que: “ao redor do primeiro e segundo ano de vida, os nenos fanse conscientes das diferenzas físicas entre nenos e nenas; antes do seu terceiro aniversario xa se etiquetan a si mesmos con facilidade como neno ou como nena, pois a esta idade xa adquiren un forte concepto do seu eu. Aos 4 anos a identidade de xénero dos nenos é estable e saben que sempre serán un neno ou unha nena”.

⁵ Utilizamos a “x” como forma de incluír a todo tipo de identidades.



@sharonmccutcheon

Moitxs nenxs trans poden ter sentimentos de non “encaixar” con outras persoas do seu mesmo sexo asignado, ou ter desexos específicos de ser e vivir segundo o seu sexo sentido. Outrxs danse de conta das súas identidades trans ou de que lles pasa algo ao que non saben pór nome durante a adolescencia, ou moito máis adiante no seu traxecto vital. Aquelas persoas que realizan a transición social⁶ máis tarde posiblemente loiten por adaptarse correctamente e comportarse segundo o seu sexo asignado, vivindo unha dobre vida, debido ás consecuencias que podería causar expresar o seu desexo de vivir coa súa verdadeira identidade, creándolles unha grande insatisfacción e infelicidade, co sentimento de ter infancia e adolescencias perdidas, épocas que non quixerían volver vivir. Algunhas delas poden rexeitar os seus xenitais e outras aman ser mulleres con pene e homes con vulva. Mesmo haberá quen non demande tratamentos hormonais nin cirurxías e que non necesite máis nada que ser recoñecidxs socialmente como as persoas que realmente son, fóra do circuito médico e de saúde mental. Moitas persoas trans móstranse e visibilízanse orgullosas de ser trans e outras cun bo passing⁷, prefiren pasar desapercibidxs como persoas cis. Por tanto, é obvio que a identidade sexual e de xénero é vivida e expresada de forma única e individualizada, polo que non podemos abordar esta cuestión desde a homoxeneidade ou como un camiño único que seguir, senón entendendo que existen tantas vivencias e realidades como persoas trans existen.

O que seguro que todxs elxs van necesitar é moito respecto, aceptación, agarimo e acompañamento no seu proceso vital, posto que quizais teñan certas dificultades e complicacións na súa vida diaria. Despois de acompañar e orientar a máis de 270 menores, con ou sen as súas familias, desde ARELAS observamos que cando se descoñece a realidade da transexualidade infanto-xuvenil (algo que sucede moi a miúdo), a moitos dxs menores aos que ao nacer se lles asignou un sexo e xénero errado en atención aos seus xenitais, négaselles a posibilidade de desenvolverse como elxs necesitan e queren, xerándolles un gran sufrimento ao impedirles presentarse socialmente coa súa verdadeira identidade e obrigándoxos a finxir ser outra persoa.

A APA advírtenos de que “non serve de nada obrigarnos a actuar dun modo máis acorde ao seu xénero biolóxico, porque cando se lles obriga a actuar desa maneira algúns caen nunha depresión, en problemas de conduta ou mesmo chegan a ter pensamentos suicidas”.

Negar a verdadeira identidade é unha das accións máis crueis e violentas que se pode exercer sobre un/ha nenx ou adolescente trans.

O desexo de moitxs nenxs e adolescentes trans é vivir e presentarse socialmente de acordo a como sente, por iso poden ter a necesidade de adecuar o seu aspecto físico e a súa imaxe social ao xénero co que se identifican. Pero debido aos prexuízos que poden existir na súa contorna máis inmediata, algunhxs delxs enfróntanse a situacións/interaccións especialmente incómodas e violentas nos seus ámbitos sociais, familiares, deportivos e educativos, o que pode supoñer altos niveis de tensións e ansiedade, sobre todo cando se atopan nas etapas iniciais da transición. Por iso, é fundamental o apoio da familia e profesionais que están ao seu redor, sobre todo os primeiros días ou semanas. É neses momentos nos que dan un paso tan importante nas súas vidas, cando máis agarimo e comprensión precisan. E aínda que para as familias pode ser un paso difícil de afrontar, deben entender que para x seu/súa fillx é aínda máis desconcertante e estresante, e que, sen o seu apoio, o camiño será moito máis longo e dificultoso.

Desde a nosa experiencia, observamos que durante a infancia e antes de alcanzar a adolescencia, xs nenxs trans adoitan ter situacións «menos problemáticas» que na adolescencia, moi probablemente porque os seus corpos son aínda bastante neutros e a presión social polo aspecto físico é menor. Para cando son adolescentes e empezan a ver que o seu corpo vai na dirección contraria ao que desexan, xorden moitas alertas, medos e inseguridades que farán que mostren inquietude de moitas maneiras. Algúns dos cambios poden ser de tipo condutual e/ou emocional incluíndo a depresión, a apatía, a introversión, mostrar mal comportamento froito da tristeza, frustración ou enfado, que ás veces chama a atención dos seus familiares ou profesorado e pode motivar a consulta cun profesional. Mesmo poden aparecer trastornos da alimentación, que poden estar a enmascarar unha disconformidade coa identidade de xénero asignada no nacemento.

Para moitxs adolescentes, este é o momento clave no que son máis conscientes de que lles «pasa algo» desde hai moito tempo, aínda que lles é moi difícil pór nome ao que senten por falta de información e referentes nos que verse reflexadxs. No estudo “Adolescencias e sexualidades minoritarias, voces desde a exclusión” (Gallofré et al., 2007), sinálase como na adolescencia LGBTBI atrávesanse estes procesos:

- 1) buscar un nome ao que senten.
- 2) ter iniciativa para atopar iguais.
- 3) aceptar a diferenza.
- 4) poder tomar decisións de revelar (ou non) a túa identidade e orientación.

⁶ Presentarse socialmente coa verdadeira identidade, a sentida.

⁷ Cando as persoas que non coñecen a unha persoa trans, lénna coa súa identidade sentida e non dubidan do seu xénero. Adoita asociarse o passing a adoptar vestimentas, hábitos e estereotipos asociados ao xénero en cuestión.

Os seus autores afirman que estas fases, nin son consecutivas, nin afectan a todxs do mesmo xeito, podendo prolongarse este proceso durante a idade adulta e ao longo de toda a vida.

O que si sabemos con certeza, é que o rexeitamento e o acoso escolar, aparece inevitablemente en idades moi precoces. Unha investigación⁸ dinos que os insultos tipo marimacho, marica, maricón, travelo... comezan ao redor dos 5-6 anos para castigar os nenos “que fan cousas de nenas” e as nenas “que fan cousas de nenos”. Por tanto, non se castiga xs nenxs por ser gais, lesbianas, trans,...Castígase sobre todo que un neno teña comportamentos de xénero femininos, que teña “pluma”, ou que unha nena teña comportamentos de xénero masculinos, non teña “pluma”. Sen dúbida, o que máis se castiga e pon en alerta ao profesorado é que os que son percibidos como nenos se comporten e fagan “cousas de nenas” -esta cuestión é motivo para que moitxs profesorxs, nomeadamente de Educación Infantil e Primaria, chamen a ARELAS pedindo asesoramento ante a “preocupación” de ter unha alumna trans-, cuestión que nos ten que facer reflexionar moito, sobre se realmente estamos a educar xs nenxs desde a coeducación, fóra de estereotipos de xénero.

Esta situación de rexeitamento e acoso escolar adóitase ir incrementando na Educación Primaria e alcanza o seu maior impacto na escola secundaria, o que causa abandono e fracaso escolar moi cedo, con condutas de risco e mesmo condutas autolesivas, cun risco manifesto de suicidio en quen o padece.

Aquelxs que cremos nunha sociedade libre e respectuosa coa diversidade, podemos consentir que estxs menores teñan que abandonar os seus estudos por non atopar na súa escola un espazo positivo no que poder expresarse e desenvolverse libremente? Acaso elxs non merecen como todxs xs nenxs e adolescentes, poder explotar toda a súa potencialidade e capacidades? Para cambiar a realidade de moitas persoas trans, é imprescindible que ningún destxs adolescentes se vexa na obriga de abandonar a súa formación, para que o día de mañá se poida enfrontar ás posibles situacións de discriminación desde un empoderamento persoal e intelectual que xs coloque nunha situación de suxeitos activos e autónomos, donxs das súas propias vidas.

“Esta situación de rexeitamento e acoso escolar adóitase ir incrementando na Educación Primaria e alcanza o seu maior impacto na escola secundaria”.

3 E as familias?

A reacción das familias ante a realidade de ter na súa casa un nenx/adolescente trans pode ser moi variada. Non cabe dúbida que ter un fillx transexual pode xerar unha gran cantidade de incertezas e ansiedades con respecto ao seu porvir, medo a acoller dentro da familia unha realidade nova, medo do que dirán os demais, pero sobre todo, medo de ter que cambiar as expectativas que tiñamos postas sobre xs nosxs fillxs. Desde ARELAS coñecemos moi ben a realidade de moitxs nenxs e adolescentes que ao non cumprir coas expectativas das súas familias e contorna son obrigadxs a non transitar, rexeitadxs, ameazadxs e no peor dos casos, maltratadxs fisicamente e/ou abandonadxs.

Os primeiros intentos dxs nenxs trans de comunicar que non son os nenos ou nenas que todxs cren, poida que sexa tomada polxs adultxs como unha broma ou chamada de atención, como unha confusión transitoria, ou simplemente pareza unha fase que vai pasar. No caso dxs adolescentes isto pode tomarse como unha parvada,

⁸ “Diversidad sexual y convivencia: una oportunidad educativa”, Mercedes Sánchez Sainz. Profesora do Dpto. de Didáctica e Organización Escolar da Universidade Complutense de Madrid.

unha moda ou unha escolla temporal que responde a non saber o que realmente é. Nesta fase de adolescencia é posíbel que a sospeita estea máis baseada na súa orientación sexual non heterosexual, en lugar de preguntarse pola identidade de xénero, que a miúdo non se cuestiona ou se ignora entendendo que é un “problema difícil de abordar” que teñen que esperar a que se resolva coa maioría de idade.

Mais esa mirada adulta condescendente e moitas veces reprobadora e/ou sancionadora ignora o grande esforzo persoal e comunicativo dunha persoa moi nova, que leva tempo non entendendo moi ben o que lle pasa (ás veces anos) e que non atopa a resposta e o apoio que necesita. Ignorando, ademais, que as diferentes respostas das persoas da súa contorna teñen un grande impacto na súa autopercepción e pode provocarlles tanto aceptación como rexeitamento e vergoña, o que xs levaría a silenciar de novo todo o que están a sentir.

Esconder e reprimir a súa verdadeira identidade ten un custo moi alto. Debilita a autoestima e a personalidade dun/ha nenx ou adolescente en desenvolvemento. Ás veces de maneira irreversible. Segundo un estudo realizado en 2010⁹, un 83% dos menores que non son apoiadxs, respectadxs e acompañadxs polas súas familias pensan no suicidio antes dos 20 anos e un 41% expresan plans ou tentaron suicidarse.

En cambio, é moi tranquilizador e esperanzador para as familias coñecer os resultados dunha investigación máis recente¹⁰ que se realizou con adolescentes trans a quen se lles respectou a súa identidade, acompañouse desde as familias e escolas no seu tránsito social, e accederon a tratamentos para bloquear a puberdade. Observouse que tanto os indicadores de calidade de vida e felicidade, como os niveis de ansiedade e preocupación pola súa imaxe corporal, foron similares ou mesmo mellores aos da poboación non transexual da súa mesma idade. Que nos indican estas perspectivas tan diferentes? Que ser transexual non produce vergoña, dor nin sufrimento. O que produce dor e sufrimento é a falta de respecto, o abandono, o rexeitamento familiar, o acoso escolar e a discriminación social por ser como son. Porque o que xs empuxa á morte, o que mata, é a **transfobia**.

Algo que observamos moi a miúdo é que canta máis idade ten a persoa trans, máis situación de desconcerto e rexeitamento adoita existir desde a familia e contorna. Nun principio pregúntanse se deben corrixir e reprimir estas actitudes, se será unha fase que pasará e que polo tanto teñen que ignorar non prestándolle atención, ou se teñen que entendelo como algo propio do seu desenvolvemento

to e exploración do eu. Moitas familias buscan desesperadamente a un profesional, normalmente do ámbito da saúde mental, tratando de atopar nun primeiro momento a orixe desas manifestacións, para máis tarde, unha vez asumida ou entendida a realidade, saber que facer para un mellor acompañamento. De aí, a grande importancia de que estas familias sexan atendidas por profesionais ben formadxs e informadxs sobre diversidade sexual e de xénero, así como todas as realidades que se enmarcan dentro destes conceptos. Por suposto, ben formados sobre transexualidade infanto-xuvenil desde unha perspectiva transpositiva e non patoloxizadora, que saiban orientar e acougar os medos e inseguridades iniciais.

Xs nenxs e adolescentes trans precisan que estxs profesionais, normalmente psicólogxs, expliquen ás súas familias que non existen expresións ou comportamentos de xénero “normais”, ou que unha parte do corpo non vai definirche como persoa, que a transexualidade é moito máis que disforia, tratamentos ou cirurxías, que teñen que preparar xs seus fillxs a enfrontarse a unha sociedade á que lle custa admitir a existencia de corpos diversos, que moitas persoas trans que foron acompañadas, respectadas e queridas desde a infancia pola súa familia teñen vidas dignas e felices. Necesitan que estes profesionais transmitan que ter un fillx trans pode ser unha oportunidade para deconstruírse e aprender da diferenza. Que é entendíbel a necesidade dun tempo para entender e acometer os reaxustes necesarios, pero que agora, máis que nunca, o importante é facer sentir ao/á seu/súa fillx que sempre poderá contar con elxs, que non só x queren e aceptan tal e como é, senón que x acompañarán e axudarán a enfrontarse ás posíbeis complicacións que poidan xurdir.

Cada vez máis, aparecen este tipo de familias que optan por non xulgar xs nenxs e adolescentes e responden buscando estratexias para entender, apoiar e acompañar no proceso. Despois dun tempo inicial de «shock», que varía na súa duración e intensidade, as familias usan diferentes fórmulas de afrontamento da realidade. Algunhas necesitan un tempo de “dó” para deixar ir x seu/súa antigx fillx e recibir x que chega, investigan e len todo o que poden sobre o tema implicándose moito na súa transición social, comunicando a todxs as súas achegadxs como teñen que chamalx e en que xénero teñen que tratalx. Cando teñen problemas ou non son respetadxs nas súas escolas, matricúlanos en centros máis transpositivos. Buscan apoiarse e reunirse con outras familias e xs seus fillxs en situacións similares desde as asociacións, e mesmo, máis tarde, axudan e orientan a outras familias desde a experiencia.

⁹ Newton Massachusetts Education Development Center e National Center for Transgender Equality/National Gai & Lesbian Task Force.

¹⁰ Mental Health of Transgender Children Who Are Supported in Their Identities <http://pediatrics.aappublications.org/content/early/2016/02/24/peds.2015-3223> Adoita asociarse o passing a adoptar vestimentas, hábitos e estereotipos asociados ao xénero en cuestión.

Moitas familias e profesionais que buscan asesoramento en ARELAS preguntan cando é o momento axeitado para acompañar e permitir os tránsitos sociais destxs menores. A nosa resposta é que non existe unha idade óptima ou correcta para dar este paso, que pode haber menores que non soliciten nada ata os 12-14 e outrxs que o fagan con 5-6 anos. Por suposto, hai que atender ou permitir facer o tránsito cando x menor o demande ou porque xa hai sufrimento por ter que levar unha dobre vida.

É moi importante que x menor sinta que sempre será escoitadx e que cando estea preparadx para dar o paso de iniciar a transición social, non vai atopar cunha negativa por resposta. Se non o percibe así e entende que non van ser escoitadas nin atendidas as súas necesidades, probabelmente non exprese nada e sufra en silencio durante meses ou anos.

As familias que permitimos aos nosxs fillxs facer un tránsito desde idades precoces estamos a ver que estxs poden desenvolverse sen ningún problema engadido polo feito de ser trans, e que evitarlles anos de sufrimento por non poder vivir coa súa verdadeira identidade lles permite crecer e desenvolverse dunha maneira máis equilibrada e con sentimentos de benestar e felicidade. Se hai un relato común entre as decenas de familias acompañadas desde ARELAS é o feito de que a personalidade e o carácter dxs seus fillxs cambian drasticamente unha vez que poden expresar como senten e reciben o apoio e acompañamento necesario. Moitas coinciden en que antes do apoio, xs seus fillxs eran retraídxs, tímídxs, irascibles e mesmo solitarixs. Outras falan de hiperactividade e déficit de atención. Unha vez que puideron mostrar a súa verdadeira identidade e vivila máis libremente, volvéronse máis abertxs, sociables, comunicativxs e extrovertídxs, manifestando unha alegría antes descoñecida. Desaparecen medos, preocupacións, vergoña e ansiedades.

O apoio, a aceptación e o acompañamento das identidades trans supoñen, por tanto, un cambio emocional transcendental, non só nestxs menores senón tamén entre os membros das familias, que mellora notablemente as relacións e dinámicas familiares.

Unha preocupación frecuente entre algunhas familias, reside na incerteza de se a identidade dx seu/súa fillx pode cambiar ou “desistir” nun tempo futuro. Unha preocupación que sobrevén despois de ser atendídxs por profesionais pouco ou nada formadxs, que se apoian en discursos de outrxs colegas de profesión, que en moitos casos non trataron a ningún menor trans e que se amparan nalgúns estudos que falan de “desestamentos” do 80% ao chegar á adolescencia. “Estudos” onde xs autores nin sequera tiñan a formación nin coñecemento suficiente para distinguir “comportamentos de xénero non normativos” de transexualidade. Os falsos resultados destas pseudoinvestigacións¹¹ están baseados nunha absoluta falta de rigorosidade nos “criterios diagnósticos” e na mostra escollida.

Se estxs profesionais que aconsellan as familias baseándose nestes estudos con resultados totalmente falsos preguntasen ás asociacións de familias existentes por toda a xeografía española que albergan a máis de 3.000 familias, explicaríanlles que descoñecemos esa realidade, mesmo algunhas, como ARELAS, poderíamoslles informar que non coñecemos ningún caso de nenx ou adolescente trans que “desistise”.

A carencia de información veraz e transpositiva, fóra de mitos e estereotipos, á que se enfrontan as persoas trans e as súas familias, contribúe non só a aumentar os medos e as dúbidas, a confusión de conceptos



@deninlawley

¹¹ Léanse os artigos: <http://www.endocrinologiapediatrica.org/modules.php?name=articulos&idarticulo=412&idlangart=É> e <http://somospeculares.com/en-profundidade/reflexiona/transexualidad/>

(homosexualidade, transexualidad, travestismo, comportamentos de xénero non normativos etc.), senón, e o que é peor, a considerar como factibles as terapias e intervencións reparativas, cun descoñecemento das terapias afirmativas, acompañadoras e reafirmantes. Tanto persoas trans, como profesionais e moitas familias, sinalan as frecuentes malas prácticas desde saúde mental, psiquiatría e pediatría: profesionais que “advirten” ante o que pode suceder se x menor se presenta socialmente como trans, que tratan de “reverter a conduta” da persoa, profesionais que teñen modelos de xénero moi ríxidos e que as sinalan negativamente por incumprir a cisnormatividade, que mesmo culpabilizan as familias, maioritariamente as nais, pola forma en que educan xs seus/súas fillxs dunha maneira demasiado “permisiva” ou mesmo “transexualizadora”.

Moitas destas malas prácticas non se adoitan denunciar por medo ás consecuencias cara ao/a menor (por exemplo, non conseguir o informe de disforia de xénero, o que impedirá acceder a tratamentos médicos demandados ou cambio legal de nome e sexo). Outras veces resólvese ao interpor unha reclamación, pedir un cambio de profesional ou non volviendo máis á consulta.

Desde ARELAS, reclamamos coñecemento e rigorosidade nos discursos e atencións dxs diferentes profesionais que teñen que atender a menores trans. Menores que, como o resto, só terán unha infancia, só unha adolescencia.

4 Paradigma actual no tratamento da transexualidad infanto-xuvenil

O modelo actual na forma de ver e tratar ás persoas trans pódese resumir nestas ideas e accións amplamente estendidas:

- Un cuestionamento xeneralizado do que senten e expresan xs nenxs/adolescentes trans. Xs menores trans teñen que “demostrar” o que son a través do cumprimento de criterios diagnósticos estereotipados do DSM-5¹² (baseados en gran medida na escolla de xogos, xoguetes, compañeirxs de xogos e expresións de xénero atribuídos socialmente “ao outro xénero”). As identidades non se poden diagnosticar desde fóra en base a ningún criterio, só poden ser expresadas e manifestadas pola propia persoa.
- Unha mirada patolóxizante e biomédica das identidades trans, que supón a necesidade dun proceso de diagnóstico e de descarte de “outra” patoloxía mental que xs poida confundir, para poder ser recoñecidxs como as

persoas que son (catalogan -ou non- á persoa como transexual, permitindo ou bloqueando o acceso de tratamentos que poidan demandar). Para a obtención do diagnóstico e por tanto acceso a futuros tratamentos, avalíase a persoa en función ao grao de adecuación ás normas de xénero (trazos físicos e psicolóxicos que este modelo atribúe aos homes e mulleres de forma estereotipada). Desde este modelo biomédico dáse acceso a servizos unicamente a persoas transexuais que encaixan no ideal deste paradigma (“de home a muller” ou ao revés) e, por tanto, é un modelo excluínte que deixa fóra a todas aquelas persoas que non encaixan nos parámetros que consideran “normais” (por exemplo, persoas non binarias que poden sentir a necesidade de non hormonarse aínda que si de modificar o seu corpo, ou á inversa). Ningunha outra persoa por ningunha outra circunstancia, ten que pasar por un proceso de diagnóstico da identidade para lograr o acceso a dereitos fundamentais.

- Tutela das súas vivencias desde unha mirada cisnormativa. Cada certo tempo teñen que pasar polas consultas de saúde mental para acreditar que seguen respondendo aos criterios diagnósticos do DSM-5, é dicir, no caso das nenas trans, que seguen sendo e comportándose “como unha nena”, e os mesmo para os nenos trans, teñen que ser e comportarse de forma “masculina”. Todas as vivencias trans merecen ser vividas en liberdade sen permiso nin tutela de ninguén, entendendo ademais que perfectamente unha nena-adolescente trans pode ser muller e ter expresións e comportamentos de xénero masculinos. Igual que o resto de nenas-adolescentes cis que optan por esta opción (a diferenza é que estas últimas non son cuestionadas ao ter unha vulva).
- Entendemento da transexualidade como sinónimo de disforia de xénero. Unha frase amplamente utilizada cara aos/ás trans é a de “unha persoa que vive atrapada nun corpo errado”, frase que tanto menores como persoas adultas escoitan e interiorizan unha e outra vez. Mesmo son preguntadas moi a miúdo de maneira impune polos tratamentos médicos e cirurxías ás que se sobreentende teñen que acceder para ser home/muller. De tal maneira, esta disforia de xénero que se dá por feito “padecen” todas as persoas trans, non ten en conta o impacto da transfobia, patoloxización e o rexeitamento social e familiar cara á súa corporalidade diversa, que a miúdo, son a fonte do malestar cara a elxs mesmxs e os seus propios corpos.
- A case obriga dun percorrido-itinerario único de atención á transexualidade (saúde mental-endocrinoloxía- cirurxías). Algunhas persoas trans que rexeitan este percorrido terán enormes dificultades para cambiar legalmente o nome e sexo no Rexistro Civil.

¹² Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais versión número 5.

Como se pode ver, na actualidade existe un paradigma no que existen unhas relacións de poder desde o ámbito médico e de saúde mental, onde as persoas trans e as súas familias están suxeitas ás decisións que toman outras persoas sobre as súas vidas, desposuíndoas do seu papel de axentes activxs e autodeterminadxs, que poden e deben tomar as súas propias decisións.

Por tanto, o verdadeiro reto ao que se enfrontan as persoas trans, sobre todo xs menores, é a de ser escoitadas, respectadas e entendidas como as protagonistas das súas vidas, como seres proactivos e non pasivos.

É necesario que xs profesionais da saúde mental que son tan necesarixs para acompañar e empoderar xs nenxs e adolescentes trans, deixen de pór a súa atención na disforia dx menor, e exploren e traten as consecuencias de vivir nunha sociedade transfóbica que rexeita os corpos diversos e a diferenza en xeral. Teñen que comprender que se debe apoiar e dar resposta ás demandas dxs nenxs e adolescentes trans no presente, coas súas necesidades e peticións actuais, que nin son arbitrarias nin pouco importantes, todo o contrario. Porque unha mala praxe profesional, unha mala relación coa familia que toma decisións apoiadas nestes profesionais, unha infancia ou adolescencia infeliz, son o suficientemente importantes como para apreciar o valor que ten o respecto e o recoñecemento que necesitan todas as persoas, aquí e agora. Velando en todo momento polo interese superior dx menor¹³, entendéndoos como unha persoa autónoma que sabe e debe tomar decisións sobre como poder vivir desde a súa identidade sentida.

Cando falamos de velar polo interese superior dun/unha menor trans, falamos de facilitarlle ou levar a cabo as seguintes accións:

- **Recoñecer a súa autodeterminación de xénero:** toda persoa ten dereito a expresar quen é e como vivir a súa identidade, tamén xs menores trans. Nin as familias nin xs profesionais poden impor unha identidade e unha forma de vida a un/unha menor.
- **Acompañar e respectar desde as súas casas:** facilitando pequenas accións que para elxs poden ser moi importantes como cambiar a roupa ao seu gusto, dirixirnos a elxs polos nomes que escollen, tratalxs polo xénero sentido, facilitarlles certas modificacións estéticas coas que se van a sentir máis cómodas: un corte de pelo, pór brincos, depilación etc., pero traballando a idea de que non necesitan “adornos” innecesarios para ser respectadxs e aceptadxs como as persoas que son.
- **Acompañar na escola:** solicitando a posta en marcha do protocolo educativo galego para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero¹⁴.
- **Dereito á rectificación do nome e sexo rexistral:** no Rexistro Civil de referencia. Todo o mundo ten dereito a ter documentos identificativos onde apareza o seu nome e xénero sentido, o contrario obrígaxs a mostrar publicamente que son trans, invadindo así a súa intimidade e creándose situacións incómodas de auténtica violencia para o/a menor e familia.

“O verdadeiro reto ao que se enfrontan as persoas trans, sobre todo xs menores, é a de ser escoitadas, respectadas e entendidas como as protagonistas das súas vidas”.

¹³ Véxase os Art.2.2 , 2.3 e Art.11 da Lei 26/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia.

¹⁴ Documento realizado e impulsado desde ARELAS aprobado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en 2016 https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno_1.pdf

- **Facilitarlle o acceso a tratamentos médicos que demande:** Bloqueadores puberales en desenvolvemento Tanner II¹⁵ ou tratamentos hormonais feminizantes e masculinizantes na idade necesaria (normalmente en Tanner IV).
- **Non patoloxizar a súa identidade:** A transexualidade non é unha enfermidade, por tanto non deben ser diagnosticadx/ tratadx/ tuteladx por persoal de saúde mental para poder ser as persoas que realmente son. Só deberían facer uso destxs profesionais para tratar e/ou acompañar as posibles situacións de acoso, rexeitamento ou discriminación, cando a familia observe sufrimento e ansiedade ou cando xs menores trans demanden esta atención de forma voluntaria.
- **Procura de asociacións de familias de menores trans** para que poida coñecer, compartir e convivir con outras persoas trans, o que reforzará e empoderará enormemente x menor e a súa familia.

É importante resaltar que nos últimos anos, as familias percibimos unha concienciación cada vez máis crecente nxs profesionais e unha preocupación polo coñecemento e un mellor acompañamento desta realidade. Cada vez máis profesionais son capaces de entender as experiencias e vivencias destxs menores e as súas familias, á vez que sinalan que é un erro «non facer nada» ou «esperar a que crezan», xa que defenden que xs menores necesitan apoio e comprensión hoxe. Entenden da importancia de empoderar ás familias e xs seus/súas fillxs, mostrándolles non só as dificultades, senón tamén a realidade de moitas vivencias positivas que gozan moitxs menores trans, evitando así que sentan como vítimas ou como persoas ás que hai que preparar para un mundo moi hostil. Profesionais que desde a empatía, acompañan xs seus/súas usuarixs entendendo a transexualidade como unha forma máis de diversidade e non como unha desorde mental que diagnosticar e tutelar. Profesionais que de maneira coordinada traballan con asociacións, derivándonos a moitas familias para que poidan estar con outras familias coas que compartir medos, vivencias e desexos de futuro.

Neste sentido, son os poderes públicos a través dos seus profesionais, os que teñen que asegurar o acceso a unhas prácticas profesionais non discriminatorias, transpositivas, empoderadoras e que teñan por obxectivo mellorar a vida dxs menores trans. Mais son xs traballadorxs desde a súa responsabilidade e conciencia individual xs que deben escoller o modelo a seguir no tratamento dxs seus/súas usuarixs trans.

5 O eterno debate da patoloxización das identidades trans

O debate sobre a necesidade de despatoloxizar a transexualidade ten unha grande importancia dentro do activismo trans, xa que moitxs defendemos que o feito de que as persoas trans teñan que depender dun diagnóstico e dunha tutela psiquiátrica é a base para a transfobia, a discriminación e o estigma social.

A transexualidade está catalogada desde 1980 como un trastorno mental, a “disforia de xénero”, un termo psiquiátrico que describe a situación pola cal as persoas trans teñen un sufrimento debido ao sexo e ao xénero

¹⁵ A escala de Tanner é unha valoración da maduración sexual a través do desenvolvemento físico de nenxs, adolescentes e adultxs.



@apsprudente

asignados no nacemento e como se senten co seu propio corpo. O concepto de disforia de xénero foi exposto por Norman Fisk en 1973 e servía para denominar tanto a transexualidade como “outros” trastornos da identidade de xénero. Segundo o seu criterio, a persoa transexual melloraría se comezaba un tratamento médico, que culminaba necesariamente coa cirurxía xenital. A medicina por tanto, debía ter un papel chave e intervir para corrir este *erro da natureza*.

En 1980 inclúese no Manual Diagnóstico e Estatístico de Trastornos Mentais (DSM-III), co pretexto de garantir así o acceso á terapia hormonal e cirúrxica das persoas transexuais (dando por suposto que toda persoa transexual requiriría estes tratamentos). Este manual foi revisado en varias ocasións e na súa versión DSM-IV déixase de falar de transexualidade para abordalo como un “Trastorno de Identidade de Xénero”. En 2013 pasou a ser “Disforia de xénero” coa nova versión do DSM-5. Este último diagnóstico refírese a aquelas persoas con «unha marcada incongruencia entre a propia experiencia de xénero expresada e o xénero asignado». Este manual recibiu e recibe grandes críticas desde o activismo e algúns profesionais do ámbito psico-médico, xa que segue considerando a transexualidade como un trastorno, a pesar de mencionar que persegue xustamente o contrario.

Xs que vivimos, acompañamos e traballamos con persoas trans sabemos que disforia de xénero e transexualidade non son sinónimos, posto que non todas as persoas transexuais teñen disforia de xénero nin quen a ten, tena no mesmo grao. Referirse así ás persoas transexuais induce a erro e non deixa de ser unha clasificación desafortunada e estigmatizante que vulnera os Dereitos Fundamentais destas persoas. Neste sentido, a Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015, no seu punto 3, considera unha violación dos Dereitos Fundamentais, entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. O Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental en Europa e os organismos internacionais de saúde. Engade que “manter este termo na categoría de trastorno mental, estigmatiza as persoas transexuais e restrinxen a súa liberdade á hora de escoller un eventual tratamento hormonal”.

Durante a 72ª Asemblea Mundial da Saúde recentemente celebrada, acordouse na 11ª revisión da CIE, que as identidades trans sexan retiradas do capítulo dos “Trastornos Mentais e do Comportamento” e que pase a denominarse “Incongruencia de xénero”. É necesario aclarar que o CIE-11 non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2022 e que levará de 3 a 10 anos a implantación dos cambios. Desde moitos ámbitos quixose mostrar esta noticia como a despatoloxización das identidades trans desde un discurso triunfalista, descoñecendo totalmente a loita, o discurso e a defensa de colectivos de todo o mundo que demandan ir moito máis alá que un simple cambio de nome ou capítulo no que incluírse dentro dunha clasificación de enfermidades.

Cando desde os colectivos trans se defende a despatoloxización das identidades trans, perséguese non só a desaparición da transexualidade dos manuais e clasificacións internacionais de enfermidades, senón tamén o acceso a dereitos humanos sen barreiras legais e, en particular, no acceso universal á atención de saúde sen diagnósticos nin tutela desde saúde mental. As persoas trans, incluídas as menores, os tratamentos médicos que poidan requirir deben ser recoñecidos como suxeitos activos, con capacidade para decidir por si mismxs. Trátase por tanto, de tomar a palabra para falar das súas propias vidas e de como queren vivirse, algo que ata agora fixeran exclusivamente médicxs e profesionais da saúde mental. Desde ARELAS rexeitamos os discursos médicos que requiren a obriga de transformacións corporais, test psicolóxicos e de vida real, canons cisxistas e binarios de xénero, longos períodos de espera para ser atendidxs, dúbidosos trámites administrativos baseados en protocolos inexistentes, a exclusión, a estigmatización e a segregación.

Porque con independencia de calquera clasificación que asevere o contrario, a identidade de xénero dunha persoa non implica, en si mesma, trastornos da saúde e non deben ser sometidas a tratamento ou atención médica e/ou psicolóxica de forma obrigada. Desde o empoderamento e o propio discurso do colectivo trans e as súas familias, trasladamos aos poderes públicos que as regulacións e requirimentos patoloxizadores e reduccionistas das persoas trans teñen que considerarse contrarias a Dereito, e que esiximos ser protagonistas na formulación de políticas e disposicións xurídicas que non patoloxicen a diversidade dos corpos e as identidades, e que, por tanto, sexan recoñecidas as múltiples identidades sexo-xenéricas e persoas que habitan ao abrigo do termo trans, facendo realidade medidas contra a transfobia e a discriminación.

Por suposto, cando falamos de despatoloxización, tamén pedimos que desaparezan as antigas “Unidades de Trastornos de Xénero”, agora chamadas “Unidades de referencia”, que lonxe de realizar un labor de asesoramento experto e transpositivo, formación, investigación, estatística, elaboración de guías de boas prácticas e de realización de cirurxías especializadas, realizan un labor de concentración de pacientes para o diagnóstico e a tutela das súas identidades trans, incumprindo o principio de non discriminación e non segregación, ao que aparece vencellado o principio de proximidade na atención sanitaria do artigo 14 da Constitución. Estes principios implican que as persoas transexuais non poden quedar excluídas do dereito á libre elección de médicx especialista que se recoñece a todxs xs usuarixs do Sistema Sanitario Público. En consecuencia, a posible existencia de “Unidades de referencia” debe entenderse como unha unidade cuxxs profesionais serán de uso facultativo e non obrigada, en tanto que o contrario suporía excluír ás persoas trans do dereito á atención de médicx especialista máis próxima.

En definitiva, o discurso e a loita pola despatoloxización trans é un cambio de paradigma no que a transexualidade non sexa unha patoloxía nin tampouco un

problema, senón que sexa entendida como un conxunto de traxectorias vitais posibles e heteroxéneas. Trátase de pasar dun modelo biomédico a un modelo de dereitos humanos¹⁶, en que xs profesionais da saúde mental acompañen e asesoren, e, non prescriban as formas de entender e vivir a transexualidade.

6 Conclusións

Desde ARELAS defendemos un modelo de boas prácticas na atención á transexualidade infanto-xuvenil baseado en:

- Crer na autonomía dx menor trans como suxeito de dereito que sabe, pode e debe tomar decisións e expresarse libremente (mesmo moito antes dos 16 anos).
- A desproblematización das identidades trans.
- Asesoramento e información veraz, non estereotipada e libre de prexuízos.
- Principio de non discriminación e non segregación, ao que aparece vinculado o principio de proximidade na atención sanitaria.
- Disforia de xénero e transexualidade non son o mesmo.
- Despatoloxización das identidades trans.
- Non establecer itinerarios únicos e adecuados de atención.
- Acompañamento transpositivo e empoderador.

É necesario que tanto as familias como xs profesionais da saúde mental mostren a nenxs e adolescentes trans, referentes diversxs e positivxs nxs que poidan verse reflectidxs, que visibilicen as múltiples formas de ser e vivirse como homes, mulleres ou persoas non binarias. Mostrarlles realidades e vivencias positivas e de aceptación de persoas trans, para que non se consideren un erro da natureza, ou como vítimas atrapadas en corpos errados.

As persoas adultas temos a responsabilidade de xerar un cambio social que permita a cada nenx e adolescente ser diferente desde a alegría e o orgullo, fóra dos modelos dominantes de normalidade, capacidade, beleza, masculinidade e feminidade que constrinxen e afogan a maioría dxs menores trans.

Liberémolxs de patróns ríxidos de como teñen que ser e presentarse ao mundo para poder exercer o seu dereito a SER. Acheguémolles a transexualidade infanto-xuvenil como un feito extraordinario, unha realidade que rompe co establecido, pero que enriquece enormemente a humanidade facéndoa moito máis interesante e diversa. Porque a verdadeira liberdade de ser, a autodeterminación dxs menores trans, só será posíbel se reciben o respecto e o acompañamento suficiente para empoderarse e levantar a mirada sen medo, orgullosos de ser como son. Unámonos a esta pequena revolución do xénero e non permitamos unha soa infancia e adolescencia máis, perdida no camiño da esperanza, non só porque nos necesitan, senón porque seremos un pouco máis felices ao formar parte dunha sociedade máis xusta, máis igualitaria, máis libre.

Benvidxs á Revolución Trans.

¹⁶ Desde ARELAS apostamos por un modelo como o que realiza o equipo catalán Trànsit, baseado en un modelo biopsico-social con visión inclusiva da saúde. Máis información: <https://transformalasalut.wordpress.com/>

Glorario de termos

Andróxino: persoas que teñen características ou expresións de xénero moi ambiguas e polas que a primeira ollada non se sabe se é muller ou home.

Cisexual: persoa que si se identifica e sente como propio o sexo e xénero asignado no momento de nacer (en ocasións utilízase a abreviatura cis).

Xénero fluído: enténdese que unha persoa é de xénero fluído cando non se identifica cunha soa identidade de xénero, senón que circula entre varias.

Persoas non binarias: tamén coñecidas como genderqueer, referímonos a persoas cuxas identidades de xénero non encaixan nos espectros dos xéneros binarios (masculino e feminino) e que están fóra da cisnormatividade, podendo manifestarse como un abanico de xéneros afastados dos xéneros binarios.

Queer: identidade sexual ou de xénero que non corresponde ás ideas establecidas e binarias de sexualidade e xénero heterocisnormativas.

DÓ XESTACIONAL E PERINATAL, UNHA REALIDADE SILENCIADA

Eirene García Caro

PSICÓLOGA, PRÁCTICA PRIVADA. PRESIDENTA
DA ASOCIACIÓN MATRIOSKAS DE APOIO AO
DÓ XESTACIONAL E PERINATAL

✉ eirenegarciacar@gmail.com

RESUMO: Por desgraza, perder un fillo/a durante a xestación, pouco antes ou despois de nacer é unha realidade que ocorre en España a unha media de case cinco familias por día. Iso significa que máis de 2.000 familias ao ano perden un ou varios dos seus membros por esta causa co agravante de que no proceso de dó xestacional ou perinatal que se inicia, os factores psicolóxicos e feitos que o poden agravar ou facilitar son unha cuestión descoñecida pola maior parte de profesionais que atenden estes casos. Os pais e nais que se atopan coas palabras “estas tendo un aborto”, “non hai latexo”, “o teu fillo/a ten unha síndrome que é incompatible coa vida” poden non estar capacitados neses momentos para reaccionar, e somos os profesionais que os atendemos nese primeiro momento quen debemos ser a súa guía e apoio. Neste artigo fago un percorrido por todas estas cuestións, para axudar os profesionais, da psicoloxía e doutros ámbitos, a entender o que supón a perda xestacional e perinatal para as familias.

PALABRAS CLAVE: dó, psicoloxía, perinatal, agradecido, recordo.

ABSTRACT: Unfortunately, losing a child during pregnancy, shortly before or after birth, is a reality that occurs in Spain to an average of almost five families per day. This means that more than 2,000 families a year lose one or more of their members to this cause with the aggravating that the process of gestational or perinatal grief that begins, the psychological factors and facts that can aggravate or facilitate it are a matter of disadvantage by most professionals who attend these cases. Parents who encounter the words “you’re having an abortion,” “there’s non heartbeat,” “your child has a syndrome that’s incompatible with life” may not be able to react at the estafe, and we are the professionals who care for them in that who should be your guide and support first. In this article I walk through all these issues, to help professionals, psychology and other fields, understand what gestational and perinatal loss means for families.

KEY WORDS: grief, psychology, perinatal, grateful, remembrance.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Perda perinatal e dó.
- 3 Nais, pais e irmáns en dó. Testemuños.
- 4 Importancia da atención multidisciplinar en caso de dó perinatal.
- 5 Abordaxe psicoterapéutica: o camiño do dó perinatal desde a teoría e a experiencia.

PROCESO

Doe. Doe. Doe. Dó.
Enfado. Tempo. Acepto. Sando. Voo.
Irene G Punto

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Fernández-Alcántara, M.; Cruz-Quintana, F.; Pérez-Marfil, N.; e Robles-Ortega, H. Factores psicológicos implicados en el Duelo Perinatal. *Index Enferm* [online]. 2012, vol.21, nº.1-2, pp.48-52.

García Montes, J.M. (2019). Aplicación de ACT y Mindfulness a problemas perinatales. Curso Intervención psicológica perinatal desde una perspectiva contextual: embarazo, parto y posparto. Centro de Formación Continua. Universidad de Almería.

Jiménez Villalba, S. (2017). Propuesta para la Revisión y Redacción de un Nuevo Protocolo de Actuación ante la Muerte Gestacional y Neonatal en el Hospital Materno Infantil de Jerez de la Frontera.

López García de Madinabeitia, A. (2010). Duelo perinatal: un secreto dentro de un misterio. *Asociación Española de Neuropsiquiatría*, 2011; 31 (109), 53-70.

Odrizola, C. (1999). *Trabajando el duelo. Modelo práctico en 4 sesiones. Aplicación familiar y/o individual*. Asociación Española de Terapia Gestalt.

Payàs Pigarnau, A. (2011). *Las tareas del duelo. Psicoterapia desde un modelo integrativo relacional*. Paidós. Barcelona.

Payàs Pigarnau, A. (2014). *El mensaje de las lágrimas: Una guía para superar a muerte de un ser querido*. Paidós Divulgación. Barcelona.

REFERENCIAS WEB:

<https://www.facebook.com/Matrioskas>: Asociación de apoyo al duelo gestacional y perinatal

<https://www.umamanita.es>

1 | Introducción

A nosa sociedade vive de costas á realidade da morte, da finitude. A morte en xeral, e a morte perinatal en particular, constitúen unha realidade silenciada.

Habitualmente, aos bebés que morren durante a xestación denomínaselles non nados, aínda que a realidade é que todos estes bebés nacen, independentemente da idade xestacional xa que hai contraccións uterinas e expulsivo. O único que diferencia un bebé que nace san do que non é a maneira na que vén ao mundo: uns fano con e outros sen a posibilidade de continuar con vida.

Isto fai que a sociedade non os teña en conta, que non se rexistren nin se consideren membros da sociedade e por tanto das súas familias. Este feito evidencia unha realidade moi dura e é que, se non se rexistran nin figuran en ningures, se non existen para a sociedade, tampouco o deben facer para os seus proxenitores. Pero a realidade é ben distinta. Os seus proxenitores desexárono, imaxinaron e compartiron todo o tempo de vida intrauterina ou extrauterina con el ou ela e é unha perda real e sentida, tan dolorosa e lícita como cando alguén perde un fillo ou filla que naceu con vida.

Na nosa sociedade, o feito de converterse en pais e nais é unha cuestión que foi evolucionando conforme o fixo a sociedade e os avances tecnolóxicos no campo da medicina, especificamente no da Xinecoloxía e Obstetricia (López García de Madinabeitia, 2010). A nosa cultura sobre a maternidade, a paternidade e todas as cuestións referidas ao período perinatal en sentido amplo cambiaron e con iso o feito de como vive unha parella ou familia a perda do/a seu/súa/s bebé/s en calquera momento do embarazo.

Antigamente, o feito de que unha muller quedase embarazada non se sabía normalmente ata a segunda falta, perder un embarazo era considerado como algo “normal” e ata algunhas ocasións recibíase como unha liberación. Hoxe en día, cando unha muller queda embarazada pode sabelo mesmo antes da primeira falta, os embarazos desexados planifícanse, co cal é no desexo de converterse en pais e nais onde comeza ese vínculo co futuro bebé; o feito de poder ver o bebé e escoitar o seu corazón na ecografía fan que o vínculo de amor entre proxenitores e bebé iníciase antes de que tan sequera poida apreciarse visualmente que a muller alberga no seu ventre unha vida.

Para que se inicie un proceso de dó, a persoa debe percibir que perdeu algo ou alguén. Cando ocorre unha perda xestacional ou perinatal a sociedade tómao como algo “natural” ou de menor importancia, e os pais e nais vivimos un dó silenciado, non permitido.

Como pode ser para nosoutros “normal” perder o noso bebé querido e imaxinado? Como “non vai pasar nada” cando o vínculo cos nosos fillos se dá mesmo antes de que quedemos embarazados, desde que o temos no noso pensamento?



Foto cedida pola autora

2 Perda perinatal e dó

“O dó é tan natural como chorar cando te mancas; durmir cando estás canso; comer cando tes fame; espirrar cando pícache o nariz. É a maneira en que a natureza sanda un corazón roto”... “Non permita que ninguén lle quite o seu dó. Vostede ten dereito a sentilo e debe experimentalo. Se rompese unha perna, ninguén o criticaría por usar muletas ata que sandase. Se pasase por unha operación sería, ninguén o presionaría a participar nunha maratón á semana seguinte. O dó é unha ferida profunda. Non sanda da noite para a mañá. Debe esperar o tempo necesario e andar con muletas ata quedar san”.

Doug Manning. «No me quites mi duelo»

O dó é unha manifestación natural, non patolóxica, que ocorre en resposta a un acontecemento que tamén é natural, como a perda. Recordo que a miña avoa define a vida como “un dó constante”. Durante toda a nosa vida pasamos por diferentes tipos de perdas: evolutivas, materiais, afectivas, corporais, espirituais, socioculturais e laborais. Dentro desa manifestación entran a tristeza profunda, a desgana, o atordamento, o insomnio, o medo, a saudade, a pouca capacidade para concentrarse nas cousas, soñar coa persoa que perdemos, o illamento e un longo etcétera de reaccións emocionais, físicas, mentais e condutuais (Payàs, 2014).

En canto ao dó en xeral, escribiuse e investigouse moito acerca deste tema. As antigas teorías falaban do dó como proceso onde a persoa pasaba por unha serie de fases ben definidas: negación, ira, pacto, depresión e aceptación (Elisabeth Kübler-Ross). As novas teorías postulan que, en realidade, o que ocorre é que estas fases se superpoñen. É dicir, un día pódeste levantar chea de tristeza profunda, depresiva e deitarte en aceptación sentindo unha inmensa paz ou viceversa. O que quero dicir con isto é que hoxe día se entende que o dó é un proceso único, que cada persoa vive de maneira diferente. Sitúase a persoa como un axente activo do mesmo, xa que o dó é algo que a persoa ten que facer, non algo que lle pase (Neymeyer, 2000).

Centrándome no tema que nos ocupa, imos entender a perda perinatal como un concepto amplo. Considerado así, López García de Madinabeitia (2010) fala de que nel entran o embarazo ectópico, o aborto espontáneo ou inducido, a redución selectiva (en caso de embarazo múltiple eliminar un ou varios bebés para que o embarazo poida desenvolverse con éxito) a morte dun xemelgo en xestación, o feto morto intraútero ou intraparto, a morte do prematuro ou do neonato, e tamén os bebés nados con anomalías conxénitas e os fillos cedidos en adopción.

Neste artigo ímonos a centrar só nos casos de perdas onde este concepto se traduce en morte do bebé sexa a semana de xestación que sexa.

3 Nais, pais e irmáns en dó. Testemuños

Ser nai ou pai é unha cuestión que se inicia cun desexo. O desexo de dar vida. Para algúns de nós forma parte do sentido da nosa vida, para outros é o sentido da súa vida. Na nosa sociedade considérase que unha persoa é pai ou nai cando dá a luz un fillo con vida. Para as persoas ás que as circunstancias non llo puideron permitir polas diversas cuestións anteriormente expostas, non é así. Senten e padecen como pais e nais, pero teñen os brazos baleiros.

Antigos estudos sobre o tempo de xestación en que ocorría a perda e a duración e grao de complicación do dó concluían que canto antes se producía a perda menor tempo de dó e menor complicación do mesmo, pero estudos recentes ofrecen resultados distintos. Parece que existen outras variables que inflúen niso como a intensidade do vínculo respecto ao bebé, os soños e ilusións que crearon os pais e nais, os procesos de anticipación respecto da perda ou a historia de reaccións ante unha perda anterior (Fernández-Alcántara et al., 2012).

En canto ao xénero, parece ser que a dor é tan profunda tanto en pais como en nais, xa que como mencionamos antes, o vínculo afectivo empeza a estreitarse coa primeira ecografía e escoita do son do corazón do bebé. É común que os homes sexan quen “tiren do carro ao principio”, o que pode converterse en algo positivo porque dá sentido ao seu dó, ou pode ser fonte de conflito xa que o estereotipo de home que ten a sociedade fronte a estas situacións está asociado á fortaleza. Ademais, adóitase negar a súa dor, xa que se cre que a nai leva la peor parte e que el debe estar e ser o apoio. Poden ter falta de apoio emocional e, doutra banda, adoitan centrarse no traballo como vía de escape ao contacto coa realidade da perda (Fernández-Alcántara et al., 2012).

Respecto aos irmáns e irmás maiores destacar que poden aparecer sentimentos confrontados, xa que pasar pola perda dun fillo pode provocar que os pais os desatendan ou que estes fagan comentarios e preguntas que aos pais e nais poden resultarlles dolorosas ou difíciles de responder (Fernández-Alcántara et al., 2012).

A cuestión da cantidade de dor que debe producir a perda dun bebé é algo que nunca cuestionei, tanto en consulta como cando a algún amigo ou coñecido lle ocorreu e mo compartiu. Lémbrome embarazada da miña filla, cando dúas familias amigas, ás que aprecio, perderon os seus bebés, unha na semana 12 e outra que perdera dous bebés na semana 8. Ambas as dúas estaban esnaquizadas. Sentíanse incomprendidas porque ninguén llexitimaba a súa dor. A normalidade da perda no primeiro trimestre de xestación negáballes o dereito a sentir dor porque era algo “normal”. Pero para eles non era algo normal porque era a primeira ou segunda vez que xestaban e o perdían. E en canto á dor, preguntome: quen pode decidir ou cuantificar a magnitude da dor se non é a persoa que o está vivindo?

A dor producida pola perda non é directamente proporcional ao número de semanas de xestación en que esta perda se produce. Lexitimar a súa dor é algo que debemos ter moi presente á hora de atender a pais e nais que pasaron por iso.

Un dos obxectivos que me propoño escribindo este artigo é visibilizar diferentes realidades en canto á perda perinatal, visibilizar as familias que, por desgraza, pasamos por iso. A continuación, preséntovos diferentes testemuños reais sobre a perda e o dó en diferentes momentos do embarazo incluíndo o meu para que, desde a realidade da vivencia, poidades entender o sentido da abordaxe terapéutica e a importancia e o peso das accións dos profesionais que atendemos a estas familias, no proceso e no tempo de dó que vén despois.

Morte perinatal no primeiro trimestre: “bebé”

“O meu primeiro embarazo terminou en aborto espontáneo aos dous meses de xestación. Nunca imaxinei que a morte dun bebé ao que non chegas a coñecer doese tanto, xa que antes non empatizaba con este tema. Foi moi duro ver como no hospital me fixeron sentir abandonada sen ter en conta que “aquilo” que o meu corpo expulsou non era un feto, senón o bebé que esperabamos ver nacer. Foron moitas horas sen ningunha explicación nin atención médica. Volvín a casa con moita rabia polo trato recibido e coa alma rota polo baleiro que agora xestaba no meu interior.

Unha noite, antes de que todo ocorrese, soñei co meu bebé; respiraba con dificultade, a través dunha bolsiña que se enchía e baleiraba de aire, cada vez de forma máis débil, ata que o soño terminou. O seu rostro estaba sereno, non parecía sufrir e iso tranquilizoume moito. Con todo, ao espertar souben que nunca o abrazaría. Levanteime para ir ao baño e vin que manchara. Pouco despois os meus temores cumpríronse. Un día, o meu marido confesoume que tamén viu morrer en soños o noso bebé, pero calou para non preocuparme. Aínda que a tristeza máis profunda estivo presente durante meses, aquel soño foi moi importante para transitar o dó.

Sentíame mal porque o meu embarazo se interrompeu, pero á vez, alegrábame infinitamente pola mensaxe que o meu fillo me fixo chegar en soños e por outro suceso máis acontecido no hospital: o meu bebé confirmoume que “vida” é un termo tan amplo como “consciencia”. Vivín esa etapa coa tranquilidade de que o meu pequeno estaba ben, aínda que non fose ao meu lado e co asombro da súa capacidade para comunicarse con nosco. Iso fíxome avanzar sen traumas. Non deixaba de pensar que, se moitas mulleres e familias cuxos bebés falecen tivesen a posibilidade de conectar tan profundamente con esas pequenas almas, terían unha potente ferramenta para lidar coa dor e poder avanzar. Porque á dor pola perda, engádese a ignorancia da sociedade. Os demais, nin coñeceron o bebé, nin o sentiron dentro e por tanto, para eles, non existe. Pero afortunadamente, as cousas xa están a cambiar e cada vez hai máis hospitais implementado protocolos de atención, profesionais da psicoloxía especializándose en dó xestacional e perinatal, así como asociacións e mulleres que coñecen este dó e brindan a súa axuda a quen a necesitan.”

Mónica Rebollo. Lluvia de love.

“A dor producida pola perda non é directamente proporcional ao número de semanas de xestación en que esta perda se produce”.

Morte perinatal no segundo trimestre: “incompatibilidade coa vida”

Maternar a morte: “María”

“Tiña 37 anos cando quedei embarazada por primeira vez. Emocionoume moi especialmente ouvir os latexos do diminuto corazón que o ecógrafo sinalaba na pantalla, tanto que se me saltaron as bágoas. Todo ía ben. Como calquera outra primeiriza tiña moitas ganas de saber se era neno ou nena e empezar cos preparativos, decorar xa a súa habitación.

Nunha segunda ecografía infórmanme que é nena, pero... desenvolveu (en apenas dúas semanas) un teratoma sacrococcígeo, un tumor de pronóstico grave. En estado de shock consigo decatarme de que vai a cousa: se a nena sae adiante, terían que operala de inmediato, quedarían secuelas importantes e a súa vida suporta grandes dificultades. Tamén me avisan de que, nestes casos, o aborto está permitido. Esa última frase impáctame de tal maneira que desencadea unha serie de preguntas de moi difícil resolución: que sentido ten a vida?, para que vivimos ao mundo? Non atopo máis que unha resposta: quero a miña filla, quero evitarlle toda dor e quero que sexa feliz.

Aínda tombada na padiola, sinto a man do meu marido acariñarme mentres a voz do médico se afasta ata facerse inaudible. Invádeme entón unha gran seguridade, podemos! Non imos negar á nosa filla a oportunidade de ser feliz, de ser amada. Dímoslle ao médico que seguimos adiante.

Con todo, esa mesma noite, deixei de dicirlle cousiñas mentres me acariñaba a barriga como adoitaba facer. Tiña medo de encariñarme máis da conta e sufrir demasiado. Á mañá seguinte deime conta que tentaba fuxir e que, non só era inútil, senón que me facía desgraciada. A miña filla María merecía unha mamá que o dese todo por ela. O resto de noites elixo darlle a súa dose de tenrura habitual. Todas as semanas viamos, impotentes, o tumor crecer mentres o corazónciño de María empezaba a debilitarse. O médico respectaba a miña decisión de seguir adiante, tan só me advertíame de que o límite estaba na miña propia saúde. De ser así, díxome teríamos que falar.

Non fixo falta. Á semana 21 + 5 chégame o parto. Pedínlle á matrona que tivese suficientes calmantes preparados por se, ao nacer, María agonizase. Non quero que sufra o máis mínimo. No labor de parto, sinto unha necesidade imperiosa de berrar, pero unha vez máis me dou conta que podo elixir, e pregunteille á matrona se podía cantar, ela creu que son cantante o que me fixo rir xa que o fago fatal.

Ao tela en brazos, xa falecida, sentín moita paz, mirei o meu marido e pensei, cumprimos como pais, acompañamos a nosa filla durante toda a súa vida, dándolle todo o noso agarimo. Creo que tivo unha vida plena dentro de min. Grazas,

María por facerme mamá, por ensancharme o corazón, por ensinarme tanto en tan pouco tempo. Un ano despois son consciente de que cada unha das decisións tomadas me axudou a asimilar o irremediable, non vería a miña filla crecer, non a axudaría a dar os seus primeiros pasiños. Repetiría sen dubidalo. Sempre serás a miña nena bonita. Mamá quéreche.”

Elena Mateo. Coach de dó xestacional e perinatal.

Interrupción legal do embarazo: “Noa”

“Primeiro embarazo, inocencia pura. Noa, unha nena soñada. Desde a semana 12 detéctanse problemas que se van seguindo mediante probas no hospital e vanse descartando enfermidades polo que, tras tanta incerteza e sufrimento, empezamos a confiar en que Noa vén sa. Ata que, na semana 20, nunha ecografía detectan que ten unha enfermidade moi rara baseada nunha malformación no seu cerebro. O médico fainos un debuxo de como é o seu cerebro e de todo o que non se formou nel e, acto seguido, dínos que temos unha semana para poder interromper o embarazo legalmente. Indícanos que non busquemos información en internet e que nos citan nunha semana para saber a nosa decisión. A pesar de que tentaba ser cariñoso e, de feito, noutras ocasións posteriores si o foi, nese momento apenas achega máis información nin orientación. Cando conseguimos reaccionar, preguntámoslle que como sería a súa vida, que canto viviría e, polas súas leves respostas ou máis ben pola ausencia delas, entendemos que sería unha vida totalmente vexetativa e de hospital, sen falar, sen mirar, sen respirar... con intervencións constantes que reducirían a súa esperanza de vida.

Ante tal confusión, consultamos un amigo neurólogo e explícanos que o rango de severidade da enfermidade é o máis extremo. O meu irmán dedicouse a investigar por nós en internet e explicounos, máis ou menos, o tipo de vida que tería Noa. Ao noso redor case todo o mundo nos suxería, con moita prudencia, que interrompésemos o embarazo, que iso non era vida nin para ela nin para nós. E nós estivemos unha semana chorando a mares, sentíndonos no máis terrible dos pesadelos e delirando ás veces polo estado de shock. Unha frase do meu compañeiro e pai de Noa pareceu darme algo máis de luz: “Non podería vivir mirándoa sen poder saber se sentiría agradecida por permitirlle vivir ou chea de sufrimento e implorándonos (sen poder expresalo sequera) que por que lle fixemos iso”. Así que, co que consideramos o maior acto de amor que podíamos darlle e coa pouca conciencia que podíamos ter nese estado, decidimos deixala ir.

Derivámonos a unha clínica privada para interromper o embarazo, cos seus manifestantes antiabortistas na porta que che miraban como botádoche aos cans. Eu calaba e pensaba: “Oxalá non tivese que estar a facer isto”. Antes de ingresar, pido que doen á ciencia o corpiño de Noa para que investiguen, xa que se trata

dunha enfermidade tan estraña, pero non me fan asinar nada e indican que xa falaríamos diso. Vivimos un parto de 30 horas de dor no que eu só respiraba tentando aguantar as contraccións, a frialdade do persoal (ninguén preguntaba por Noa, nin por min, ningunha quería nomear nada, só medicalizar o proceso e que acabase canto antes) e, o máis terrible, ir soa ao quirófano, onde me sentía como unha vaca que ía ao matadoiro, abríame de pernas, silencio por todos lados e outra vez á cama a seguir esperando porque non se abría o colo do útero. Tiña a vaxina dorida despois de tantas exploracións bruscas. Tras aguantar así horas e horas, pedín ao xinecólogo que puxese un pouco de xel na luva para explorarme e, cando finalmente fíxoo, vin o ceo aberto. Ata que, finalmente, en quirófano, sen previo aviso, sen ningunha palabra nin xesto, sentín un tirón dentro de min como dunha corda que fai tope e, posteriormente, algo saír entre as miñas pernas. Foi a sensación máis terrible da miña vida e sinto que aínda hoxe, 5 anos despois, permanece na memoria do meu corpo. Dar a luz á miña filla en absoluta escuridade, soa, sen afecto, sen respecto, sen darlle presenza nin a ela nin a min. De súpeto alguén di “vamos a durmila” e o último que recordo é o médico sacándome do quirófano andando e explicándome que se me desgarrara o útero de forma moi estraña, que el nunca vira algo así, que me coseu como puidera pero que tiña que ir ao hospital. Pedinlle que explicase todo á miña familia porque, evidentemente, eu estaba cos efectos da anestesia e non me decatara de nada, de feito, apenas podía camiñar. O único que lle preguntei é polo seu corpo e volvíns insistirle en que o doase á ciencia, que servise para algo. Obtiven un silencio por resposta e, desde logo, non me ofreceu vela nin conservar nada dela. Tras chegar á habitación, insisto, “camiñando”, só quería descansar, pero todo o mundo estaba moi acelerado. Aí decateime de que a ruptura estaba moi preto da arteria xunto ao ano, e que a miña vida corría serio perigo. Mandan unha ambulancia na que, sentada nun asento, cambaleándome bruscamente dun lado a outro, temendo pola miña vida, me levan ao hospital.

Chegamos ao hospital e, tras un intre de espera, ponme na planta onde as familias permanecen xunto aos seus bebés recentemente nados (escóitaselles chorar no silencio da noite). Unha enfermeira entra na habitación durante esa noite e preguntame que como está a miña filla, pensando, evidentemente, que estaba viva xa que, claramente, non mirara a miña historia. Non souben que responder. O meu raciocinio non podía crer que eu estivese a pasar por semellante pesadelo e situáronme nesa habitación e unha enfermeira preguntoume pola miña filla co sorriso que xorde cando fálase dos bebés vivos. Cando cheguei á casa, sentín fortemente a ferida dos brazos baleiros e o corazón ardendo de dor. Entón souben que nunca volvería ser a mesma.

A experiencia na clínica foi algo que me traumatizou sempre, aínda hoxe pónense os pelos de punta ao lembrala. Afectou a miña sexualidade, a non concederme o dereito ao pracer, a sentirme culpable por tantas cousas, a encher o meu útero de escuridade. Aquel xinecólogo salvoume a vida e tamén ma encheu de memorias dolorosas, por tanta frialdade, por non mostrar ningún tipo de empatía, por facerme mastigar o tabú da situación, por non recoñecer a miña filla, por non falar dela en 30 horas, por non ofrecerme vela nin tocala nin conservar nada dela. Respirar todo iso, unido a tanto medo, provocou que ata eu mesma entrase nese rexeitamento, algo que logo provocou moita culpa, do mesmo xeito que a decisión de interromper un embarazo soñado, sen apenas información, sen respostas, sen orientación, en estado de shock. O trato do persoal, tanto na clínica como no hospital, tan deshumanizado, tan silencioso, provocoume unha das feridas máis grandes, a soidade, a falta de abrazo cando te sentes fráxil e vulnerable e levoume a botarme a coiraza para sobrevivir no meu silencio, sen pedir axuda. Porque nesta experiencia, na perda da miña filla Noa, todo foi soidade e silencio. Ata que elixín un camiño de luz e transformación, no que xa me habito.”

Maribel Rodríguez. Psicóloga.



Foto cedida pola autora

Morte perinatal no terceiro trimestre: “Inés”

“O día 15 de outubro de 2018, día da morte perinatal e xestacional, convertínome nunha desoutras ás que lle pasan as cousas. Ás 18:00 horas decateime de que o corazón da miña filla Inés, á que quedaban só 10 días para nacer, deixara de latexar.

A última vez que sentín a Inés foi de madrugada. Levanteime pola mañá e non se movía. Pensei: «estaré durmida. Agora cando almorce seguro que se activa. Ademais, ten moi pouco espazo». Almorcei, pero Inés non se moveu, algo en min díciame que non ía ben. Pero non quixen facerme caso. Volvíñ almorzar, pero tampouco se moveu. Díxenlle ao meu marido que me levase ao médico, porque sentía que algo non ía ben.

Fixéronme pasar. Puxéronme o doppler, pero a matrona non atopou latexo. Díxome que ía chamar a xinecóloga para que me fixese unha eco, que os aparellos ás veces non captan o latexo pola posición do bebé. A xinecóloga veu acompañada de dous médicos, levoume á eco e empezaron a chegar máis sanitarios. Todos miraban a imaxe do ecógrafo con cara de circunstancias. Recordo unha moza á que lle saltaron as bágoas. Foi entón cando o souben e preguntei -Que non, non?- e o médico fíxome un xesto coa cabeza e díxome: «Non. Non hai latexo».

Nese momento peguei un salto da padiola e os médicos non facían máis que dicirme que estivese tranquila (recoméndovos lembrar non dicirle a ninguén nunca iso de “tranquila”, cando ocorre unha situación que é para non estalo). Recordo que só díciá: «non me pode estar a pasar isto a min hoxe. Non pode ser». Chamei a miña familia para organizarnos co meu fillo e que viñese o meu marido ao hospital. Despois, só podía pensar na información da Guía de Umamanita que lera pola mañá e unha historia viral sobre unha balea asasina á que lle morrera unha cría e a levará no lombo durante tres semanas. Repetíame unha e outra vez que tiña que afrontar a situación, aínda que pensase que ía tolear.

Elixín o parto natural. Quería afrontar a morte como o fan os animais. Grazas á vida, apareceu tamén Aroa, unha matrona que me acompañou e que está formada en dó. Sentín que falaba o meu idioma, que me entendía e en todo momento deume opción do que facer e recomendoume o que era mellor para min e para o dó. Non vos nego que mentres dilataba e paría a miña mente non paraba de dicir «seguro que ocorre un milagre e cando salga, póñanla encima e escoite o teu corazón, espertarase». Non pasou. Dar a luz a túa filla morta é un paradoxo da vida, pero é unha realidade que existe e ocorre e debemos estar preparadas para iso as familias e os profesionais que nos atenden.

O parto foi unha experiencia para min preciosa, pero sen a recompensa da vida. Ás 13:30 puxéronme encima, estaba quentiña. Aroa ofreceume tomarlle pegadas de mans e pés e que, se quería estar un intre con ela para despedirme, despedirnos. Ás 15:15 do día 16 de outubro estaba fría. Chamei a matrona e levouna para sempre.

Pedín que, por favor, non me puxesen nunha habitación con bebés e tentárono, pero como estaban de obras, en xinecología había dúas habitacións con bebés e puxéronme xusto en fronte. Lembro unha noite moi dura espertándome cos prantos. Sumíame nas bágoas, a rabia e o enfado. Cansa e abatida decidín aceptar que esa era a miña realidade e que, fóra, había outras realidades que afrontar. Afrontar a morte da miña filla desde o primeiro momento axudoume moito no meu proceso de dó.

Para min, o feito de sentirme comprendida, respectada, acollida e aceptada na miña dor, e a pesar del, está a axudarme moitísimo. Que empaticen comigo e me digan «é horrible, pero a dor mitígase co tempo», «non sei que dicirche, só que o sinto moitísimo», «como te sentes, como estas, aquí estou». Tamén o está facendo a miña profesión e sobre todo o altruísmo, que como di Boris Cyrulnik «é un mecanismo de lexítima defensa para combater a dor».

Eirene García. Psicóloga.

Morte neonatal: “Sophie”

“Todo comezou o pasado 27 de decembro coa perda da miña filla Sophie. Ela naceu o 23 de decembro, cunha encefalopatía hipóxica isquémica. Desgraciadamente non había ningunha esperanza. Puidemos estar con ela 5 días, os mellores e os peores das nosas vidas, pois sabíamos que todos os nosos soños, ilusións, unha vida xuntos e o mellor que creáramos marcharía inxustamente.

Ela ensinounos moitas cousas, a apreciar a vida, a ser mellores persoas e a ser máis xenerosos. Antes de irse foi moi valente e doou o seu corazón a outro bebé que o necesitaba.

O camiño do dó é longo e doloroso. Desde o principio aceptei a morte da miña filla, sei que é unha realidade e non vai volver. Pero moitas veces sentín a ira e a negación e, si, caín e toquei fondo, pero unha e outra vez tento levantarme e ao final consígoo con axuda, porque neste camiño ti elixes e podes elixir non estar só.

Sentir preto o meu marido, familia e amigos, poder falar con eles con naturalidade cantas veces sexa necesario, é moi importante, porque a min, falalo axúdame. Son afortunada de ter a persoas nas que apoiarme. Desde aquí doulles as grazas outra vez. Por estar sempre ao noso lado. Pero dicirvos que tamén acariñei a outra cara, amigos que se afastaron, persoas das que esperabas un síntoo, con iso bastaba, non estiveron aí. E dáme pena.

Eu sei que é difícil saber que dicir a alguén que pasou polo peor que lle pode pasar a alguén como é perder un fillo. Só dicir que non hai palabras que curen unha alma rota, pero que cun síntoo, un abrazo ou simplemente acompañar e escoitar, con iso, é suficiente.

Grazas á miña filla apareceron na miña vida persoas maravillosas, nais como eu, que perderon os seus fillos, e das que estou a aprender moitísimo. En especial unha delas, que cando lea isto saberá quen é, ela ensiname a transformar a dor en amor. O amor que a miña filla Sophie deixou en nós. Grazas, compañeira e agora amiga, por aparecer na miña vida cando máis o necesitaba.

Para ti, meu amor, papá e mamá quérente para sempre. Es o mellor das nosas vidas, pequena Sophie.”

Marta Masedo. Enfermeira.

4 Importancia da atención multidisciplinar en caso de dó perinatal

Os estudos realizados en relación á atención en caso de morte perinatal indican que a abordaxe da situación desde unha perspectiva multidisciplinar é importante (Fernández-Alcántara et al., 2012).

4ª) Ler o informe a todas as persoas nel involucradas. A miúdo nos informes psicolóxicos, especialmente nos periciais, describíense eventos que afectan a outras persoas que están relacionadas co suxeito do informe. No informe sobre a separación matrimonial de Rafael pódese ler...

"A partir do que refire Rafael, dá a impresión de que a súa esposa é unha muller moi estrita, rixida, incapaz de valorar o que el fai por ela, de maneira que os insultos e as infravaloracións son continuas. Provéen dun ambiente familiar violento, cun pai intransixente e de mal carácter. Desde que a súa esposa e o seu fillo viven cos seus sogros, Rafael ten serias dificultades para velo. A súa esposa só permite que o vexa dous días á semana -martes e xoves-, durante unha hora, de 19:00 a 20:00, que é un horario pouco conveniente para o neno e que ela sabe que interfere coa súa actividade deportiva. Segundo refire, a súa sogra presiona para que pai e fillo non teñan contactos normalizados e máis frecuentes."

Neste parágrafo fálase, obviamente, do propio cliente; pero tamén hai comentarios sobre a súa esposa e os seus sogros. Con independencia da solidez do fundamento que teñan os xuízos de valor do psicólogo, está a facerse referencia tamén a aspectos da intimidade destas tres persoas e, por tanto, deben coñecer o contido do informe (CDPs, art. 42) e dar o seu consentimento. Nos termos nos que está redactado é moi pouco probable que o dean, co que o psicólogo deberá corrixilo para que, sen faltar á veracidade, exprese as súas opinións e xuízos clínicos con maior imparcialidade (CDPs, art. 15). Aínda que unha persoa non sexa directamente o suxeito dun informe, se se describe algún feito relacionado con ela ou se expresa algunha opinión que afecta, directa ou indirectamente, á súa intimidade, é necesario solicitar o seu consentimento. Unha medida sinxela é ler o informe a todas as persoas implicadas e darlles a oportunidade de que expresen o seu acordo ou desacordo.

Nos informes resulta pertinente distinguir entre feitos e opinións. Os primeiros son externos e obxectivos, no sentido de que non dependen da valoración dos observadores que os presencian. As opinións, en cambio, son subxectivas e, por suposto, discutibles. Cando moitas persoas están de acordo nunha determinada opinión fálase de consenso, pero non por iso a opinión se converte en feito. O que un determinado equipo de baloncesto gañe máis partidos que outro é un feito. Que o que gaña máis partidos é mellor equipo, é unha opinión; como tal, pode ser compartida por moitos afeccionados, pero non deixa de ser unha opinión, nin pasa a converterse en feito. Nun informe psicolóxico non se deben poñer feitos falsos, nin omitir feitos pertinentes para o seu obxecto (CDPs, art. 48). Quen coñece os feitos son os que participan directamente neles. O psicólogo debe corrixir todos os feitos que non correspondan coa "realidade" que viviron os seus clientes. En cambio, pode e debe poñer os seus xuízos profesionais -opinións- de maneira fundamentada e clara (CDPs, art. 48), o que non implica que os seus clientes ou outros profesionais teñan que estar de acordo con elas.

5ª) Actuar con transparencia. Se, finalmente, decide facerse unha excepción e elaborar un informe psicolóxico en contra do desexo do cliente e non contando co seu consentimento, é preferible comunicarllo e entregarllo, igualmente, para que o lea e teña coñecemento do mesmo. Ao facelo así, estase a actuar en contra do seu criterio, pero con lealdade e transparencia. Desde unha análise comunicativa, espérase que o desacordo no contido se compense coa aceptación relacional que supón esta mostra de confianza (Watzlawick, Beavin e Jackson, 1967). Confianza que é a base de calquera boa relación, desde os negocios ao amor e, por suposto, é o fundamento máis sólido para a boa relación terapéutica, clínica ou profesional que, á súa vez, predí un bo resultado (Horvath, Del Re, Flückiger e Symonds, 2011).

3 As confidencias no curso dunha intervención psicolóxica

Pedro e Carmen, de 40 e 42 anos, levan casados 16 anos, asisten a unha terapia de parella por problemas de comunicación. Non teñen fillos. Carmen quere sentirse máis comprendida por Pedro porque non ve que el se interese por compartir actividades. Ela, ao volver do traballo, vai á casa e espera a que chegue Pedro para ter ocasión de facer algunha actividade xuntos. Pedro sae máis tarde de traballar, con frecuencia ten que ampliar o horario ou ten compromisos tras o horario laboral, polo que chega a casa á hora da cea ou máis tarde. Cando chega ve a Carmen desgustada e con mala cara. Recrimínalle a súa tardanza, o seu desinterese cara a ela e exponlle as súas sospeitas de que lle sexa infiel. Pedro négao e para evitar que a discusión suba de ton íllase coas súas cousas.

Tras unha sesión na que ambos os dous discuten por reproches dela e as excusas del, Pedro ponse en contacto telefónico co psicólogo para contarlle que a razón dos seus atrasos na chegada a casa é que ten un fillo de 10 anos do que Carmen non ten coñecemento. Non recoñeceu o fillo, pero si axuda economicamente a súa nai, da que nunca foi nin quere ser parella. Tres días por semana, ao saír de traballar, vai buscar o seu fillo á saída do adestramento, convídao a algo e acompañao ata a porta da súa casa. Por suposto, non quere que o psicólogo diga nada a Carmen desta conversación, porque "sería a puntilla para o noso matrimonio e a relación con esa muller foi algo excepcional e sen sentido. Axúdoa para que o meu fillo teña o mesmo que outros nenos e para que ela non lle comente nada a Carmen".

Con esta confidencia, feita coa intención de que o psicólogo comprenda o que lles pasa e poida axudalos mellor, Pedro pono nunha situación terapéutica imposible. Se garda o segredo fai unha alianza estable con Pedro que entorpece a necesaria alianza con Carmen, rompe a imparcialidade (CDPs, art. 15) e aumenta a incerteza sobre o bo resultado da intervención psicolóxica. Se, pola contra, na seguinte entrevista alude ao falado con Pedro, rompe o seu compromiso de confidencialidade e a incerteza dispárase. Carmen romperá a relación con Pedro?, abandonarán o tratamento ambos?, só Pedro? Sen dúbida, ningunha das dúas é unha boa opción.

Hai unha forma sinxela de evitar este tipo de conflitos. Xeralmente, cando as persoas van contar un segredo, avisan de que o que van contar queren que se garde en segredo. É moi posible que Pedro iniciase a conversación dicindo... "chámoche porque quero contarche algo moi importante e non quero que se decate Carmen". Aquí o profesional ten unha oportunidade de intervir dicindo... "non necesito saber nada que non poida manexar con liberdade segundo o meu criterio do que sexa mellor para vós e para o curso da intervención". Se Pedro insiste, o psicólogo puiden continuar... "quero que saibas que o meu compromiso cos dous implica que me sentirei libre de comentar con Carmen calquera cousa que me digas, o mesmo que faría contigo se ela me contase algún segredo relevante para os dous".

Unha circunstancia similar prodúcese cando se entrevista por separado a persoas dunha mesma familia. En moitos contextos os psicólogos tratan con familias. As persoas son seres sociais e a familia é o seu núcleo relacional primario. De maneira que calquera intervención psicolóxica que se fai cunha persoa afecta o resto do seu núcleo de convivencia, habitualmente a súa familia. A vida de toda a familia cambia cando cambia calquera dos seus membros.

Ana, 15 anos, e a súa nai, Marta, acoden á consulta de Psicoloxía Clínica. Viven con Francisco -pai- e Cristina -irmá maior-. Contan que Cristina se leva mal co seu pai e o outro día chamou á policía porque Francisco se puxo violento con Ana polos seus malos resultados escolares. Nin Francisco nin Cristina saben que Ana e Marta viñeron á consulta para solicitar unha mediación para evitar que, tras a intervención do xulgado, se produza unha orde de afastamento entre Francisco e Cristina, e un dos dous teña que ir vivir fóra do fogar, cousa que ninguén desexa. Ana négase a que o psicólogo informe o seu pai de que viñeron a esta consulta e Marta apóiaa. Din que ten moi mal carácter e temen a súa reacción se se decata de que pediron axuda psicolóxica.

Neste exemplo, Ana e Marta solicitan unha intervención que afecta a relación entre Francisco e Cristina, que non participan na consulta. Para iso probablemente sexa conveniente que o psicólogo se entreviste con eles, por separado ou en conxunto; coa participación de Ana e Marta ou sen elas. Pero teñen medo de que o resultado de tal entrevista sexa daniño para elas. O psicólogo debe gardar segredo? Francisco e Cristina teñen dereito a coñecer o que Ana e Marta lle contaron?

En principio, o compromiso de confidencialidade é persoal. Ao aceptar unha intervención o psicólogo asume un compromiso de confidencialidade con cada unha das persoas presentes. Outra cuestión é que para que se poida ofrecer unha axuda psicolóxica eficaz o profesional ten que ser libre de manexar as in-

formación que lle confíen con liberdade e guiado por criterios profesionais. A esta liberdade chámasele “capacidade de manobra” (Fisch, Weakland e Segal, 1982). Defínese como a posibilidade do profesional de pedir, propoñer e facer todo o que sexa necesario para o bo curso da intervención que solicita o cliente. En principio a capacidade de manobra abarca todas as circunstancias que se dan nunha intervención e, de forma moi especial, á xestión da información. Obviamente calquera información que lle dese en privado un dos membros da familia está suxeita a segredo e para comentalo con outro é necesario contar co seu consentimento (CDPs. Art. 40).

Nalgunhas circunstancias particulares, como nas intervencións psicolóxicas nas que está directamente implicada a familia, poderíase asumir que os clientes autorizan, implicitamente, o psicólogo para que xestione con liberdade e bo criterio a información que lle ofrecen. Se, máis tarde, outro membro da familia acode a algunha entrevista, o psicólogo ten o consentimento dos seus clientes para falar co recentemente incorporado os temas tratados con anterioridade. Este non é o caso do exemplo, porque explicitamente Ana e Marta negan tal posibilidade. Para resolvelo, o psicólogo necesita exporse se dispón de suficiente capacidade de manobra como para conseguir que a intervención sexa eficaz. En caso afirmativo, pode dar algunha indicación para que Ana e Marta medien entre Francisco e Cristina a través da relación que teñen con eles. O bo resultado desta opción é incerto, pero non imposible. Ao mesmo tempo vaise gañando tempo para ampliar a capacidade de manobra. En caso negativo, primeiro expón que con esta limitación é improbable conseguir o que elas piden. Esta negativa para intervenir é unha forma de aumentar a capacidade de manobra (Fisch et al. 1982. pp. 64). Ana e Marta poden facer concesións para o uso libre da información se se lles ofrece a seguridade que necesitan para asumir o risco de expoñerse á reacción de Francisco, e apoio para xestionar calquera posible reacción temida. Canta maior sexa a seguridade e o apoio que o psicólogo sexa capaz de ofrecer, maior será o risco que os seus clientes estean dispostas a asumir. Tales valores ofrécense a través da alianza terapéutica (Bordin, 1994). O psicólogo, tras dedicar un tempo para facer manobras para consolidala volve solicitarlles o consentimento para entrevistarse con Francisco e Cristina. En caso contrario, debe renunciar a continuar unha intervención polas escasas probabilidades de alcanzar os obxectivos dos seus clientes nas circunstancias actuais (CDPs, art. 26).



unsplash.com
©charlesdeluvio

4 Comentario final

A confidencialidade é tan importante para o desenvolvemento dun bo traballo, que a maioría dos profesionais, na maioría das circunstancias, a antepoñen a case calquera outro valor. Con todo, ás veces vese cuestionada. A seguridade das persoas, a obriga de denunciar, a necesidade de compartir informacións con outros profesionais ou con outros familiares, a xestión da información dentro das familias e outras circunstancias levan os profesionais a cuestionarse os límites do seu compromiso de confidencialidade.

Ningún valor é absoluto. A confidencialidade é unha norma que guía o profesional no desenvolvemento do seu traballo. Cuestionarse o compromiso de confidencialidade é unha excepción que, pola súa condición de tal, debe estar debidamente xustificada antes de levar á práctica. Afortunadamente, os psicólogos teñen formación e ferramentas para abordar os conflitos que se expoñen coa confidencialidade. Non en balde son expertos no manexo da comunicación. Así, cando os recursos doutros profesionais se esgotan, os psicólogos están en condicións de dar un paso máis no proceso de negociación cos seus clientes para chegar a unha solución acordada que sexa aceptable para todos os implicados no conflito. Por iso, antes de considerar faltar ao seu compromiso de confidencialidade -cunha denuncia, nun informe...- merece a pena buscar novos puntos de acordo, exporse se a boa práctica, a ética e, en última instancia, a lei, non permiten máis flexibilidade para facer novas concesións que faciliten unha solución acordada ao dilema e conseguir que a confidencialidade quede a salvo.

Na resolución dos dilemas, cando a confiabilidade gaña, toda a Psicoloxía gaña; cando perde, vén abaixo a relación profesional e con ela unha parte do prestixio da Psicoloxía, que tanto esforzo custa conseguir.

“Cuestionarse o compromiso de confidencialidade é unha excepción que, pola súa condición de tal, debe estar debidamente xustificada antes de levar á práctica”.



FERRAMENTAS

FERRAMENTAS

ELEMENTOS DUNHA INTERVENCIÓN NARRATIVA NO TRAUMA RELACIONAL

F. Javier Aznar Alarcón

PSICÓLOGO CLÍNICO, PSICOTERAPEUTA E SUPERVISOR. COORDINADOR DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A MENORES VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL INFANTIL E DE VIOLENCIA SEXUAL DA XUNTA DE GALICIA (FUNDACIÓN MENIÑOS).

✉ f.javieraznar@gmail.com

Nuria Varela Feal

PROFESORA TITULAR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. GRUPO DE INVESTIGACIÓN FILOSOFÍA, CONSTITUCIÓN E RACIONALIDADE.

✉ nuria.varela.feal@udc.es

RESUMO: A intervención no trauma relacional complexo implica atender dúas dimensións, unha vertical, que corresponde á biografía do paciente, e outra horizontal, que corresponde cos acontecementos relacionais que se dan no aquí e agora da intervención. Ambas as dimensións inextricables só aparecen illadas baixo a perspectiva do observador. O terapeuta, mantendo ambas as dúas en mente, debe decidir, estreteiramente, cal atender en cada paso da terapia.

PALABRAS CLAVE: Apego, narrativa, trauma relacional, self.

ABSTRACT: Complex relational trauma intervention requires focusing on two dimensions, the vertical one, that corresponds to the biography of the patient, and the horizontal one, that has to do with the relational events that happen at the here and now of the treatment. Both inextricable dimensions only appear isolated under the perspective of the observer. The therapist, keeping both in mind, must strategically decide which one they are going to put the focus on at every step of the therapy.

KEY WORDS: Attachment, narrative, relational trauma, self.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Abele, A. E.; Wojciszke, B. (2014). «Communal and agentic content : a dual perspective model».en *Advances in Experimental Social Psychology*. Vol. 50, págs. 189-255.

Aznar, F. J. (2012). «Relatos, apegos y terapia familiar sistémica con niños y adolescentes» en *Revista de Psicoterapia* 23 (90-91), pp. 63-76.

Bowlby, J. (1989). Una base segura: aplicaciones clínicas de una teoría del apego. Barcelona: Paidós.

Byng-Hall, J. (1995). *Rewriting Family Scripts. Improvisation and System Change*. New York: The Guilford Press.

Cancrini, L. Océano borderline: viajes por una patología inexplorada. Barcelona: Paidós, 2007.

Diamond, G. M.; Diamond, G. S.; Liddle, H. S. (2009)- «The Therapist-Parent Alliance in Family-Based Therapy for Adolescents» en *Journal of Clinical Psychology/In Session*, 56:25, págs.1037-1050.

Hofstader, D., Sander, E. (2018). La analogía. Barcelona, Tusquets Editoriales.

Lamas, C. (2007). «Para comprender la adolescencia problemática» en *Redes: revista de psicoterapia relacional e intervencións sociais*, nº 18, pp. 63-85.

Polkinghorne, D. E. (1989). *Narrative Knowing and the Human Sciences*. Albany: New York Press.

Vetere, A., Dallos, R. (2012). Apego y terapia narrativa: un modelo integrador. Madrid: Ediciones Morata.

Yárnoz, D. (2008). La teoría del Apego en la Clínica, I: evaluación y clínica. Madrid: Psimática.

John Bowlby, o pai da Teoría do Apego, anticipou algunhas ideas fundamentais para entender os contextos biográficos e relacionais nos que as dificultades das familias cobran sentido: «ao subliñar a enorme influencia que exerce a nai no desenvolvemento do neno, tamén é necesario considerar que factores a levaron a adoptar ese estilo nos seus coidados. Un factor que ten unha grande influencia é o grao de apoio emocional -ou a falta del- que ela mesma recibiu no seu momento. Outro é o tipo de coidados maternos que ela recibiu de nena. Unha vez recoñecidos estes factores, a idea de culpar ós pais desvanécese e queda substituída por un enfoque terapéutico» (Bowlby, 1989, p. 148). Na nosa forma de entender a aplicación da teoría do apego cos menores en situación de risco, de aquí podemos derivar dúas lecturas simultáneas: a primeira é unha lectura *vertical*, interxeracional, das dificultades no contexto de crianza (e tamén fundamentalmente despatoloxizadora: as dificultades compréndense ao reconstruír unha historia que integre os acontecementos que as diversas xeracións deben afrontar co seu contexto e circunstancias actuais). A segunda é unha lectura *horizontal*, sistémica, ao considerar que as pautas que vai integrando o neno como aspectos da súa personalidade e o modo en que os pais os tratan son mutuamente influentes. É dicir, se os coidadores responden ás necesidades dos menores baseándose nas claves de lectura derivadas da súa propia experiencia, os intentos de adaptación dos menores ás dificultades dos seus pais poden corroborar esas mesmas claves de lectura na medida en que poden ser ameazantes para eles. Unha das nosas pacientes era a nai dun precioso bebé. Sendo gravemente maltratada pola súa propia nai, buscaba confirmar que ela era unha boa nai para a súa filla. O seu temor levábaa a reaccionar de maneira ambivalente coa súa filla: nos momentos nos que resultaba difícil acougala, axitábase sentindo que o pranto da súa bebé confirmaba que non era unha boa nai, polo que se anoxaba con ela e respondía de maneira agresiva. Logo, a culpa levábaa a querer compensala cun trato sobreprotector e asfixiante. Ambas as reaccións afectaban á bebé, oscilando esta en separarse da súa nai e, simultaneamente, mostrándose desconsolada. De novo estas reaccións volvían frustrar á nai, cristalizando a interacción problemática. Como vemos, ambas as lecturas, vertical e horizontal, son recortes da experiencia que parten da perspectiva que elixe o observador, pero danse simultaneamente e son recursivas. Tal e como ocorre no famoso cadro de M. C. Escher *Mans debuxando*, no que dúas mans se dan vida unha á outra, o interxeracional xera procesos sistémicos, pautas de interacción aquí e agora, que realimentan os procesos interxeracionais.

Estas dimensións poden verse como unha liña de organización entre moitos modelos de psicoterapia e, máis en concreto, na terapia familiar. Os de orientación máis psicodinámica, *verticais*, adoitan criticar a falta de profundidade nos modelos de tipo horizontal, especialmente naqueles definidos pola intervención breve, estratéxica, centrada na solución de problemas. Os *horizontais* adoitan supor, á súa vez, que os verticais se distancian das dificultades concretas das persoas ás que tentan axudar ou das súas capacidades para afrontalos. As dúas posicións, cando son levadas ao extremo, adoecen dunha falta de complexidade xa que están inextricabilmente interrelacionadas. A nosa proposta é que o profesional, ténndoas en mente, debe decidir, estratéxicamente, cal das dúas (ou as dúas de forma inclusiva) se explicitará no transcurso da intervención atendendo ás expectativas dos pacientes, ao nivel de crise no momento en que actuamos, á capacidade de diálogo das persoas que rodean á vítima, seguir a consigna de evitar unha experiencia de retraumatización e ao nivel de confianza e seguridade que se puido establecer no contexto da intervención.

Os contextos en que traballamos con menores vítimas de trauma relacional implican, con frecuencia, a inclusión de membros da familia ou doutros profesionais (educadores sociais, psicopedagogos, traballadores sociais etc.). As entrevistas en servizos psicosociais e de saúde mental son unha experiencia que estimula a disposición ao apego dado que, por definición, a persoa que acode está en situación de pedir axuda a alguén

unsplash.com
©nickwilkes

a quen se lle supón a competencia para ofrecela, sumado á expectativa de que, no transcurso da conversación, sairán a relucir dificultades e, con frecuencia, sentimentos relativos á tristeza, a angustia, a vergoña e/ou a culpa. As familias e os menores arrastran consigo a estes contextos os nós sen resolver das súas experiencias, pero cunha dificultade engadida á intervención individual: os membros da familia non poden controlar que é o que outros membros ou os profesionais van pensar, revelar e/ou actuar. Noutras palabras, esta situación de vulnerabilidade activa a necesidade de apego, de maneira que con toda probabilidade os membros da familia presentes porán en acción, diante dos profesionais, os guións cos que organizan a súa forma de responder as situacións ameazantes co risco de que os terapeutas sexan recrutados no guión familiar (ou pola perspectiva dalgunha parte da rede profesional). Hofstadter e Sander explícanos que ningún pensamento pode formarse con independencia do pasado, ou, para ser máis precisos, non poderíamos pensar de non ser polas analoxías que ligan o noso presente co noso pasado (Hofstadter e Sander, 2018, p. 46). As situacións de relación cos nosos cuidadores e persoas significativas, a través da repetición, interiorízanse como moldes, filtros perceptivos conectados estreitamente coa nosa memoria, a través dos cales interpretamos as experiencias que vivimos e dámoslles sentido, anticipamos a resposta dos demais cara ás nosas necesidades de proximidade e intimidade, considerámonos dignos ou non da atención dos demais ante as nosas necesidades afectivas, e regulamos a nosa conduta e emoción en base a eles. As situacións de trauma relacional supoñen unha distorsión da percepción dun mesmo e das relacións para adaptarse ás experiencias psicolxicamente extremas que se afrontan. Desde a perspectiva que estamos a seguir, a forma na que estes modelos están configurados é basicamente narrativa: permiten simular na nosa mente escenas con inicio (*necesito que me tranquilicen o temor que sinto*), nó (*atrévome ou non a dar o paso de buscar que a miña nai- ou a persoa que se propón para ocupar a posición de figura de apego no seu lugar- habitualmente fría, o faga*) e desenlace (*fluxo da escena negándome o meu propio temor e quedándome desprotexido*) e centran a súa atención nas motivacións e estados mentais dos personaxes (*por exemplo, a miña nai actúa así porque quere que sexa forte como ela*) e convértense nun mediador entre a realidade externa e a miña interpretación do que ocorre, é dicir, o meu *mapa do mundo*. Da mesma maneira que estas configuracións narrativas permitenme clasificar, asignar un sentido e anticipar o que vai ocorrer, as interaccións familiares e as interaccións cos profesionais organízanse mutuamente, de maneira que as diferentes narrativas conflúen en pautas e patróns, regras e crenzas compartidas ou contrastadas sobre como afrontar as dificultades e as perdas e abordar os problemas da vida cotiá e as necesidades de proximidade e intimidade (Bying-Hall, 1989). Os guións familiares precisan de flexibilidade para actualizarse segundo os acontecementos e o cambio nas necesidades, e o momento do ciclo vital da familia e os seus membros. Isto pode supor un reto para o diagnóstico do problema: cando os nenos viven situacións traumáticas ou unha dificultade alon-

gada no tempo na accesibilidade emocional dos seus pais ou cuidadores, estas poden afectar o seu desenvolvemento e as súas capacidades cognitivas e o control das súas reaccións emocionais e condutuais sen que a orixe relacional da dificultade se faga evidente. En consecuencia, poden levar a considerar os seus problemas unicamente como unha condición interna. Entendelos así pode resultar tranquilizador para adultos esgotados e frustrados (familiares e profesionais), pero condúcennos a unha situación complicada cando estes síntomas son, en realidade, estratexias secundarias de apego que os menores desenvolveron ante as dificultades no sistema de apego-coidado, e pode provocar unha restrición na capacidade de reacción dos terapeutas forzando aos nenos e adolescentes a seguir repetindo as mesmas estratexias que se manifestan como o problema (Vetere e Dallos, 2012). Á súa vez, o incremento das dificultades dos fillos reforza a cristalización das respostas pouco adecuadas dos pais. Refórzanse, na dimensión *horizontal* que mencionabamos anteriormente, os patróns de descontro entre pais e fillos (o que tradicionalmente se entende en terapia familiar como *procesos irónicos*, nos que o intento de solución reforza o problema). Na dimensión *vertical* xérase unha transmisión interxeracional na que os fillos quedan atrapados polas distorsións coas que os seus pais puideron elaborar a súa experiencia nas súas familias de orixe e que modulan a forma na que poden entender e atender as necesidades e motivacións dos seus fillos (Aznar, 2012). Esta dificultade de sincronización entre as necesidades dos fillos e a capacidade dos pais para afrontalas pode levar a unha exacerbación das posturas que se mostren nas primeiras entrevistas, ou ao tratar os nós de especial dificultade nas súas biografías ou na súa relación. Os *malentendidos* na interpretación das dificultades duns e outros aumentan o risco de comprometer ao terapeuta obrigado a tomar partido por unha escalada entre versións incompatibles entre si. Estes achados permiten presupor que a relación entre a alianza terapéutica e o intento de reparar o vínculo estriba en que son procesos isomórficos: ambos os dous comparten a necesidade da validación da experiencia de todos os implicados, unha contorna segura que permita a expresión emocional e un sentido de pertenza, que se atopa representado, na terapia, polo feito de estar enrolados nun obxectivo común. O terapeuta debe priorizar a construción dun clima de seguridade e, a través da súa receptividade cara ás preocupacións dos diversos membros, alimentar a súa participación no proceso. Harris (cit. en Yárnoz, 2008) analizou o impacto da disposición dos pacientes na construción da alianza terapéutica, suxerindo que as diferenzas con respecto ao apego das persoas que piden axuda esixe flexibilidade por parte do terapeuta para cambiar o foco ao aspecto da relación máis vulnerable. Desde este punto de vista podemos inferir unha relación circular entre a alianza e as dinámicas de apego na familia e cos profesionais: a disposición insegura ao apego implica a necesidade de recorrer a estratexias específicas por parte do terapeuta para recoller a vulnerabilidade das persoas coas que traballamos, e o establecemento dunha sólida e flexible alianza permítilles á súa vez ensaiar outras perspectivas e novas formas de relación. A

literatura parece confirmar a importancia e complexidade do equilibrio nas alianzas que se establecen entre terapeutas, pais e adolescentes para o desenvolvemento da reparación do sistema de apego-coidado (Diamond et al., 2009), poñendo de relevo a necesidade de estudar as diferentes dimensións da alianza terapéutica e o seu peso específico no esforzo de reparación do vínculo no desenvolvemento do proceso terapéutico, de maneira que permita priorizar o foco da intervención e expor estratexias terapéuticas. A nosa propia elaboración suxire que a incidencia en aspectos concretos da alianza terapéutica afecta a aspectos específicos do sistema apego-coidado. En concreto, que a promoción da conexión emocional apoia o incremento da función reflexiva nos pais con respecto aos seus fillos e que, fronte á hostilidade e o discurso negativo, apoiar a seguridade na sesión promove o incremento da sensibilidade coa que os pais entenden as emocións dos seus fillos.

As persoas con maiores dificultades tamén son as que poden verse atendidas por unha rede de profesionais máis ampla, o que nos obriga a engadir á ecuación as diferentes expectativas e motivacións dos profesionais envoltos na situación. Os profesionais, que carrexan na súa memoria as súas propias experiencias co coidado, e as institucións, que teñen os seus propios guiños que ditan que é posible e que non e como ler o que ocorre coas familias, interactúan coas mesmas dificultades, nós e posibilidades de cambio que os membros da familia entre si. De maneira que as institucións e redes profesionais, a pesar da súa vontade de prestar axuda e coidado, poden adoeecer da mesma falta de sensibilidade, de flexibilidade metacognitiva e de complexidade que os pais con dificultades cos seus fillos. Cando os puntos cegos da familia ou do paciente se enredan cos da rede profesional é cando se xeran isomorfismos, é dicir, o sistema que se xera mantén a mesma estrutura problemática que tenta reparar, e que se poden manifestar nunha narrativa dominante na que se responsabiliza á familia, ou ao paciente, ou aos colegas, da dificultade ante o bloqueo do proceso. O que podemos destilar disto é:

1. Tan importante como xerar unha alianza de traballo cos pacientes é xerala coa rede de profesionais implicados.
2. Nos encontros entre profesionais pode darse unha pugna (explícita ou implícita) polo punto de vista dominante sobre o que ocorre na familia e o que hai que resolver na terapia e como facelo.
3. A saturación de problemas, a falta de esperanza, o impacto do trauma nas familias, poden amplificarse cando a mirada dos profesionais *resoa* na mesma *lonxitude de onda* e as intervencións erradas reportan frustración, alarma ou impotencia nos profesionais.
4. É preciso introducir, na visión do que ocorre coa familia ou co paciente, a forma na que os profesionais están a incidir.
5. Na medida en que os profesionais sexan capaces de xerar unha base segura para a familia (ou para os membros susceptibles de recibir axuda), pódese reverter o proceso alimentando a súa sensación de competencia (duns e doutros) e volvéndoos co-partícipes das decisións sobre o curso da intervención e da súa propia vida.
6. É preciso pór atención en diferenciar o esperable (aquilo que os profesionais quixerían que as familias fixesen) co posible (aquilo que as familias son realmente capaces de facer atendendo ás súas circunstancias e ao peso do que viviron).
7. Se os terapeutas teñen o papel de traducir o sufrimento e dificultades da familia entre eles e amplificar as súas posibilidades, competencias e momentos de conexión teñen que asumir que, para facelo con éxito, deben facer o mesmo esforzo de tradución entre a familia e a rede, posto que os avances teñen que quedar ancorados nas narrativas profesionais.

“A promoción da conexión emocional apoia o incremento da función reflexiva nos pais con respecto aos seus fillos”.

Pola contra, os profesionais poden verse involucrados no nó entre as dificultades propias das familias e as dos seus contextos de intervención e corren o risco de verse arrastrados por eles. O terapeuta debe pensar en termos de construír unha alianza terapéutica con todos (rede natural e rede profesional) que permita compartir o sentido de seguridade e explorar a situación para elaborar unha definición da situación compartida na súa maior parte, que permita unha vía de axuda para a familia. Pero a alianza non é a terapia, senón a construción dunha base segura que permite e sostén o desenvolvemento da terapia. Soster a alianza e reparala cando está en risco son dous esforzos imprescindibles. Pero, ademais, hai que tomar decisións operativas no curso da terapia sobre o ritmo das intervencións, sobre que aspectos deben priorizar os equipos terapéuticos, e sobre como evitar que haxa unha transmisión das dificultades relacionais destas familias ao contexto da intervención para o que hai que penetrarse na historia latente das persoas ás que pretendemos axudar e traballar na construción de sentido que permita vivir dunha maneira mellor.

En consecuencia:

- Necesitamos desenvolver unha disciplina interna de autocoidado tanto o profesional como os equipos (múltiples actividades posibles engrenadas en tres áreas): 1) procura de apoio na contorna profesional (co equipo, na supervisión) e o persoal (círculo íntimo e na propia terapia); 2) a través do contacto con outras persoas e actividades contendo o espazo que o traballo cobre no conxunto da vida; 3) procurando distancia e reflexión sobre o proceso de intervención a través da supervisión, a formación continuada, a creatividade (diario, pintura, música etc.).
- Nas situacións de dificultade, buscar un elemento común entre a miña dificultade co caso e a dificultade que afronta a vítima ou a familia (que nos poden colocar nunha posición de simetría ou complementariedade), que é a base para o isomorfismo.
- Focalizar no núcleo emocional comprometido.
- Facer algo diferente, algo que trate de saír do guión que se destila dos dous puntos anteriores.

Laura, unha moza de quince anos, é derivada a unha unidade de hospitalización parcial para adolescentes por presentar un elevado risco de autolise. Nos seus antecedentes consta estar ingresada nun centro privado especializado no tratamento de trastornos alimentarios, do que sae de forma precipitada despois dun intento de suicidio por inxesta de fármacos de alto nivel de letalidade e que acaba nun ingreso hospitalario. Un mes despois da alta volve ser ingresada por un segundo intento. Os informes expoñen que, naquel momento, presenta ansiedade, perfeccionismo, trazos marcados de histrionismo, tendencia á manipulación, baixa empatía, conduta impulsiva, insomnio, pesadelos, indiferenza afectiva, ideas de culpa, incapacidade e desesperanza, ideación suicida, defensas de tipo

obsesivo e mecanismos de racionalización e intelectualización. Tamén se sinalan ingresos anteriores a través do servizo de urxencia por intentos de autolise de diversa gravidade.

Detrás deste profuso listado de síntomas atopamos unha moza que se enfrenta cun sentimento de baleiro que ameaza con afogala irremediamente. Mostra unha clara dificultade coas súas relacións. Víveas con profundo malestar e oscila entre o namoramento e a idealización dos primeiros encontros e o violento rexeitamento posterior. Manifesta sentir noxo polo seu corpo, á vez que viste con roupa que deixa moito del ao descuberto e que devolve unha imaxe moi sexualizada. Ten un abanico de síntomas que varían desde as oscilacións do humor (de momentos de profunda depresión a reaccións eufóricas nas que se sente capaz de todo) a crise de ansiedade, episodios de axitación motora na casa e fóra dela e episodios bulímicos. Pasa velozmente da sedución á ameaza, que nalgún momento do proceso terapéutico derivará en episodios esporádicos e breves de agresión cara a varios dos profesionais do hospital, aínda que sempre de forma contida (tentar golpearme no peito ou tirar algún obxecto a alguén cunha sospeitosa mala puntaría). Interrompeu os seus estudos por non sentirse capaz de seguielos. É difícil que ao longo do día non haxa alguén, profesional ou paciente, que non veña a falar dela porque perdeu o control, rompeu algunha cousa, pelexouse, quereuse marchar precipitadamente ou os desborda mostrando unha tristeza abafadora. Esperta intensas reaccións nos compañeiros, educadores e terapeutas, que poden oscilar entre o rexeitamento e a angustia e a sobreimpliación, pero coincidindo todos na dificultade común de non poder evitar tela en mente. É ilustrativa unha escena que se desenvolve no despacho da súa psiquiatra referente: despois de ter as entrevistas de valoración e de programar o ingreso no hospital, a psiquiatra coméntalle que lle parece vela algo mellor e un pouco máis animada. Case de forma inmediata, Laura colle o teléfono da mesa, arríncao da conexión na parede, e empeza a golpear con el os obxectos do consultorio, ata que esta ten que recorrer á axuda doutros profesionais para conter á moza. Tras uns días máis de observación proponlles, a ela e á súa familia, un programa de intervención en tres niveis: tratamento psicofarmacolóxico para os síntomas de disregulación emocional e condutual, acompañamento dos educadores na integración nas actividades grupais do hospital e psicoterapia na nosa unidade de terapia narrativa e de apego.

Carlos Lamas chama aos pacientes como Laura *nenos sufrintes que creceron* (Lamas, 2007). Comparten pasar por experiencias asociadas á perda ou ao trauma na primeira infancia, e pautas de relación na contorna que dificultan a validación das propias necesidades afectivas, cunha abafadora sensación de soidade pouco expresada e aínda menos recoñecida pola contorna, o que é común á maioría dos menores e adolescentes cos que intervimos. Ao chegar á adolescencia, a tensión asociada á eclosión da sexualidade, a progresiva desvinculación da

familia, a elaboración da propia identidade e a posta a proba das estratexias que desenvolveron para regular a proximidade e a intimidade incrementan a aparición dunha situación de crise. Todo este conxunto de síntomas e dificultades é difícil de abordar se non emerxe unha pauta que nos permita conferirlle sentido. Polkinghorne suxírenos que unha intervención guiada pola práctica narrativa debe facer manifesta a narrativa latente, axudar a construír unha narrativa unificada e reconstruír unha interpretación máis útil e coherente (Polkinghorne, 1989). A perspectiva que tomamos fronte ás dificultades que nos relatan define como nos imos a explicar quen é Laura, que dificultades está a tentar resolver coa súa forma de conducirse e, en consecuencia, como imos intervir con ela. Por tanto, non é só unha cuestión de estratexia terapéutica, senón tamén unha decisión ética. Se pensamos nas súas dificultades como intentos, a miúdo contraproducentes, de adaptación a situacións de vida difíciles e, polo menos no momento en que intervimos, carentes de alternativa, lévanos a varias consideracións:

- Nas súas dificultades hai aspectos positivos (mal encamiñados, mal orientados, con falta de flexibilidade, pero que son estratexias postas en marcha para tentar ter algo de control sobre as súas circunstancias e sobre a accesibilidade das figuras de apego ao seu redor) e que, por tanto, poden ser reformulados en termos de capacidades e competencias ás que recorrer;
- Acceder á súa situación familiar e ambiental como o lugar no que buscar sentido e recursos é apelar aos contextos nos que se desenvolveu a súa forma peculiar de atribuír sentido ao que sente e ao que segue sendo o seu contexto fundamental de vida;
- O concepto negativo do *self* que os menores con trauma relacional teñen de si mesmos restrinxe e o sentimento continuo de ameaza dificulta a capacidade para axustar a súa narrativa íntima aos feitos. As súas inferencias sobre o abandono ou os malos tratos se superpoñen sobre o que ocorre *aquí e agora*, limita a posibilidade de representarse escenarios diferentes e restrinxe, en consecuencia, a posibilidade de ter experiencias diferentes ás vividas. A nosa intervención ten que habilitar a posibilidade de propo-los como interlocutores válidos do proceso e axudalos a tomar decisións, acompañados por nós e polas persoas que se impliquen na terapia, sobre o curso do noso traballo en común. Propomos, entón, dous axiomas que serán o fundamento da construción das nosas hipóteses de traballo:
- Entender a conduta do neno e do adolescente, o seu estilo emocional e a forma en que se describe a si mesmo e os demais, como a resposta a un problema do desenvolvemento, fundamentalmente no sistema de apego-coidado. É, por tanto, a solución (estratexia secundaria de apego) a un problema que pode pertencer a outro momento da súa vida e que o contexto no que ten sentido non sexa evidente no momento actual (cando alguén crece, por exemplo, nunha contorna agresiva, non lle fai falta máis que un xesto mínimo, unha mirada, para entender a promesa do castigo, un xesto que pode pasar completamente desapercibido a quen o observa desde fóra). Cando se sufriu trauma relacional, aspectos insignificantes para nós poden funcionar como símbolos da experiencia, detonadores dos sistemas defensivos postos en acción ante os eventos traumáticos e que aparecen agora aparentemente sen sentido, descontextualizado das circunstancias que lle deron orixe.
- As infancias e adolescencias destes pais aparecen como un palimpsesto por baixo das dos seus fillos, e é a través delas que os miran. Canto máis coherente e integrada é a narrativa coa que conciliaron as súas experiencias, boas ou malas, maior probabilidade de que teñan unha mirada sensible e reflexiva cara ás situacións que afrontan os seus fillos. Propomos entender a conduta dos pais, cando hai un trastorno no sistema apego-coidado, como a resposta tamén a un problema da súa propia historia ao



unsplash.com
©acharki95

que hai que volver para reparar a relación entre pais e fillos. Cativados por un pasado traumático, non poden imaxinar un futuro diferente. Elaborar un relato coherente da súa propia experiencia, que ademais de recoller a dor, lles devolva unha identidade positiva e a seguridade para explorar e buscar mellores formas de conectar coas súas emocións e cos demais, é o mediador fundamental para un traballo de revinculación cos seus fillos ou, polo menos, para axudar a entender aos menores as circunstancias que viviron e a tomar distancia delas reconstruíndo unha imaxe máis positiva do seu self.

As sesións coa familia de Laura responden a diferentes convocatorias, nas que vemos á moza xunto aos seus pais divorciados (xuntos e por separado), co seu pai e a nova parella deste, e co irmán de Laura, dous anos menor que ela. As primeiras entrevistas axúdannos a descubrir que a irmá da súa nai morre nun accidente con dezanove anos, xusto ao mes de nacer Laura. Os avós poñen á pequena no centro da súa vida, como se fose a reencarnación da filla perdida (é algo que se expresa literalmente na sesión). A nai da nosa paciente cae nunha depresión profunda, sen palabras para expresar a súa dor a uns avós que negan o sufrimento centrados na neta, da que en parte a desposuíron, e en parte convertiron nunha rival polo seu coidado; e cunha parella, o pai de Laura, que aínda funciona como un adolescente e que non sabe como reaccionar ante a crise da súa muller. Este, que creceu coidando dun pai alcohólico, é tamén un home ferido que se distancia da dor cunha conduta evitativa, contestando con frivolidade e recorrendo á ironía cada vez que un comentario fai referencia a como se sente coas dificultades que están a afrontar.

Laura atopa o seu lugar no mundo como acompañante parentalizada da cronicidade da súa nai, compensando as carencias afectivas das dúas. A Laura, ese papel tan fusionado coa súa nai, no que coidar desta convértese na forma de manexar as súas necesidades de coidado desatendidas, déixaa sen esperanza de recibir coidado e proximidade se deixa de pagar o prezo de satisfacer a expectativa do outro, e restrínxelle a posibilidade de explorar e ensaiar interaccións cos iguais, básicos para a súa adaptación á vida social. Ao chegar á adolescencia establécese un patrón repetitivo no que cada paso de autonomía por parte da moza é acompañado do empeoramento da nai, e cada melloría da nai é acompañada dun empeoramento da filla, consolidando un patrón de *acomodación sistema-síntoma* (a lectura horizontal comentada anteriormente). A forma na que se manifestan estes aspectos de Laura é compartida con outras adolescentes con problemáticas parecidas coas que traballamos: inscribirse no relato dos demais como personaxe *enfermo* dótaas dun armazón de identidade, con poderosos beneficios secundarios (especialmente a sensación de que poden controlar a disposición dos seus coidadores), pero fráxil e insatisfactoria, ao lexitimalas a través dun artificio e non por si mesmas. *Están enfermas, pero non son as enfermas que din que son*. A substancial incapacidade dos pais e dos

avós de Laura para advertir as manifestacións do seu sufrimento, dándolles importancia e interpretándoas correctamente, son elementos fundacionais da súa non recoñecida *infancia infeliz*, que facilitou un funcionamento non integrado da súa mente, bloqueando ou investindo o progreso das súas capacidades para integrar as súas experiencias relacionais nunha narrativa que a presente como alguén susceptible de ser coidada e alentada.

Temos unha sesión individual con Laura que coincide con dous acontecementos relevantes: a recente ruptura cunha moza do hospital coa que iniciara un flirteo amoroso e a marcha da súa psiquiatra, quen se traslada a traballar a outra poboación e deixando a un dos autores como o seu referente. Apenas recoñece, de maneira mecánica, algo de sufrimento por esas dúas situacións de perda pero, máis tarde, volve buscarme para dicirme que sente o impulso de magoarse (o que implica unha acción que nos fala dun aspecto máis positivo do seu *self*: a procura de axuda e contención en alguén a quen empeza a aceptar, con todas as dificultades e temores que leva, a procura dun *porto seguro*). Eu quero saber con que cre que podemos contar para mellorar a súa situación. Sabemos o delicado deste momento porque as dúas perdas activan a idea do abandono e proxectan, na nosa fantasía, a posibilidade de que Laura necesite defenderse do temor de que eu tamén a deixe. Efectivamente, despois duns minutos de conversación, pega unha patada á mesa e rompe un bote con caramelos. A impresión que nos dá é que a súa ira mostra a súa frustración porque as miñas respostas non a acougan, e pola necesidade de negar que poida depender nalgún aspecto da miña axuda. Bowlby estableceu un camiño moi claro sobre a posición dun terapeuta influenciado pola teoría do apego ante estas manifestacións de sufrimento dos seus pacientes: «respectará a aflición ou a ira do seu paciente con respecto á separación e consideraráas como respostas naturais de alguén que se sente apegado a outra persoa, e ese respecto estará implícito en calquera cousa que diga ou faga» (Bowlby, op. cit., p. 176). Fálolle con tranquilidade do asustada que debe estar, de que debe sentir a perda, do difícil que é aceptar que alguén che axude, ter que volver confiar cando se vai quen che está axudando, e que quizais podamos reparar algo cos anacos que romperon (reflexo no que está a ocorrer na sesión do que pode sentir que ocorre cos seus vínculos). Tranquilízase e axúdame a buscar con que recoller o roto, e comprométese a facerme un obxecto nalgún taller para substituír o recipiente. Esta *anécdota* é relevante: da mesma maneira que non esperamos que os pais estean axustados todo o tempo, senón que teñan a sensibilidade de ver cando non están a captar ben as necesidades dos seus fillos e reparar os *curtocircuítos* na relación, os terapeutas tamén temos que aceptar a posibilidade de equivocarnos nas nosas hipóteses e intervencións, e recoñecelo e reparalo na medida do posible, tanto cos nenos e adolescentes como cos pais, dado que a preocupación polos menores pode facernos perder de vista, circunstancialmente, as dificultades que minan a capacidade dos coidadores

para atendelos ben e das que tamén nos temos que ocupar. Unha sospeita persoal é que a mellor alianza cos nosos pacientes non é a que sempre funciona ao mesmo bo nivel, senón aquela que esixe esforzo e reparación, porque alenta a certeza nas persoas ás que axudamos, de que as dificultades non nos desalentarán de seguir propoñéndonos como unha base segura, e que as afrontaremos cando as cousas non estean a saír ben sen transformalos en chibos expiatorios das dificultades na terapia (o que é moi probable que lles ocorreu no seu pasado nas súas propias familias de orixe).

Nas sesións co pai de Laura, o feito de recoñecer a dificultade do papel que se lle asignou de coidador do seu pai (indo buscalo aos bares, tentando evitar que bebese na casa etc.) e de apoio para a súa nai, axudan a que o pai consiga achegarse de forma firme e á vez afectuosa, sendo menos sobreprotector, pero sen sobrevalorar a incipiente capacidade de autonomía da súa filla. Durante a súa infancia e a súa adolescencia sentiuse invisible para os seus pais, enredados polas súas propias dificultades. O seu matrimonio fora unha réplica da mesma situación, coas dificultades da nai de Laura reclamando toda a atención. Ao poder expresar os seus sentimentos cara á súa propia historia e cara ao sufrimento da súa filla comeza a posibilitar a estruturación dun relato coherente onde se poden integrar as dificultades de Laura coa claudicación do seu pai do seu esforzo de facerse cargo, entender que a familia que formaron desenvolveu un guión que replicaba as dificultades da xeración anterior, co pai inhibido na toma de decisións respecto do coidado de Laura, e esta facéndose cargo da enfermidade da súa nai. O pai non soubo como integrarse no triángulo avós-nai-filla e tomou un papel de invisibilidade similar ao que sentiu ter cos seus pais. Agora dábase conta de que estivera tan ausente para Laura como os seus pais estiverano para el, proceso alimentado pola vehemencia das dificultades da súa filla, que o paralizaban.

Pero estaba disposto a reparar no posible a situación. Para Laura, escoitar a reconstrución do pasado do seu pai supuxo probablemente a primeira ocasión de sentir validados os seus sentimentos, á que vez que se pon un freo ao seu descontrol condutual. Isto relaciónase cunha segunda idea clave: a inconsistencia do coidado que recibira Laura e que produce unha burbulla de confusión ao redor das súas emocións e necesidades, tamén afecta ao seu sentido de *axencia*, de poder tomar decisións e facer algo por e para si mesma (Abele, A. E.; Wojciszke, B., 2014). É clara a dificultade de Laura para interpretar as intencións dos demais (por exemplo, a intención de axudala), da mesma maneira que se lle fai difícil crecer sen ter claro de que é capaz e que non, que quere e que non. A actitude do pai, un factor fundamental no tratamento, emerxe aquí como un recoñecemento adecuado e lexitimador das necesidades da súa filla, tanto de protección como de progresiva autonomía. Isto permítelle entender que pode deixar en mans da súa filla, e de que debe facerse cargo. Paralelamente tratamos de axudar a axustar o triángulo que se dá entre Laura, o seu pai e a parella deste. Nunha entrevista individual, esta muller, moi implicada con Laura, cóntanos que sufriu abusos sexuais na súa familia de orixe e que esta experiencia a conectaba profundamente con Laura (quen relata ser abusada na súa preadolescencia por un dos profesionais que a atendeu, sen que esta noticia tivese maior alcance, dado que os pais non lle deron verosimilitude e os profesionais anteriores non lle prestaron atención, entendéndoos como unha manipulación). Como adoita ocorrer, tras unha primeira etapa de namoramento mutuo, estalara a reacción negativa ao vínculo xerándose un proceso irónico: a maior esforzo por achegarse desta muller, maior sentimento de ameaza por parte de Laura (quizais, por temer o rexeitamento dela, quizais por temer repetir a relación coa súa nai, e porque a centralidade desta muller provocaba, de novo, unha maior exclusión do pai). Enfocamos a tarefa da parella como a de alguén que debía, fundamentalmente, dar soporte ao pai máis que a Laura.

“A mellor alianza cos nosos pacientes non é a que sempre funciona ao mesmo bo nivel, senón aquela que esixe esforzo e reparación”.

A súa nai aparece nas entrevistas individuais e nas que acompaña á súa filla ou ao seu ex-marido como a versión adulta e caricaturizada da Laura que ingresou no hospital. Reivindica participar do proceso da súa filla, pero con axilidade sitúase no centro da escena. Para ela, a relación coa moza é moi frustrante e acaba describindo unha pauta entre a procura de axuda mutua, frustración e rexeitamento. Quéixase ademais de non ter ningunha autoridade sobre Laura. Aos poucos vemos como empeza a reproducirse o ciclo de empeorar ela ao mellorar a súa filla, o que se lles explicita a ambas as dúas, á vez que a súa nai pugna por seguir sendo o centro de atención; e esforzámonos nalgunhas sesións conxuntas a axudalas a non reproducir a pauta de coidado e culpa que veñen repetindo e recoñecemos a inseguridade da nai con respecto ao coidado que precisa tentando redirixila aos interlocutores cos que debe afrontar o seu propio baleiro: os seus pais e o seu propio terapeuta. E conseguimos que poidan tomar algo de distancia, polo menos a suficiente como para que Laura poida romper a ata agora trágica identificación coa súa nai e o conflito de lealdade que sofre cada vez que sente ao dar un paso adiante. Mentres, nas sesións individuais, Laura vai ensanchando os círculos da espiral que vai trazando para construír unha incipiente autonomía, dos que rescato algúns episodios: Laura comeza unha relación de parella cun mozo. Anticipase ás críticas que cre que poderíamos facerlle, teme que lle resaltemos os puntos máis débiles da relación. Aceptamos que poida manter esa actitude crítica que me atribúe como un elemento de prudencia colocado en min e que lle permite facerse cargo do seu desexo de explorar. Realiza probas ao longo dos meses de precoz autonomía: retoma os estudos no instituto aínda que os deixa a pesar de que lle van ben. Prefire buscar un traballo, ou estudos menos esixentes. Considera ir vivir co mozo, e ao comentarlle as dificultades que implica a convivencia e a necesidade de que constrúa a súa autonomía desde bases sólidas, anóxase acusándonos de non valorar os seus avances, que xa non a coñecemos e que non lle fai falta a axuda dun psicólogo. Reconstruíndo con ela as secuencias de sesións anteriores constatamos que ampliou a súa capacidade de reflexionar, que ela mesma se fai a crítica, pero que non a pode soportar aínda, como se fose negar todo o bo que hai nela e o que conseguiu. Entón, depositaa en nós, ou nos seus pais, acomodándose na posición oposta, queixándose das críticas que en realidade ela pensou primeiro. Todos estes esforzos sinalannos que este esforzo de incrementar a complexidade e riqueza da súa narrativa non é un fenómeno de *todo ou nada* senón un fenómeno de transformación continua e de crecente complexidade. É frecuente que, en situacións así, observemos aos nosos pacientes dar pasos atrás e parecer que se desvanecen os cambios que conseguiron. Pero hai outra lectura posible, a de que estes movementos sexan a aparente desorde que xorde cando o noso modelo interno está a tentar asumir un maior nivel de complexidade, cando os membros da familia están a saír do guión e empezando a probar novas formas de achegarse e de intimar. O medo ante o cambio lévaos a reaccionar agarrándose á sensación de seguridade dos vellos hábitos. Se os terapeutas non o entendemos así, ou nos desalentamos,

podemos deixar de soste este proceso nun momento crucial. Que a nai poida timidamente saír do centro da escena, aínda que só sexa ocasionalmente (ou, en calquera caso, que nós manteñamos a Laura no centro do relato), que o seu pai asuma e lexitime o recoñecemento do seu sufrimento, que a parella do pai axude desde unha distancia estratéxica ocupándose lexitimamente do apoio deste home, parecen posibilitar que Laura poida empezar a afrontar o medo ao abandono e as súas carencias afectivas. Posiblemente, este período é o primeiro na súa vida no que sente que, por detrás do ata agora pobre repertorio de habilidades para a relación, válida e lexitima a súa vivencia emocional. Con altos e baixos, Laura é capaz durante os dous meses seguintes de mellorar a relación cos seus pais, de recoñecer que vai ir colaborando en construír unha situación de sobreprotección e crítica tanto na casa como no hospital, e que está a avanzar. A estabilidade dunha unidade de intervención, o acompañamento paciente e respectuoso por parte dos profesionais, a pesar das sucesivas provocacións e o traballo no grupo con outros mozos e mozas, permiten construír unha especie de espazo transicional, unha base segura, na que poder explorar as súas dificultades, asumir unha forma de vinculación adaptada ás súas necesidades e integrar a súa visión extremadamente polarizada en malo-bo dos demais, nun relato máis complexo e coherente. No esforzo por comprender a vivencia de Laura e dos mozos e mozas como ela, pasamos por unha «regresión temporal» provisional de nosa propia mente ao nivel en que funciona a súa. Como nos dixo Laura: «só me puido axudar quen se puxo nos meus zapatos».

Luigi Cancrini explica que cando as relacións se volven significativas para eles, a tendencia que mostran é a de fomentar situacións que poidan provocar na persoa que quixese axudarlles a cambiar, comportamentos ríxidos e repetitivos, similares aos que eles mesmos pon en marcha (Cancrini, 2007). Isto esíxenos aos sistemas profesionais estar atentos á forma na que a angustia destes mozos e as súas manifestacións resoan na forma en que os abordamos. No caso de Laura, un claro exemplo son as apaixonadas discusións do equipo sobre como actuar fronte aos impulsos de Laura, cos colegas escindíndose entre quen se identifica co medo ás consecuencias de non atender a angustia da moza, e os que ven nela movementos de manipulación e control. De forma paralela, resoan as dificultades dos pais entre os que ven as súas feridas e non se atreven a esperar máis deles, e aos que lles resoa a rabia da súa filla pola súa falta de accesibilidade. Xustamente é do recoñecemento e integración destas dificultades, de que sexamos capaces de construír unha narrativa máis rica e complexa, sensible ás súas dificultades pero atenta a rescatar a súa axentividade, que xorde a posibilidade de que poidamos axudalos, de conseguir manter e propor unha forma de funcionamento máis integrada e integradora.

Cando Laura está o suficientemente ben como para anticipar a proximidade do momento do alta, diríxese a min con todo tipo de impropiedades esixíndome a alta, cunha mensaxe que interpretamos como *antes de que me botes voume eu*.

Atendendo ás mostras de autocontrol que deu os meses precedentes, dígolle que estou dispoñible pero négame a falar con ela ata que non se tranquilice. Ao darme a volta, colle unha cadeira e empeza a golpear as paredes e a berrar. Mantémonos preto e atentos, pero sen reaccionar. Cálmasse. Acepta vir falar comigo. Quere a alta. Podemos reunirnos coa familia, acordar unha data, e quedar nun seguimento postalta a longo prazo.

O momento de maior dramatismo é cando, na sesión, a nai de Laura empeza a dicir que non ve ben á moza e volve ás dificultades de relación entre elas, como se esta vez fose a nai a que teme avanzar, anticipando o abandono (o seu?, o noso?). Laura móstrase enfadada e, ante todo, triste. Pero en lugar de explotar pregúntalle á súa nai que por que non a ve ben, que se non pode ver o que avanzou. Dille que é un día para celebrar. E que debería mostrarse contenta por ela. Podemos rescatar os avances, e mantémonos firmes no acordo, co compromiso dun seguimento postalta. Esta actuación de Laura mostra un avance, lento pero firme, na súa capacidade para manter unha percepción de si mesma congruente e intencional. O esforzo realizado parece que permitiu soste a terceira idea clave que propuxemos: o coidado sensible que lle tentamos brindar (e, en especial, o que recibiu do seu pai e da súa parella) está a permitirlle integrar mellor os seus estados mentais, a variedade de emocións e sentimentos que lle supoñen as dificultades da súa nai e o medo a afrontar unha maior autonomía. Desde o punto de vista que viñemos ofrecendo, hai un cambio na narrativa íntima de Laura (cambiou como personaxe, hai unha evolución na forma na que se relaciona e unha ampliación de relacións significativas, cambiou a súa visión dos seus pais, reconstruíronse as dificultades de relación en base ás experiencias familiares) e, en consecuencia, nas súas relacións (a través dunha proposta de relación tenaz en interaccións con ela e cos seus pais, e estimulando un cambio na forma de responder, especialmente do pai). Quédanos o interrogante de se con máis tempo de intervención coa familia (cada contexto institucional ten un calendario que non se corresponde, necesariamente, co tempo que precisa o vínculo, e hai que poder anticipar os cortes e separacións) non poderíamos incidir nunha mellora da nai de Laura, o que podería ser un factor preventivo para o sostemento dos avances da súa filla.

Durante os dous anos posteriores á súa alta, Laura continuou pasando de tanto en tanto pola unidade para saudar. Conseguiu traballo, retomar os estudos, e despois dun intento de convivencia errado, manter unha relación de parella estable. Fixonos saber que non sempre se atopaba ben. Aínda sufría ao ver a súa nai co seu percorrido biográfico paralizado, e utilizando o seu sufrimento como unha especie de bulimia afectiva, na que a voracidade non deixa espazo para os sentimentos dos outros. Pero, polo menos, Laura xa non se sentía responsable e podía sufrir por ela sen deixarse levar. Enfadábase, pero non sentía a necesidade de pelexar con ela. Estaba ben coa súa parella e, aínda que non

sempre podía, evitaba buscar a súa atención de forma abusiva ou tramposa. Conta Jean-Claude Carrière que cando lle preguntou ao neurólogo e escritor Oliver Sacks que era para el un home normal contestoulle que «un home normal era quizais aquel capaz de contar a súa propia historia porque sabe de onde procede (ten unha orixe, un pasado, unha memoria ordenada), sabe onde está (a súa identidade) e cre saber onde vai (ten proxectos e a morte ao final). Está situado, por tanto, no curso dun relato, é en si mesmo unha historia, e pode contarse». Laura é capaz de contar unha historia mellor que a que tiña cando empezamos a traballar. Reescribiu a súa biografía introducindo elementos que a axudan a entender o dano sufrido e a non identificarse con el (externalización do problema); sabe onde está (os seus estudos, o seu traballo, a súa parella) e proxéctase cunha imaxe positiva no futuro. Polo menos conta coas condicións como para considerala alguén coa esperanza de vivir unha vida que lle paga a pena.

É imprescindible, en casos como este, volver a mirada atrás, ao trauma e a antes do trauma, e tentar reconstruír e abordar as dificultades interxeracionais dos pais e, cando non é posible, traballar para que as vítimas constrúan unha narrativa máis ampla coa que poidan ter a opción de entender as súas dificultades como unha función do seu contexto de desenvolvemento e das respostas da contorna, e non como trazos da súa personalidade. Constituír unha base segura implica ser sensibles ás dificultades dos pacientes para afrontar as súas experiencias traumáticas. Insistir na revisión da historia, cando non están en condicións, pode ser retraumatizante. Unha vía alternativa está en centrarse no recoñecemento das emocións e en estimular a capacidade para recibir e dar un bo trato. *As palabras poden conter maxia, pero esta só funciona, ou funciona ben, cando se constrúen as condicións nas que se poida crer nela.*

ANUARIO ABERTO

CASO CLÍNICO

TRABALLOS PREMIADOS
NAS XXII XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE
DO COPG



CASO CLÍNICO

DE VÍTIMA A SOBREVIVENTE. UN CASO DE INTERVENCIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Inmaculada Sangiao Novio

PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA II. SERVICIO DE PSIQUIATRÍA,
HOSPITAL DE LAREDO. SERVICIO CÁNTABRO DE SALUD.
PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A LAS MUJERES.
DIRECCIÓN GENERAL DE SALUD PÚBLICA.

Cristina González Freire

PSICÓLOGA INTERNA RESIDENTE DO COMPLEXO
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA.

✉ inmasangiao@gmail.com

RESUMO: Defínese a violencia contra as mulleres como todo acto de violencia, baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter por resultado un dano ou sufrimento físico, psicolóxico ou sexual para as mulleres, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na privada (Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, Beijing, 1995). No presente traballo preséntase o caso clínico dunha muller de 25 anos derivada ao programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero. Derivada polo seu médico de cabeceira por sintomatoloxía ansioso depresiva. Varias visitas a urxencias por crises de ansiedade e agresións físicas que nun primeiro momento non se poñen en relación coa violencia exercida pola súa parella. Descríbese o proceso de intervención, tendo como obxectivos principais a seguridade da muller, a redución dos síntomas e empoderamento e retomar o control da súa vida.

PALABRAS CLAVE: violencia de xénero, intervención psicolóxica, fases de tratamento.

ABSTRACT: Violence against women is defined as any act of violence, based on belonging to the female sex, that has or may result in physical, psychological or sexual harm or suffering for women, as well as the threats of such acts, the coercion or arbitrary deprivation of liberty, whether it occurs in public or private life (Declaration on the Elimination of Violence against Women, Beijing, 1995). In the present work, the clinical case of a 25 year old woman referred to the program of psychological care for victims of gender violence is presented. Derived by her doctor for presenting anxious depressive symptomatology. Several visits to the emergency room due to anxiety attacks and physical aggressions that at first are not related to the violence exerted by his partner. The intervention process is described, having as main objectives the safety of the woman, reduction of the symptoms and empowerment and regain control of her life.

KEY WORDS: gender violence, psychological intervention, treatment phases.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Datos sociodemográficos.
- 3 Motivo de consulta.
- 4 Obxectivos.
- 5 Intervención.
- 6 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Bosch, E., Ferrer, V. A. y Alzamora, A. (2005). *Algunas claves para una psicoterapia de orientación feminista en mujeres que han padecido Violencia de Género*. *Feminismo/s*, 6, 121-136.

Consejería de Sanidad y Salud Pública. Dirección General de Salud Pública. Gobierno de Cantabria. *Protocolo de actuación sanitaria ante los malos tratos*. Servicio Cántabro de Salud, 2005.

Consejería de Sanidad y Salud Pública. Dirección General de Salud Pública. Gobierno de Cantabria. *Protocolo de atención sanitaria a víctimas de agresiones/abusos sexuales*. Servicio Cántabro de Salud, 2017 (actualización).

Dio Bleichman, E. (2011). *Mujeres tratando a mujeres con mirada de género*. Octaedro.

Garriga, A. y Martín J.C. (2010). *Guía de práctica clínica: Actuación en salud mental con mujeres maltratadas por su pareja*. Servicio Murciano de Salud. Región de Murcia.

Herman, J. (2004). *Trauma y recuperación: cómo superar las consecuencias de la violencia*. Madrid: Espasa.

Hirigoyen, M. F. (2006). *Mujeres maltratadas: los mecanismos de la violencia en la pareja*. Paidós Ibérica.

Romero, I. (2010). *Intervención en violencia de género. Consideraciones en torno al tratamiento*. *Intervención Psicosocial*, 19, 2, 191-199.

Romero, I. (2015). *Guía de intervención en casos de violencia de género*. Editorial Síntesis.

Sanz, F. (2004). Del mal trato al buen trato. En C. Ruiz-Jarabo y P. Blanco Prieto. *La violencia contra las mujeres. Prevención y detección*. Díaz de Santos. Madrid.

Walker, L. E. (2012). *El síndrome de la mujer maltratada*. Desclée De Brouwer.

1 | Introducción

As propostas de intervención en violencia de xénero están a centrarse nas potencialidades das mulleres co fin de axudalas a que recuperen o control das súas vidas e se sitúen nunha posición de maior autonomía, poder e confianza en si mesmas. Segundo a maioría das autoras neste campo, as intervencións psicoterapéuticas en violencia de xénero céntranse nos obxectivos básicos de obter a seguridade da muller, o empoderamento, a redución dos síntomas e en retomar o control das súas vidas. Walker (2012) enumera os principios básicos da terapia da sobrevivente, onde ademais de incluír os obxectivos mencionados, incide en salientar as fortalezas. Herman (2004) considera que as fases da recuperación nestes casos consisten en establecer a seguridade, elaborar o recordo e o loito e a reconexión coa vida. Bosch et al. (2005) desenvolven un modelo de psicoterapia de orientación feminista dirixida a mulleres que sofren violencia de xénero. Este modelo de intervención parte de que a muller non só é vítima dun suxeito violento, senón dunha sociedade patriarcal que inculca a violencia como recurso lexítimo. Algunhas das consideracións desde esta perspectiva refiren a necesidade de fuxir das explicacións centradas na psicoloxía individual, adoptar unha perspectiva de xénero, o traballo multidisciplinar e coordinado entre distintos axentes na intervención e a importancia de desnaturalizar e visibilizar a violencia. Romero (2010) aborda os conceptos para ter en conta á hora de intervir, recollendo que a perspectiva de xénero, a desnaturalización da violencia, o posicionamento contra a violencia, a especialización profesional e a toma en consideración dos fillos serían elementos chave.

2 | Datos sociodemográficos

Muller de 25 anos, filla única, solteira, sen fillos, reside nestes momentos cos seus pais tras abandonar a relación de parella. Non antecedentes previos de tratamentos. Traballo remunerado. Varios intentos previos de abandono da relación anteriormente. Quere interpoñer denuncia por violencia de xénero no último ano e medio de relación de parella. Consciente de sufrir violencia, refire violencia física, psicolóxica, económica, ambiental, social e sexual.

Pódense enumerar algúns exemplos de tipos de violencia que relata:

- Violencia física: golpes, rabuñadas...
- Violencia psicolóxica: insultos, descualificacións, ridiculización, atribución da culpa do seu comportamento...
- Violencia económica: esixencia de manexo da súa conta bancaria, darlle todo o diñeiro do mes, levar control de gastos/ingresos...
- Violencia ambiental: golpear portas, xanelas... co fin de xerar medo, "creo que ás veces facía esas cousas por non golpearme a min".
- Violencia social: illamento de familia, amizades, intentos de que abandone o traballo...
- Violencia sexual: insistencia en manter relacións sexuais, esixir relacións sexuais tras unha discusión,...

3 Motivo de consulta

Violencia de xénero na última relación de parella de ano e medio de duración. Derivada ao programa polo seu médico de cabeceira por sintomatoloxía ansioso depresiva e varias visitas a urxencias por crises de ansiedade e agresións físicas que nun primeiro momento non se poñen en relación coa violencia exercida pola súa parella. Nestes momentos pensa interpoñer denuncia por violencia de xénero.

Na primeira entrevista clínica refire síntomas postraumáticos: hiperactivación, pesadelos, *flashbacks* da experiencia traumática, sensación de estrañeza/ irrealidade, amnesia para certos episodios, embotamento, dificultades para organizar cronoloxicamente un relato do sucedido, necesitando para iso unha axenda onde relata fragmentos da historia durante o último ano e medio de relación de parella e episodios de violencia.

4 Obxectivos

- Seguridade da muller.
- Coordinación con outros servizos de asistencia xurídica. Apoio durante o proceso.
- Reconstrución da historia traumática: identificación de situacións de malos tratos a través da súa historia. Poñer en palabras a súa historia nun contexto de seguridade. Recordo e loito.
- Validación dos seus sentimentos.
- Énfase en fortalezas. Paso da visión de vítima a sobrevivente.
- Reconexión cos demais e consigo mesma.
- Entender a opresión de xénero.
- Tomar as súas propias decisións.
- Redución de síntomas.
- Identificación de feridas de xénero e establecemento de relacións de bo trato.

5 Intervención

1. Establecemento dun vínculo terapéutico.
2. Coordinación e orientación cara ao asesoramento xurídico. Ponse en contacto con servizo de asesoramento xurídico previamente á interposición de denuncia.
3. Poñerlle nome á violencia, poñer nome ás emocións que sente e validalas. Identificar as estratexias de control coercitivo, as diferentes formas de malos tratos e o dano psicolóxico consecuente. Axudar a recoñecer a

violencia e poñer palabras ás estratexias de malos tratos. Ao visibilizar as estratexias de control coercitivo, as diferentes formas de malos tratos e as feridas psicolóxicas, a muller aprende a relacionar as condutas abusivas co seu propio malestar.

4. Identificación de emocións que xorden: medo, culpa e vergoña. Identificar o significado das emocións que xorden e resignificar os síntomas que aparecen como respostas normais ante situacións anormais. Os síntomas postraumáticos que aparecen tamén se interpretan como un intento de dar sentido e significado á experiencia, como intentos de asimilar o ocorrido: os síntomas de hiperactivación como sinal da necesidade de manterse alerta e os síntomas de estrañeza ou anestesia emocional, que foron respostas de afrontamento da situación de malos tratos, como momentos de darse un tempo morto de respiro e recuperación, de ir afrontando aos poucos as cousas.
5. Construír un relato, integrar a experiencia para conseguir que a muller consiga relatar a súa historia de malos tratos e de vida de forma integrada á vez que se produce a transformación das memorias traumáticas. Trátase de relatar nun contexto de seguridade a súa historia. Traballamos a idea de abordaxe progresiva, ao seu ritmo, sendo cautas e non apresurarse. Ás veces a idea de “desenterrar os recordos” porque “se falo diso curareime” ten efectos prexudiciais. Esta fase débese realizar unha vez que se creou un vínculo de seguridade.
6. Identificación de mandatos de xénero, as feridas de xénero, o seu ideal de amor, o contexto no que creceu, a historia familiar e as súas relacións significativas. Para iso utilizamos gráficos onde se poida ir colocando de forma cronolóxica e non inconexa, que permita elaborar un relato organizado no tempo. Identifica o momento en que coñece á súa exparella, que coincide coa súa necesidade de abandono do núcleo familiar e necesidade de saír dese núcleo conflictivo.
7. Dó e loito: aceptación do final dunha relación onde se depositaron unhas expectativas.
8. Reconexión coa vida no sentido de reconstruír a súa vida, reconectándose a outras persoas e proxectos vitais que acheguen novos significados. Visibilizar relacións de bo trato. Expón como obxectivos vitais: cambiar de traballo e a necesidade de independencia e autonomía a través de independizarse do núcleo familiar. Establece novos vínculos e involúcrase nunha asociación de mulleres.

6 | Conclusións

Obsérvase progresivamente unha mellora cualitativa a medida que se vai traballando con ela, con redución da sintomatoloxía que estaba presente ao comezo. Conséguese estabilización a medida que se vai traballando na reconstrución da súa historia. Persisten temores en relación ao proceso xudicial que no que aínda está inmersa. Como conclusión e a modo de reflexión á hora de realizar intervencións en contextos de violencia de xénero salientase a necesidade de formación de profesionais sanitarios en detección de violencia de xénero dado que o contexto sanitario constitúe un lugar privilexiado para a detección dos casos de violencia e a necesidade de respectar os tempos. A intervención que se realiza con mulleres vítimas de violencia depende fundamentalmente de como nos posicionamos os profesionais, dado que en función da nosa actitude ante a violencia de xénero e ante as mulleres, así interpretaremos quen é a muller, que lle está pasando, por que se mantén nunha relación violenta, por que non o denuncia, e dependendo de como nos situemos ante ela, ou ben a culpabilizaremos ou ben a acompañaremos no seu proceso de recuperación. Tamén é un concepto fundamental a necesidade de traballo en rede e a coordinación con outros axentes intervinientes e a formación especializada neste campo.



unsplash.com
©fairytailphotography

COMUNICACIÓN ORAL

TRABALLO PREMIADO NAS XXIII XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

O ESTRÉS PSICOSOCIAL E A SÚA INFLUENCIA NA SINTOMATOLOXÍA ANSIOSO-DEPRESIVA EN PACIENTES ATENDIDOS NUNHA UNIDADE DE SAÚDE MENTAL.

Carlos Álvarez García

PSICÓLOGO CLÍNICO. CHUS.

✉ luis.carlos.alvarez.garcia@sergas.es

Cristina González Freire

PSICÓLOGA INTERNA RESIDENTE. CHUS.

✉ cristina.gonzalez.freire@sergas.es

RESUMO: **Obxectivos:** analizar a relación entre dous diferentes tipos de estrés psicosocial (estrés crónico e acontecementos vitais) na sintomatoloxía ansioso-depresiva e observar o papel das variables mediadoras (percepción de estrés e estratexias de afrontamento) na maior ou menor intensidade da devandita sintomatoloxía. **Método:** tomouse unha mostra clínica de pacientes que acoden a unha USM á primeira consulta, á que se lle administran diferentes instrumentos para avaliar as variables para estudar. **Resultados:** Os resultados mostraron unha correlación positiva entre as variables de estrés psicosocial e a sintomatoloxía ansioso-depresiva. As estratexias de afrontamento e a percepción de estrés modulan a devandita sintomatoloxía. **Conclusións:** o estrés psicosocial é unha variable moi significativa nos pacientes atendidos nas USM. Ademais, o apoio social e as estratexias de afrontamento proporcionan unha estratexia terapéutica moi útil para o tratamento destes problemas.

Resultados: Os resultados mostraron unha correlación positiva entre as variables de estrés psicosocial e a sintomatoloxía ansioso-depresiva. As estratexias de afrontamento e a percepción de estrés modulan a devandita sintomatoloxía.

Conclusións: o estrés psicosocial é unha variable moi significativa nos pacientes atendidos nas USM. Ademais, o apoio social e as estratexias de afrontamento proporcionan unha estratexia terapéutica moi útil para o tratamento destes problemas.

PALABRAS CLAVE: estrés psicosocial, estratexias de afrontamento, estrés crónico, acontecementos vitais, sintomatoloxía ansioso-depresiva.

ABSTRACT: **Objective:** to analyze the relationship between two different types of psychosocial stress (chronic stress and life events) in the anxiety-depressive symptomatology and to observe the role of the mediating variables (perception of stress and coping strategies) in the greater or lesser intensity of said symptomatology.

Method: a clinical sample was taken of patients who attended a USM at the first consultation, to which different instruments were administered to evaluate the variables to be studied.

Results: The results showed a positive correlation between the psychosocial stress variables and the anxious-depressive symptomatology. Coping strategies and the perception of stress modulate this symptomatology.

Conclusions: psychosocial stress is a very significant variable in the patients treated in the USM. In addition, social support and coping strategies provide a very useful therapeutic strategy for the treatment of these problems.

KEY WORDS: psychosocial stress, coping strategies, chronic stress, life events, anxious-depressive symptomatology.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Material e método.
- 3 Resultados.
- 4 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Holmes, T. H. e David, E. M. (1989). *Life change, life events, and illness*. Nueva York: Praeger.

Lazarus, R. S. e Folkman, S. (1984). *Stress, appraisal and coping*. Nueva York: Springer Publishing Company.

Sandín, B. *Estrés psicosocial: Conceptos y consecuencias clínicas*. Ed. Klinik. En Belloch, A. (2008) Vol.2 capítulo 1.

Selye, H. (1974). *Stress without distress*. Londres: Hodder & Stoughton.

1 | Introducción

Dentro da ampla conceptualización, investigación e diferentes aproximacións no estudo do estrés, destaca o papel do estrés psicosocial como unha variable relacionada con diferentes enfermidades somáticas e mentais.

O estudo do estrés desde a perspectiva de quen o padece é moi significativo e estudouse desde distintos campos da saúde, fundamentalmente desde o seu impacto nas enfermidades somáticas, como en enfermidades mentais e problemas psicolóxicos.

Un estresor psicosocial pódese definir “en termos de condicións psicosociais que o individuo percibe como ameaza, demanda, desafío ou perda e que poñen en perigo a integridade funcional do individuo” (Sandin, 2008).

Consideramos que o uso do paradigma do estrés psicosocial pode ser de grande utilidade na conceptualización do traballo e na abordaxe terapéutica dun gran número de casos que acoden ás Unidades de Saúde Mental.

2 | Material e método

O estudo é de carácter transversal. A mostra estivo composta por 156 pacientes, os cales foron avaliados durante a primeira consulta na USM, para obter as principais medidas das variables a estudar:

- Os acontecementos vitais e os estresores crónicos obtivéronse a partir da entrevista clínica.
- A ansiedade mediuse mediante o cuestionario ASI-3 (Anxiety Sensitivity Index-3; Taylor et al., 1998; Sandín et al., 2004).
- A sintomatoloxía depresiva obtívose mediante o cuestionario BDI-II (Beck, 1996).
- A percepción de tensión mediuse mediante a Escala *Perceived Stress Scale* (PSS) de Kamarck et al., 1983.
- Para avaliar as estratexias de afrontamento utilizouse a escala CAE (Cuestionario de afrontamento do estrés; Sandín et al., 1992)

A análise de datos realizouse mediante o paquete estatístico SPSS.



unsplash.com
©ethanhaddox

3 Resultados

Os resultados mostraron unha correlación positiva entre as variables de estrés psicosocial e a sintomatoloxía ansioso-depresiva. Dos dous tipos de estresores, as situacións de estrés crónico estaban máis relacionadas coa devandita sintomatoloxía.

Había unha correlación, tamén positiva, entre os diferentes tipos de estresores e a percepción de estrés, e entre este e a sintomatoloxía. A variable percepción do estrés actúa como unha variable mediadora entre os estresores e a sintomatoloxía.

Igualmente, as estratexias de afrontamento tamén modulan a sintomatoloxía. Os pacientes que utilizaban estratexias de afrontamento positivas (por exemplo, focalización no problema e procura de apoio social) tiñan menos sintomatoloxía ansioso-depresiva. Doutra banda, o uso de estratexias inadecuadas (por exemplo, auto-focalización negativa) correlacionaban positivamente cunha maior sintomatoloxía.

4 Conclusións

Os resultados son congruentes coa literatura. Consideramos que o estrés psicosocial é unha variable moi significativa nos pacientes que se atenden nas USM, relacionada tamén coa duración dos tratamentos e a tendencia á cronicidade dalgúns dos diagnósticos.

As variables mediadoras, apoio social e estratexias de afrontamento proporcionan unha estratexia terapéutica moi útil para o tratamento destes problemas.

“Os pacientes que utilizaban estratexias de afrontamento positivas (por exemplo, focalización no problema e procura de apoio social) tiñan menos sintomatoloxía ansioso-depresiva”.

COMUNICACIÓN ESCRITA-PÓSTER

TRABALLO PREMIADO NAS XXIII XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

UNHA EXPERIENCIA PRÁCTICA: TERAPIA DE GRUPO DE ADOLESCENTES, UNHA INTERVENCIÓN INTEGRADORA

Paula Marcos Carregal
Esther López Morcillo
Emma López Cerdido

PSICÓLOGAS INTERNAS RESIDENTES. COMPLEXO
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE FERROL

Eduardo Martínez Lamosa
PSICÓLOGO CLÍNICO

✉ paula.marcos.carregal@sergas.es

RESUMO: Os trastornos de ansiedade e do estado de ánimo comparten etioloxía e factores de risco comúns e frecuentemente son experimentados ao mesmo tempo. Os tratamentos transdiagnósticos teñen a capacidade de centrarse nos factores de vulnerabilidade comúns e abordar un conxunto amplo de problemas.

A crecente demanda de pacientes adolescentes e as limitacións presentadas nas unidades asistenciais para un tratamento cunha frecuencia adecuada impulsan a abrir novos métodos de traballo, a través dunha Terapia de Grupo, onde se traten contidos específicos relacionados co rol desempeñado, dunha maneira lúdica á vez que construtiva.

O obxectivo deste estudo é ofrecer datos preliminares sobre a implantación dun protocolo de Terapia de Grupo de Adolescentes como posible recurso para as Unidades de Saúde Mental, para a poboación de entre 16 e 18 anos da área sanitaria de Ferrol.

PALABRAS CLAVE: Terapia de grupo, adolescentes, transdiagnóstico, ansiedade, depresión..

ABSTRACT: Anxiety and mood disorders share a common etiology and risk factors and are often experienced at the same time. Transdiagnostic treatments have the ability to focus on common vulnerability factors and address a broad set of problems.

The growing demand of adolescent patients and the limitations presented in the care units for a treatment with an adequate frequency encourage to open new methods of work, through a Group Therapy, where specific contents related to the role played are treated, in a playful as well as constructive way.

The aim of this study is to provide preliminary data on the implementation of a protocol of Adolescent Group Therapy as a possible resource for Mental Health Units, for the population between 16 and 18 years of age in the health area of Ferrol.

KEY WORDS: Group Therapy, adolescent, transdiagnostic, anxiety, depression.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Material e método.
- 3 Resultados.
- 4 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Aláez Fernández, M., Martínez Arias, R. e Rodríguez Sutil, C. (2000). *Prevalencia de trastornos psicológicos en niños y adolescentes, su relación con la edad y el género*. *Psicothema*, 12(4).
- Angarita, G. P., Sandoval, A., e Umbarila, D. (2004). *Adolescencia y depresión*. *Revista colombiana de psicología*, 13(1), 13-28.
- Beyebach, M., e De Vega, M. H. (2016). *200 tareas en terapia breve: individual, familiar y de pareja*. Herder.
- Del Barrio Gandara, V. (2000). *La depresión infantil: factores de riesgo y posibles soluciones*. Aljibe.
- Fernandez Costello, E. J., Mustillo, S., Erkanli, A., Keeler, G. e Angold, A. (2003). *Prevalence and development of psychiatric disorders in childhood and adolescence*. *Archives of general psychiatry*, 60(8), 837-844.
- Grist, R., Croker, A., Denne, M. e Stallard, P. (2018). *Technology Delivered Interventions for Depression and Anxiety in Children and Adolescents: A Systematic Review and Meta-analysis*. *Clinical child and family psychology review*, 1-25.
- Fonseca-Pedrero, E. et al. (2011). *Prevalencia y características de la sintomatología depresiva en adolescentes no clínicos*. *Actas Esp Psiquiatr*, 39(4), 21725http:// http://www.p3-info.es/PDF/
- Sepúlveda Ramírez, M. G., Alcaíno Maldonado, C. A., García Acuña, G. A., Alcaíno Maldonado, C., Benzi Tobar, G., Castro Delgado, C. e Osorio Inostroza, E. (2012). *Psicoterapia evolutiva constructivista en niños y adolescentes: métodos y técnicas terapéuticas. Juegos, imágenes, diálogos*.
- Zhou, X., Zhang, Y., Furukawa, T. A., Cuijpers, P., Pu, J., Weisz, J. R. e James, A. C. (2018). *Different Types and Acceptability of Psychotherapies for Acute Anxiety Disorders in Children and Adolescents: A Network Meta-analysis*. *JAMA psychiatry*.
- Zubeidat, I., Fernández-Parra, A., Ortega, J., Vallejo, M. Á. e Sierra, J. C. (2009). *Características psicosociales y psicopatológicas en una muestra de adolescentes españoles a partir del Youth Self-Report/11-18*. *Anales de Psicología*, 25(1).

1 | Introducción

Existe un aumento na incidencia da depresión a idades temperás, ademais dun incremento das taxas ou intentos de suicidio, sendo un dos maiores problemas de saúde na sociedade actual, como o é a depresión no adulto (Angarita, 2004).

En estudos de prevalencia levados a cabo en España pódense atopar porcentaxes de entre un 4-14% (Del Barrio, 2000). De maneira similar, identifícase que ata o 10% dos nenos e o 20% dos adolescentes sufrirán dun trastorno de ansiedade (Essau et al. 2012). Tamén son importantes as cifras atopadas de síntomas subclínicos de ansiedade e depresión neste rango de idade, chegando a valores de entre un 20 e un 50%.

Nun estudo realizado sobre prevalencia de trastornos psicolóxicos en nenos e adolescentes cuxos pais solicitan tratamento psicolóxico nun Centro Comunitario de Saúde en Madrid (Aláez Fernández, 2000), viuse que na mostra de entre 14 e 18 anos, os trastornos de conduta son os máis prevalentes (cun 39%), seguidos de trastornos depresivos (19,5%) e ansiedade (un 11%).

A comorbilidade existente entre trastornos depresivos e de ansiedade nesta poboación é alta: atopouse que o 17% dos nenos diagnosticados de trastorno de ansiedade cumprían igualmente os criterios para o diagnóstico de trastorno depresivo (Anderson, Williams, McGee e Silva, 1987).

Se falamos de cifras de recorrencia, pódese dicir que é común na adolescencia: ata un 75% experimenta un episodio de depresión nos seguintes 5 anos (Lewinsohn et al. 2000).

Debido a que as taxas de casos de depresión continúan crescendo (en España estímase que hai máis de dous millóns de pacientes con depresión) e a que a idade de aparición da mesma é cada vez máis temperá, a presenza de síntomas depresivos subclínicos na adolescencia pode ser entendida como un importante factor predictor do risco de depresión na idade adulta.

Tamén espertou interese nos ámbitos académicos debido ao seu impacto nas aulas. Así, múltiples síntomas depresivos como a falta de concentración, a perda de interese, a falta de iniciativa, o retardo psicomotor, a baixa autoestima ou o illamento social poden ter un importante efecto negativo na execución escolar, traducido frecuentemente na obtención de menores cualificacións media fronte aos alumnos sen depresión.

Debido ademais a que a depresión adolescente ten un impacto negativo nas relacións e nas traxectorias de desenvolvemento, e a que aumenta o risco de intento e suicidio (Birmaher et al., 1996; Fletcher, 2008; Gould et al., 2003), converteuse hoxe en día nunha poboación de grande importancia. Os trastornos de ansiedade asóciase cun baixo rendemento académico e afectan negativamente as relacións, xunto co aumento do risco de depresión, a dependencia de drogas ilícitas e o baixo rendemento educativo na idade adulta temperá (KimCohen et al., 2003; Woodward e Fergusson, 2001).

Á luz destes datos, cobran importancia a detección de síntomas de ansiedade e depresión na adolescencia, así como a posibilidade de programas de intervención precoz, e novos métodos de traballo.

É por iso que ante a limitación de recursos para dar resposta ás necesidades da crecente demanda de pacientes adolescentes nas Unidades de Saúde Mental (USM), desenvolveuse desde a USM III do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol unha terapia de grupo de natureza transdiagnóstica e integradora, cuxo obxectivo



rawpixel.com

é a diminución de problemas internalizantes (ansiedade, depresión e somatizacións). O fin último é establecer un protocolo de colaboración con outras Unidades de Saúde Mental para cubrir de modo apropiado as necesidades desta poboación.

Descríbese aquí a intervención protocolizada, así como os datos da eficacia recollidos tras unha primeira experiencia.

2 Material e método

Os participantes da primeira Terapia de Grupo foron oito adolescentes de entre 16 e 18 anos, derivados á USM III. Primeiramente existe un proceso de cribado en que se buscaba un perfil de síntomas internalizantes, mediante unha entrevista individual. Posteriormente iníciase a terapia de grupo, de oito sesións con frecuencia semanal.

Para perfilar o contido das sesións, partiuse dunha revisión bibliográfica sobre as dificultades máis prevalentes de pacientes deste rango de idade, así como a forma de abordalos. Posteriormente realizouse unha análise descritiva da demanda existente na Unidade de Saúde Mental III do CHUF, a través dunha revisión das historias clínicas e da súa sintomatoloxía predominante. Posteriormente, tras unha avaliación das necesidades e da forma de abordaxe, decídese realizar un protocolo de Terapia de Grupo de natureza transdiagnóstica.

O contido das sesións incluíu unha serie de conceptos fundamentais, comúns e específicos deste grupo de pacientes: autoconceito, afecto negativo, distorsións cognitivas, rol social, proxectos vitais, relacións familiares, mentalización e resolución de conflitos.

Realizouse ademais, unha avaliación pre e post tratamento, mediante as ferramentas Child Behaviour Checklist (CBCL), Youth Self- Report (YSR), e o Cuestionario de Estilos de Afrontamento. Para a presente análise comparáronse as diferentes medidas a través de contrastes non paramétricos (proba de Wilcoxon para mostradas pareadas).

3 Resultados

Segundo o CBCL, que corresponde coa información achegada polos pais e/ou as nais dos pacientes, rexistráronse cambios estatisticamente significativos na subescala de Problemas de pensamento, pasando dunha puntuación T de 61 antes do tratamento a unha puntuación de 55 ao finalizar ($p=0,03$).

Doutra banda, nas probas autoinformadas polos propios pacientes (YSR), observáronse cambios tamén significativos na subescala de illamento, que pasou dunha puntuación T de 75 a outra de 72 ($p=0,05$).

En canto aos estilos de afrontamento, tamén se observaron cambios significativos en varias subescalas: un incremento en Buscar apoio social ($p=0,01$), Centrarse na solución ($p=0,01$), Acción social ($p=0,03$), Buscar axuda profesional ($p=0,01$) e Buscar diversións relaxantes ($p=0,03$); así como un descenso en Redución da tensión ($p=0,03$) e Reservalo para si ($p=0,02$).

“Realizouse unha análise descritiva da demanda existente na Unidade de Saúde Mental III do CHUF, a través dunha revisión das historias clínicas e da súa sintomatoloxía predominante”.

4 Conclusións

Viuse pois, que esta experiencia xerou un alto nivel de satisfacción por parte dos participantes, así como unha boa alianza entre eles e cos terapeutas. A terapia grupal tivo efectos, aínda que de maneira parcial, sobre a sintomatoloxía internalizante (especialmente na dimensión de illamento) e sobre as alteracións do pensamento. Doutra banda, mostrouse útil para actuar sobre outras variables de nivel medio, promovendo o uso de estilos de afrontamento máis funcionais (procura de apoio social, concentrarse na resolución, acción social, buscar axuda profesional e buscar diversións relaxantes) e reducindo outros estilos máis disfuncionais (redución da tensión, reservalo para si).

Ademais, tras oito meses da finalización da terapia de grupo, tan só un dos oito adolescentes volveu a necesitar consultas de psicoloxía clínica (con próxima alta na terapia individual).

As conclusións deben tomarse con cautela dado o reducido tamaño da mostra estudada. Nestes momentos, a existencia e a posta en marcha do protocolo de actuación permitiu a realización doutros dous grupos máis, cos que poderemos comprobar a veracidade dos resultados e a eficacia do mesmo.

Finalmente, podemos concluir que estes primeiros resultados botaron luz sobre as intervencións grupais que, adecuadamente deseñadas e planificadas para abordar as dificultades específicas dos pacientes, poden ser unha ferramenta útil no tratamento e a prevención da psicopatoloxía desde as Unidades de Saúde Mental.

UNA EXPERIENCIA PRÁCTICA: TERAPIA DE GRUPO DE ADOLESCENTES, UNA INTERVENCIÓN INTEGRADORA.

Marcos Carregal, P.; López Cerdeira, E.; López Morcillo, E.; Martínez Lamosa, E.

INTRODUCCIÓN

Hay una elevada comorbilidad entre los trastornos depresivos y los de ansiedad en la población adolescente. Este tipo de problemas pueden generar un gran impacto en su desarrollo psicológico, las relaciones sociales, el rendimiento académico o incrementar el riesgo de suicidio y de conductas de abuso o dependencia de sustancias.

Ante la limitación de recursos para dar respuesta a las necesidades de la creciente demanda de pacientes adolescentes en las Unidades de Salud Mental, surgen **nuevos métodos de trabajo** destinados a esta población: las terapias de grupo permiten dar una respuesta asistencial con una frecuencia adecuada, posibilitan la interacción entre sus participantes y ofrecen un rico contexto de aprendizaje y modelado mutuo.

En la Unidad de Salud Mental (USM-8) del Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol se desarrolla una **terapia de grupo de naturaleza transdiagnóstica e integradora**, cuyo objetivo es la disminución de problemas internalizantes (**ansiedad, depresión y somatización**). El fin último de esta experiencia es establecer un protocolo de colaboración con otras Unidades de Salud Mental para cubrir de modo apropiado las necesidades de esta población.

Se describe aquí la intervención protocolizada, así como los datos de la eficacia recogida tras esta primera experiencia.

MATERIAL Y MÉTODO

